

PROXECTO CURRICULAR DE ÁREA
DEPARTAMENTO DE
LINGUA GALEGA E LITERATURA
(ESO E BACHARELATO)

CURSO 2018/19

IES VALLE INCLÁN

PONTEVEDRA

Índice:

1. Introducción	5
1.1. O IES Valle Inclán	5
1.2. Aplicación da LOMCE	6
2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	8
2.1. INTRODUCCIÓN	8
2.2. PRINCIPIOS XERAIS, FINALIDADE E OBXECTIVOS	10
2.3. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	12
2.4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	16
2.5. O TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS	16
2.6. CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA	17
2.7. PRIMEIRO CURSO DA ESO	19
2.7.1. OBXECTIVOS	19
2.7.2 ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES	22
2.7.2 ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, 2.7.3. PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL	36
2.7.4. LIBRO DE TEXTO	36
2.7.5. TEMPORALIZACIÓN	36
2.7.6. PLAN LECTOR	36
2.7.7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	38
2.7.8. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	41
2.7.9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: AGRUPAMENTOS DE REFORZO	44
2.8. SEGUNDO CURSO DA ESO	46
2.8.1. OBXECTIVOS CONCRETOS DO CURSO	47
2.8.2. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIDOS	49
2.8.3 PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL	67
2.8.4 LIBRO DE TEXTO	67
2.8.5. TEMPORALIZACIÓN	67
2.8.6. PLAN LECTOR	68
2.8.7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	68
2.8.8. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	72
2.8.9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: AGRUPAMENTOS DE REFORZO	75
2.8.10. ALUMNADO DE EXENCIÓN 2º IDIOMA	76
2.9. TERCEIRO CURSO DA ESO	79
2.9.1. OBXECTIVOS CONCRETOS DO CURSO	79
2.9.2. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES	81
2.9.3. PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL	102
2.9.4. LIBRO DE TEXTO	102

2.9.5. TEMPORALIZACIÓN.....	102
2.9.6. PLAN LECTOR	102
2.9.7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.....	103
2.9.8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	112
2.9.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN	115
2.10. CUARTO CURSO DA ESO.....	117
2.10.1. OBXECTIVOS CONCRETOS DO CURSO	117
2.10.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E MÍNIMOS ESIXIDOS	119
2.10.3. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	141
2.10.4. LIBRO DE TEXTO	141
2.10.5 TEMPORALIZACIÓN.....	141
2.10.6 PLAN LECTOR.....	141
2.10.7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	143
2.10.8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	152
3. BACHARELATO	158
3.1. OBXECTIVOS PARA BACHARELATO	158
3.1.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA	159
3.2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA	161
3.2.1. CRITERIOS METODOLÓXICOS.....	161
3.2.2. ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	162
3.3. 1º BACHARELATO.....	163
3.3.1. OBXECTIVOS CONCRETOS DO CURSO	163
3.3.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E MÍNIMOS ESIXIDOS	165
3.3.3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	194
3.3.4. LIBRO DE TEXTO	195
3.3.5. TEMPORALIZACIÓN.....	195
3.3.6. PLAN LECTOR	195
3.3.7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.....	197
3.3.8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	203
3.3.9. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	206
3.4. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO	207
3.4.1. OBXECTIVOS CONCRETOS DE SEGUNDO DE BACHARELATO	207
3.4.2. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES	209
3.4.3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	233
3.4.4. LIBRO DE TEXTO	234
3.4.5. TEMPORALIZACIÓN.....	234
3.4.6. PLAN LECTOR	234
3.4.7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.....	235
3.4.8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	241
3.4.9. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	243
4. EDUCACIÓN PARA ADULTOS.....	244
4.1. INTRODUCCIÓN	244
4.2. PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO.....	246
4.3. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO.....	248

5. ALUMNADO COA MATERIA DO CURSO ANTERIOR PENDENTE	250
6.ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	252
7.CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	253

1. Introdución

1.1. O IES Valle Inclán

O IES “Valle Inclán” está situado en Pontevedra na Gran Vía de Montero Ríos, S/N, nun edificio de comezos do século XX que funcionou ata os anos sesenta como único instituto da cidade. Entre as súas instalacións conta con ximnasio, vinte e seis aulas ordinarias, dúas de diversificación, dúas de desdobres, unha de apoio, biblioteca, tres laboratorios - física, química e CC.NN-, aula de informática, aula de tecnoloxía, paraninfo, sala de profesores, despachos, oficinas e conserxería.

Os plans ou proxectos nos que participa o profesorado son: Convivencia escolar, implantación das TIC, lector e lingüístico.

Neste curso 2018-2019 impártense en horario diúrno ensinanzas de ESO (16 unidades cun total de 456 alumnos/as) e Bacharelato ((10 unidades) 227 alumnos/as). En horario nocturno (adultos) Bacharelato ((2 unidades que se desdobran nas materias de modalidade) 73 alumnos/as (total alumnado do centro 756). Tamén en horario de tarde alberga unha sección de Inglés da EOI cun número aproximado de 600 alumnos/as (desde básico a avanzado), catro profesores/as e cinco aulas. Os venres pola tarde o centro cede catro aulas á FANPA para impartírense clases de inglés.

Atende a unha poboación que reside maioritariamente no centro da cidade e que pertence, a grandes trazos, á clase media. Esta procedencia social e urbana é a que explica que tamén unha inmensa maioría do alumnado sexa castelán falante e que arrastre aínda graves prexuízos contra o galego, malia a concenciación realizada fundamentalmente nas aulas de Lingua Galega. Os alumnos e alumnas galego falantes proceden case exclusivamente do medio rural e, con frecuencia, mudan de código en función do contexto extralingüístico, rematando, en moitos casos, por aparcar a súa lingua cando se comunican cos demais compañeiros castelán falantes. Polo tanto, a miúdo, temos que enfrontarnos ao rexeitamento ou menosprezo da materia, o que nos obriga a dedicarlle máis tempo, do que sen dúbida sería necesario nun ambiente favorable, ao traballo coas actitudes lingüísticas.

En novembro de 2015 a Consellería de Educación promoveu a a recollida de datos dun cuestionario sobre a convivencia nos centros educativos de Galicia para contar cunha primeira diagnose que permitise elaborar posteriormente un plan de convivencia definitivo . Estes cuestionarios cubríronos todos os sectores da comunidade educativa. Das súas respostas podemos extraer unha serie de conclusións. A convivencia do centro mellorou nos últimos tres anos. A percepción das familias e do profesorado é similar. Á pregunta sobre se consideran que existen problemas de convivencia no centro, hai unha diferenza importante entre a resposta dos alumnos e das alumnas. Elas perciben máis conflitividade; malia todo, o medio sería: **non** (71,4%) e **si** un 28,6%). O profesorado opina que só existen problemas puntuais (80%). A resposta das familias é similar: **non** (33,3%), de xeito puntual (44,4%) e **si** (14,8). O PAS afirma que **si** existen problemas puntuais nunha porcentaxe do 75%. e **non** un 25%.

Polo tanto podemos dicir que é un centro sen graves problemas de convivencia e con poucos conflitos.

1.2. Aplicación da LOMCE:

O curso 2016/ 2017 completouse a entrada en vigor da LOMCE (Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa) ao facelo nos cursos pares de ESO e BACHARELATO (2º ESO, 4º ESO e 2º BACH.)

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e , polo tanto, por el imos guiarnos na elaboración desta programación de área.

Este currículo está integrado por:

Os obxectivos

As competencias

Os contidos

Os criterios de avaliación

Os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeles

A metodoloxía didáctica

Como competencias clave do currículo figuran as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O decreto establece así mesmo que se potenciará o desenvolvemento da **competencia de comunicación lingüística**, da **competencia matemática** e das **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**.

Asemade que a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

A nivel xeral debemos lembrar que a lei presenta unha nova configuración curricular que establece o agrupamento de materias en tres bloques:

- TRONCAIS
- ESPECÍFICAS
- DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA.

Precisamente a disciplina de Lingua Galega e Literatura atópase dentro deste último bloque.

“Neste bloque encádrase o desenvolvemento curricular da disciplina de Lingua Galega e Literatura, competencia exclusiva da comunidade autónoma, á que lle corresponde un tratamento análogo ao da disciplina de Lingua Castelá e Literatura, tratamento que se enmarca dentro do establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.” (DOG, 29 xuño 2015).

2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

2.1. INTRODUCCIÓN

A Educación Secundaria Obligatoria está deseñada para acoller os alumnos e alumnas de 12 a 16 anos sen excepción, o que ten como principal consecuencia a imprescindíbel atención á diversidade, único xeito de dar resposta á pluralidade de necesidades, aptitudes e intereses deste alumnado.

Ademais, nela coexisten a dimensión propedéutica e a terminal. Debe atender á formación integral do alumnado, porque, ao rematar, haberá unha parte que finalice os seus estudos. E ten que atender á formación específica que se precisará para cursar a Educación Secundaria Postobligatoria.

A finalidade deste Deseño Curricular é a mellora da competencia comunicativa do alumnado, concretada no desenvolvemento das catro capacidades básicas que a configuran: comprender/falar; ler/escribir; por iso se reitera a idea de que o traballo debe orientarse a afianzar e desenvolver as capacidades comprensivas e expresivas e non só ao coñecemento, case sempre efémero, dos aspectos formais da lingua, pois estes deben servir para a mellora da competencia comunicativa do alumnado.

Non podemos deixar de sinalar, aínda que xa se saiba, que estas ideas son válidas para o ensino e aprendizaxe de calquera lingua pero máis para unha como a galega, por mor dos problemas sociolingüísticos aos que se ten que enfrontar, a causa dos cales, en moitos casos, o noso alumnado está lonxe de posuír a competencia necesaria para desenvolverse con normalidade en situacións cotiás, como poden ser unha conversa espontánea ou a redacción dun texto determinado. Esta anormal situación sociolingüística leva a que non poidamos esquecer o papel relevante que podemos -e debemos- xogar nas nosas clases, tanto na mellora das destrezas lingüísticas como na superación de prexuízos e actitudes negativas e na normalización social da lingua.

Se o ensino da lingua e da literatura debe favorecer a aprendizaxe das habilidades comunicativas, é obvio que non chega coa aprendizaxe duns saberes lingüísticos que por si sós non garanten a mellora das súas capacidades expresivas e comprensivas. Se queremos que os alumnos e as alumnas saiban comunicarse e expresarse, a educación lingüística e literaria debe axudalos a mellorar a súa competencia comunicativa nas diversas situacións. Isto é aínda máis necesario no noso centro, xa que recibe case todo o alumnado do ámbito urbano, polo que ten

escasas oportunidades de desenvolver a súa competencia fóra das aulas ao non atopar un contexto cotián no que o uso do galego sexa habitual. De aí a importancia do ámbito escolar como espazo privilexiado para un uso normalizado da lingua.

Eis o noso labor: o traballo debe orientarse ao dominio dos mecanismos verbais e non verbais de comunicación e representación que constitúen a base de toda interacción comunicativa e, xa que logo, de calquera aprendizaxe escolar e social. A educación lingüística e literaria debe facer posíbel o maior grao de competencia comunicativa do alumnado no uso da lingua e contribuír ao dominio das destrezas lingüísticas básicas (comprender, falar, ler, escribir) na vida das persoas, sen esquecer que os problemas sociolingüísticos que ten hoxe o galego condicionan o deseño e a realización das actividades na aula.

O uso que o alumnado fai da lingua fóra das aulas, a consideración social do idioma, as normas non escritas que configuran o seu uso nos diferentes ámbitos, a presenza escasa e subordinada do galego nos medios de comunicación... son algúns dos factores que fan ilusoria a pretensión dunha práctica docente igual á que se podería dar se a lingua estivese socialmente normalizada. A clase non é un mundo illado, e o alumnado percibe con claridade unha situación así. Isto inflúe, queirámolo ou non, no traballo da aula, polo que é mester telo en conta á hora de definir calquera proposta curricular.

Isto non quere dicir que as clases de Lingua Galega e Literatura deban xirar ao redor da reflexión sobre os problemas sociais da lingua ou do traballo dirixido a un necesario fomento de actitudes positivas. Estes son imprescindíbeis, pero a finalidade principal ten que ser, como xa dixemos, o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado. E precisamente porque ese é o obxectivo principal, os problemas sociais da lingua teñen que estar presentes, como pano de fondo, en todas as actividades que desenvolvamos.

Un dos fenómenos máis relevantes desa anómala situación é o feito de que persoas que na súa vida persoal se expresan preferentemente en galego, en certos contextos e ámbitos sociais agáchano e exprésanse en castelán. Pódese así falar dunha invisibilidade social do galego, que se explica porque os comportamentos lingüísticos aparecen condicionados polos prexuízos sociais, prexuízos diglósicos que funcionan como leis non escritas interiorizadas polo conxunto da poboación. Esta invisibilidade vese reforzada por unha ampla gama de factores. O caso dos medios de comunicación de masas, sobre todo os escritos, quizais sexa o máis evidente, pois neles este proceso de ocultamento da lingua é clamoroso, ao reproducir en castelán case toda a vida social que se fai en galego. Como consecuencia, o galego ten unha presenza social moito menor da que lle correspondería, e o seu uso parece estar proscrito en certos ámbitos e funcións. Podemos dicir que, en certo sentido, é unha lingua oculta. Esta ocultación social (é dicir, a súa situación minorizada: sendo maioritaria, parece que non o é) é un fenómeno que, con maior ou menor

intensidade, se estende por toda Galicia, acadando dimensións preocupantes nalgúns ámbitos urbanos, como é o noso.

Os principais atrancos para o uso normalizado do galego nos distintos ámbitos sociais teñen a súa orixe na existencia de prexuízos e actitudes negativas cara á lingua (o cambiar de lingua cando o interlocutor fale en castelán; o comportamento lingüístico cos nenos e adolescentes, utilizando decote o castelán, mesmo se son galego-falantes; a asociación do galego co atraso, pobreza ou ruralismo; a crenza de que a súa utilización é un síntoma de localismo, etc.). Neste sentido, cabe afirmar que o problema da invisibilidade social do galego só desaparecerá cando estes prexuízos deixen de ter a extensión social que teñen hoxe. É evidente que as nosas clases poden -e deben- xogar un papel determinante nesta muda das actitudes nas novas xeracións, que de feito xa teñen menos prexuízos e actitudes negativas, posibelmente debido ao aumento do prestixio social da lingua e á súa presenza no ámbito académico. É máis, nunha boa porcentaxe da mocidade -sexa ou non galego-falante- hai unha significativa presenza de actitudes positivas cara á lingua galega e a súa normalización social.

2.2.PRINCIPIOS XERAIS, FINALIDADE E OBXECTIVOS

(DOG 29-6-2015):

1. Principios xerais:

- O carácter obrigatorio e gratuíto
- A especial atención que se prestará á orientación educativa e profesional do alumnado.
- A súa organización de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade.
- As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

2. Finalidade:

A finalidade deste período de formación é lograr que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e traballo,

preparalos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

3. Obxectivos xerais:

- Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.3.CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS

COMPETENCIAS BÁSICAS

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

- **Comunicación lingüística (CCL)**

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular. Segundo a relevancia que teñen en cada unidade didáctica resáltanse distintos aspectos desta competencia.

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita, todo o cal contribúe, ademais, ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.

Comunicarse e conversar son accións que supoñen habilidades para establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, así como para achegarse a novas culturas, que adquiren consideración e respecto na medida en que se coñecen. Por iso, a competencia de comunicación lingüística está presente na capacidade efectiva de convivir e de resolver conflitos.

A lingua, como ferramenta de comprensión e representación da realidade, debe ser instrumento para a igualdade; para a construción de relacións, en termos de igualdade, entre mulleres e homes; para a eliminación de estereotipos e expresións machistas ou xenófobas. A comunicación será o eixe da resolución pacífica de conflitos na comunidade escolar.

Escoitar, expoñer e dialogar implica ser consciente dos principais tipos de interacción verbal, ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ao contexto. Supón tamén a utilización activa e efectiva de códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións, para producir textos orais adecuados a cada situación de comunicación.

Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información, e ser competente á hora de comprender, compoñer e utilizar

distintos tipos de textos con intención comunicativas ou creativas diversas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da lingua escrita e é, ademais, fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber, todo o cal contribúe pola súa vez a conservar e mellorar a competencia comunicativa.

A habilidade para seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística (o diálogo, a lectura, a escritura, etc.) está vinculada a algúns trazos fundamentais desta competencia, como as habilidades para representarse mentalmente, interpretar e comprender a realidade, e organizar e autorregular o coñecemento e a acción dotándoos de coherencia.

Comprender e saber comunicar son saberes prácticos que se deben apoiar no coñecemento reflexivo sobre o funcionamento da lingua e as súas normas de uso, e implican a capacidade de tomar a lingua como obxecto de observación e de análise. Expressar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais implica o coñecemento e a aplicación efectiva das regras de funcionamento do sistema da lingua e das estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dun xeito adecuado.

Ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da lingua en función do contexto e da intención comunicativa implica a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas; de ler, de escoitar, de analizar e de ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico; de expresar adecuadamente -en fondo e forma- as propias ideas e emocións, e de aceptar e realizar críticas con espírito construtivo.

En síntese, o desenvolvemento da competencia lingüística ao final da educación obrigatoria comporta o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos e estes contextos son os que permiten o desenvolvemento da práctica totalidade do resto das competencias básicas. Malia todo imos engadir información concreta respecto das mesmas:

○ **Competencia dixital (CD)**

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballarase o seguinte:

Empregar distintas fontes para a busca de información.

Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.

Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

○ **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia e farémolo incidindo nos seguintes aspectos:

Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.

Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

○ **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia. Todo iso tratará de acadarse adestrando os seguintes aspectos:

Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.

Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.

Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

○ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Traballarase, pois, con:

A optimización dos recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.

A asunción de responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

A constancia no traballo, superando as dificultades.

Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.

Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.

Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

○ **Aprender a aprender (CAA)**

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Traballarase de maneira prioritaria:

A identificación de potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...

A xestión dos recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.

Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

2.4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

As unidades didácticas dos libros do alumnado amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades dos alumnos considerados individualmente e como grupo.

Partindo deste proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

Adaptar o material didáctico.

Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.

Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.

Organizar grupos de traballo flexíbeis.

Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

2.5. O TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS.

Podemos amosar a vinculación coa educación moral, cívica, para a paz e para a igualdade de oportunidades entre sexos por medio do fomento ao desenvolvemento de actitudes como:

-Valoración positiva da realidade plurilingüe e pluricultural de España.

-Sensibilidade cara á calidade dos textos propios e alleos como medio para asegurar unha comunicación fluída e clara.

-Respecto polas normas básicas da lingua.

-Valoración da lingua como produto e proceso sociocultural e como vehículo de transmisión e creación cultural.

-Valoración crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación social e a publicidade, mostrando especial sensibilidade cara aos que supoñen unha discriminación social, sexual, racial, etc.

-Valoración crítica dos prexuízos sexistas e recuperación e integración do patrimonio literario das mulleres.

Tamén a educación para o consumo cobra importancia subliñando actuacións vinculadas a contidos do seguinte tipo:

-Utilización das novas tecnoloxías para a produción, manipulación de textos e tratamento da información.

-Interese polo uso das bibliotecas e respecto polas normas que rexen a súa utilización.

-Desenvolvemento de gustos persoais na elección das lecturas.

-Iniciativa e voluntariedade pola lectura de textos literarios de diferentes épocas e autores.

-Actitude de busca de canles comunicativas creativas e persoais.

-Sensibilidade estética ante as producións literarias propias e alleas, valorando os elementos creativos e innovadores destas.

2.6. CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grao de protagonismo.

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a **vinculación a contextos reais** e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos alumnos.

Por todo o cal as liñas metodolóxicas xerais deberán:

- * Fomentar a participación e a reflexión, tanto individual como en grupo.
- * Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos e ideas.
- * Fomentar a formulación de hipóteses.
- * Buscar, seleccionar e tratar a información.
- * Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización.
- * Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
- * Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- * Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.
- * Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

Estes propósitos intégranse na proposta de contidos para cada curso que mostramos a continuación e que toma corpo nas unidades didácticas do libro do alumno.

2.7.PRIMEIRO CURSO DA ESO

INCORPORACIÓN AO PROXECTO E-DIXGAL

O pasado curso escolar o IES Valle Inclán, dando continuidade á súa adscrición á rede ABALAR, incorporouse ao PROXECTO E-DIXGAL que afecta a 1º e 2º de ESO.

A materia de Lingua e Literatura galega é unha das que traballou con este proxecto que implica, como é sabido, que o desenvolvemento da actividade educativa se realice cos medios que proporcionan as TIC facilitando aos centros adscritos á Rede Abalar a dispoñibilidade de libros e outros materiais dixitais cos que poidan levar a cabo o seu proxecto curricular.

Este novo curso, polo tanto, estes dous cursos da ESO van seguir traballando a través desta plataforma dixital.

De calquera xeito existe a posibilidade de utilizar tamén como material de apoio libros ou outro tipo de material didáctico.

2.7.1. OBXECTIVOS

Consideramos que os obxectivos concretos para este 1º curso da ESO son:

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.
12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.
22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
28. Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízos lingüísticos.
29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
31. Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.

2.7.2 ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES

Ao desenvolvemento do currículo que presenta a lei (DOG-29-6-15) engadimos os mínimos esixibles para a consecución dos estándares.

LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º ESO
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Contido	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias	Mínimos esixibles
B.1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.	LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos	CCL,CAA	Comprender o contido dunha noticia radiofónica. Resumir o seu contido.
B.1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).	B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e académico. LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía	CCL,CAA	Recoñecer a idea xeral e a intención comunicativa dun texto oral sinxelo.
B.1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas	LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton,	CCL,CSC,CAA, CSIE	Manter as normas de respecto e cortesía que rexen na comunicación oral. Recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos e dos códigos non verbais.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

		timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal		
B.1.4. escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos	B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	CCL,CAA,CAS	Identificar a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.
B.1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade	B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.	LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.	CD,CAA,CSEIE, CCL	Coñecer e aplicar , con axudas das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais.
B.1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CCL,CAA,CCEC	Valorar e respectar as regras de pronuncia da lingua galega
B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á		

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

<p>espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p>	<p>á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p>	<p>situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).</p> <p>LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado</p>	<p>CCL,CSC</p>	<p>Producir textos breves , adecuados e correctos en intervencións espontáneas.</p>
<p>B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).</p>	<p>B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).</p>	<p>LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito académico, respectando as regras de interacción.</p> <p>LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.</p>	<p>CCL,CSC</p>	<p>Intervir en debates ou exposicións respectando as regras de interacción, intervención e cortesía.</p>
<p>B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.</p>	<p>B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.</p>	<p>LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.</p> <p>LGB1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade</p> <p>LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.</p> <p>LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.</p> <p>LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.</p>	<p>CAA,CCL,CSC, CSIEE</p>	<p>Producir textos orais planificados de temas seleccionados onde se demostre o coñecemento das técnicas e estratexias para falar en público.</p>

		LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.		
B.1.10 Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.	B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	CCL,CSC,CSIEE ,CCEC	Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
B.2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva	B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva	LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos. LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas. LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto. LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.). LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet. LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	CCL,CCA,CD	Subliñar, esquematizar e resumir diferentes tipos de texto. Utilizar o dicionario para coñecer o significado de termos descoñecidos

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

B.2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.	B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.	LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.	CCL,CSC	Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.
B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.	B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial	CCL,CSC	Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación: noticias, sucesos.
B.2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes	B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito académico do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes	LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida académica: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes. LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.	CCL,CAA,CD, CSC	Comprender, interpretar e sintetizar textos do ámbito académico do alumnado: narrativos, descritivos e expositivos
B.2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	CCL,CAA,CD	Utilizar a biblioteca e as TIC, de forma guiada, para obter modelos de composición escrita que logo reproducirán segundo se lles indique.
B.2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que	B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten	LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten		

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación	prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios. LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.	CCL,CSC	Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos lingüísticos
B.2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación	B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego. LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.	CCL,CD	Ler con fluidez e corrección un texto.
B. 2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente	B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto. LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa. LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal. LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas). LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	CCL,CD	Planificar e producir textos con adecuación, coherencia, cohesión, respectando as normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

B.2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil	B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil	Producir, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá e das relacións sociais: Cartas, notas, mensaxes	Producir, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá e das relacións sociais: notas, mensaxes
B.2.10. Producción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital	LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital. LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias	CCL,CD,CSC	Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos tipo noticia.
B.2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas	B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas	CCL,CD	Producir, en soporte impreso ou dixital, textos da vida académica: resumos e exposicións sinxelas.
B.2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	CCL	Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións e exposicións
B.2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos	B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.	LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación. LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía	CCL,CD	Usar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

B.2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.	B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.	LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas. LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.	CCL,CAA	Participar nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas e mostrar unha actitude positiva de superación ante o erro.
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
B.3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.	CCL	Empregar o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos. de uso formal e informal da lingua.
B.3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.	B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	CCL,CAA	Pronunciar correctamente os fonemas propios da lingua galega.
B.3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.	B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	CCL,CD	Saber utilizar os dicionarios e as tic para consultar e resolver dúbidas.
B.3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega	B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.	CCL	Respectar as normas gramaticais en textos orais e escritos.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

B.3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	CCL	Usar a puntuación de acordo coa cohesión textual.
B.3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.	B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas	CCL,CAA	Recoñecer as clases de palabras e distinguir as flexivas das non flexivas.
B.3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.	B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal	LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.	CCL,CAA	Recoñecer a deíxe persoal e a súa función de cohesión textual.
B.3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos	B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).	LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.	CCL,CAA	Recoñecer os conectores textuais máis comúns.
B.3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto	B3.9. Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia. LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.	CCL,CAA	Usar as regras da concordancia na elaboración de textos. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.
B.3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas,	B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas,	LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas	CCL,CAA	Recoñecer as modalidades oracionais

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor	dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	en relación coa intención comunicativa do emisor		
B.3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso	B3.11. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación	CCL,CAA	Recoñecer os erros nas producións orais e escritas propias e alleas.
B.3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B.3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL,CAA,CD	Participar en proxectos relacionados cos elementos transversais.
B.3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada	B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL,CAA	Comparar textos en varias linguas próximas ao alumno: castelán, francés, portugués, inglés, etc e traducir enunciados e palabras dunhas a outras utilizando os coñecementos adquiridos sobre as mesmas.
Bloque 4. Lingua e sociedade				
B.4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.	LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de	CCL	Valorar as linguas como medio de expresión, de relación e como sinal de identidade dun pobo.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

		<p>elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.</p> <p>LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia.</p> <p>LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.</p>		
B.4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade	B4.2. Valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.	LGB4.2.1 Valora o plurilingüismo como riqueza cultural da humanidade	CCL	<p>Recoñecer e valorar o plurilingüismo como riqueza cultural.</p> <p>Identificar diferentes exemplos de países plurilingües e a súa situación sociolingüística.</p> <p>Coñece e valora as linguas de España.</p>
B.4.3. A lusofonía.	B4.3. Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.1. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.	CCL,CSC	Recoñecer a importancia da lusofonía.
B.4.4. Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.	B4.4. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado.	<p>LGB4.4.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado</p> <p>LGB4.4.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega</p> <p>LGB4.4.3 Coñece e valora os antropónimos galegos.</p>	CCL,CSC	<p>Describir a situación sociolingüística de Galicia partindo do estudo do seu contexto familiar.</p> <p>Valorar a importancia de contribuír individualmente á normalización da lingua galega.</p>
B.4.5. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos	B4.5. Desenvolver actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidade de	LGB4.5.1. Desenvolve actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego que favorezan o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso.	CCL,CSC	<p>Desenvolver actitudes positivas cara ao galego.</p> <p>Comprender a necesidade da potenciación do uso normalizado da lingua galega.</p>

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega	enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega	LGB4.5.2. Comprende a necesidade de potenciar o uso normalizado da lingua galega.		
B4.6. Situación sociolingüística e legal das linguas de España	B4.6. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.	LGB4.6.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais	CCL,CCEC	Coñece a situación sociolingüística e legal das linguas de España
B4.7. Prexuízos lingüísticos.	B4.7. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.7.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	CCL CSC	Identificar prexuízos lingüísticos. Dar exemplos da súa contorna.
B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.	B4.6. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.	LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural. LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.	CCL CCEC	Recoñece as principais variantes diatópicas do galego e os fenómenos máis importantes que as caracterizan. Aprecia estas variantes como símbolo de riqueza lingüística e cultural
Bloque 5. Educación literaria				
B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e	B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa	LGLB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu	CCL	Ler textos literarios e recoñecer neles trazos literarios. Ler obras literarias, de maneira guiada, e emitir un xuízo ou opinión argumentada

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto					
B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais	B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais	LGLB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes. LGLB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	CCL	Diferenciar e caracterizar os tres xéneros literarios.	
B5.3. Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.	LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.	CCL	Ler expresiva e comprensivamente diferentes textos poéticos.	
B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.	B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.	LGLB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.	CCL	Ler expresiva e comprensivamente diferentes textos narrativos.	
B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	LGLB5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	CCL	Ler expresiva e comprensivamente diferentes textos dramáticos	
B5.6. Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	CCL,CCEC	Escribir textos sinxelos de intención literaria, empregando diferentes recursos retóricos.	

<p>B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.</p>	<p>B5.7. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas</p>	<p>LGLB5.7.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística. LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios. LGLB5.7.3. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística. LGB5.7.4. Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios</p>	<p>CCL,CCEC</p>	<p>Describir os trazos definitorios básicos do cómic e da canción.</p>
<p>B5.8.Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo</p>	<p>B5.8. Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo</p>	<p>LGLB5.8.1. Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.</p>	<p>CCL,CD</p>	<p>Ser quen de buscar información tanto na biblioteca do centro como nas virtuais, seguindo unha pautas básicas proporcionadas polo profesor.</p>

2.7.3. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira semana do curso realizarase a cada grupo unha proba escrita de avaliación inicial que permita ao profesorado coñecer con maior precisión o nivel de competencias acadado, os coñecementos reais de cada alumno e detectar os posibles problemas que poidan existir. Asemade, tamén nas primeiras semanas, o Departamento de Orientación convoca o profesorado, para levar a cabo unha sesión de avaliación inicial, ou avaliación 0, isto é: informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesorado, información recadada na avaliación inicial de cada materia, etc.

Estas dúas medidas axudan a coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas axeitadas., para solicitar a intervención doutros sectores se é necesario (titor, xefatura de estudos, departamento de orientación, familia...) e establecer unha primeira guía de actuación para corrixir estes.

Esta proba de avaliación inicial inclúe:

- Cuestións sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores.
- Actividades de comprensión e expresión a traves dun texto escrito ou oral para avaliar a comprensión lectora e a competencia comunicativa.
- Breve cuestionario sobre o uso da lingua galega en diferentes ámbitos.

2.7.4. LIBRO DE TEXTO

Libro dixital da plataforma E-dixgal

2.7.5. TEMPORALIZACIÓN

Na 1ª avaliación estudaranse as unidades 1 á 4.

Na 2ª avaliación da 5 á 8.

Na 3ª avaliación da 9 á 12.

Ao estudo de cada unidade adicaranse aproximadamente oito sesións, aínda que o número das mesmas poderá verse incrementado ou mesmo diminuído en función da resposta de aprendizaxe que se vaia acadando por parte do alumnado ao longo do seu desenvolvemento.

O profesorado terá liberdade, non obstante, para alterar a orde dos temas se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

2.7.6. PLAN LECTOR

O alumnado contará cunha listaxe de lecturas que serán avaliadas en cada trimestre. Delas, tres son de lectura obrigatoria, unha por avaliación, e o resto son voluntarias, o que lles permite optar ou non pola súa lectura. A posibilidade desta opción queda condicionada pola

demostración da lectura da obra obrigatoria, é dicir, se un alumno ou alumna non demostra ter lido a totalidade da obra de lectura obrigatoria correspondente non se lle terán en conta, se as houber, a/s posible/s lectura/s optativa/s.

Ás obras de lectura obrigatoria dedicaráselle polo menos unha clase semanal para ler, comentar, explicar e analizar as cuestións que o profesor estime oportuno ou que xurdan por parte do alumnado.

A proba do libro de lectura obrigatoria obterá unha cualificación que suporá o 15% da nota global da avaliación.

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase cun máximo de 0,5 puntos (en ningún caso poderán sumar máis de 2 puntos en total) na avaliación correspondente, que se sumarán á nota media obtida nos demais apartados avaliábeis, sempre e cando esta non sexa inferior a un 4.

Lecturas:

Obrigatorias (unha por avaliación):

Historias e algún percance todos ditos en romance, Antón Cortizas

Tristes armas, Marina Mayoral

Memorias dun neno labrego, Xosé Neira Vilas

Voluntarias: (ofertaranse cinco por avaliación)

Palabras de auga, Marcos Calveiro

Os seres con raíces na cara, Ann Alfaya

Os megatoxos e o aprendiz de druída, Anxo Fariña Temprano

Os megatoxos e a espada esmeralda, Anxo Fariña

Fedorenta, unha meiga porcallenta, Kaye Umansky

Os mornias, Lola González

Os Megatoxos e a cara oculta de lúa, Anxo Fariña

Ás de mosca para Anxo, Fina Casalderrey

Os Megatoxos e os templarios da luz, Anxo Fariña

Os Megatoxos e o dragón de xade, Anxo Fariña

Amigos en tempo real, Ramiro J. Álvarez

O neno can, Fina Casalderrei e Francisco Castro

Contos por palabras, Agustín Fernández Paz

Usha, María Reimóndez

Dúas bágoas por Máquina, Fina Casalderrei

2.7.7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

No desenvolvemento das distintas unidades didácticas obteranse resultados de aprendizaxe vinculados aos estándares que inclúe o currículo da materia, para avaliar eses resultados farase necesario planificar a realización e recollida de probas que mostren o nivel de consecución do estándar, así como a súa evolución ao longo do curso.

A seguir **detallamos as actividades de aprendizaxe avaliáveis** relacionándoas cos bloques de contido:

BLOQUE 1. Comunicación oral. escoitar e falar .

- Lectura de textos axustándose á pronuncia e prosodia do galego e asociando correctamente as grafías coa súa pronuncia.
- Emprego e incorporación de léxico variado e preciso (en relación co tema) axeitado á situación comunicativa.
- Resumos do contido de textos breves nunha oración.
- Recoñecemento e valoración de distintos prexuízos, tanto vellos como novos, asociados aos usos da lingua galega.
- Elaboración planificada de diferentes tipos de textos orais (temas relacionados cos libros de lectura obrigatoria, presentación propia ou biografía dun personaxe do seu interese, novas ou sucesos, anécdotas ou chistes, historia ou conto popular, exposición sobre un tema do seu interese, conversas ou diálogos, debate, etc.): esquemas, recursos, quendas de intervención, etc.
- Producción dos textos mencionados anteriormente, individualmente, en parella ou en grupo.
- Emprego das TIC para a elaboración de textos orais: presentación, debate, etc.
- Producción de textos axustados a diferentes finalidades (exposición, presentación, etc.) dun xeito fluído
- Producción de textos e intervencións orais de maneira fluída e natural, facendo uso dos códigos non verbais.

BLOQUE 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Identificación da idea ou mensaxe central que traslada un texto.
- Resumos de diferentes tipos de textos.
- Extracción das ideas principais dun texto, xerarquizalas e organizalas visualmente nun esquema.
- Explicación do significado de termos e expresións a partir do contexto en que aparecen.

- Utilización do dicionario para acceder ao significado de termos descoñecidos.
- Búsqueda de información dos textos con que se traballa a través de fontes dixitais e bibliográficas.
- Planificación da redacción de distintos tipos de texto (noticia, narración, descrición, texto literario, texto dialogado ou dramatizado, biografía, microrrelato, folleto, turístico, conversa de mensaxería ou chat, etc) a través de esquemas, borradores, etc.
- Producción dos diferentes tipos de texto mencionados anteriormente axustados a diferentes finalidades, cun rexistro e un contido axeitado e coherente.
- Elaboración de textos ben cohesionados, usando correctamente os conectores, cunha distribución dos parágrafos e unha puntuación adecuadas.
- Redacción de textos cun léxico suficiente e variado para cada situación.
- Emprego de ferramentas **TIC**, por exemplo: para incorporar imaxes a unha noticia, a unha descrición, etc. ou corrixir ortograficamente un texto empregando os correctores que existen nos procesadores de textos.
- Revisión dos textos propios para verificar que a ortografía e a puntuación son correctas.
- Revisión das producións propias e as dos compañeiros e ofrecer suxestións co obxecto melloralas.

BLOQUE 3. Funcionamento da lingua

- Recoñecemento da correspondencia entre os sons e a súa representación gráfica: grafías simples e dígrafos.
- Utilización correcta das grafías -para representar escritas alternativas- do son G, K, Z, B e os dous tipos de 'r', nunha serie de palabras dadas.
- Colocación ou non do h nun listado de palabras sen h.
- Pronunciación correcta de palabras que inclúan a grafía x.
- Utilización correcta da grafía x e o dígrafo ll.
- Realización de exercicios concretos para poñer en práctica as regras xerais de acentuación.
- Recoñecemento de substantivos, adxectivos, verbos e adverbios en textos ou oracións.
- Aplicación das distintas regras de formación de feminino en textos e exercicios.
- Aplicación das distintas regras de formación de plurais en textos e exercicios.
- Recoñecemento dos pronomes nunha oración.
- Identificación das formas verbais nunha oración e saber transformalas para expresar outro modo verbal, outro tempo ou outra persoa.
- Conxugación de verbos das tres conxugacións a través diferentes tipos de exercicios: completar con formas verbais, engadir, variar, etc.
- Análise morfolóxica das formas conxugadas dun verbo .
- Identificación e clasificación dos adverbios e enlaces nun texto.
- Explicación do significado de termos e expresións fraseolóxicas relacionadas con diferentes campos semánticos: corpo humano, vivenda, a aula, os animais, as maneiras de ser, a familia, etc..
- Recoñecemento e agrupación de diferentes palabras que forman parte dun mesmo campo léxico.
- Construción de familias léxicas a partir de exemplos concretos.
- Identificación e achega de palabras sinónimas respecto doutras dadas ou indicadas nun texto.

- Identificación e achega de palabras antónimas respecto doutras dadas ou indicadas nun texto.
- Identificación e achega de palabras compostas respecto doutras dadas ou indicadas nun texto.
- Consulta de dicionarios e distintas fontes para informarse e obter datos que permitan resolver as cuestións formuladas.
- Identificación dos conectores e referencias temporais nun texto.
- Restitución de conectores e parágrafos nun texto do que previamente se eliminaron.
- Puntuación dun texto segunda as normas de cohesión textual.

BLOQUE 4. Lingua e sociedade

- Recoñecemento nun mapa da Península Ibérica das diferentes linguas e os seus territorios.
- Búsqueda de información sobre esas linguas: falantes, oficialidade e usos.
- Valoración nun texto de opinión –oral ou escrito- a diversidade lingüística.
- Debate na clase sobre os prexuízos cara ás linguas minorizadas: o caso galego –tanto no corpus coma no status da lingua.
- Exposición de opinións de grupo sobre as vantaxes da proximidade entre a nosa lingua e o portugués.
- Lectura dalgún texto sobre os dereitos lingüísticos das persoas, p.ex. un fragmento da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos, ou o Decálogo Lingüístico da Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística
- Achega de diferentes textos que mostren as variedades do galego: estándar, dialectal e contextual.
- Redacción dun texto reflexionando sobre o papel individual de cadaquén para garantir o futuro da nosa lingua.

BLOQUE 5. Educación literaria

- Lectura de textos variados en prosa e distinción entre literarios e non literarios.
- Recoñecemento dos trazos estéticos que caracterizan un texto literario: intención estética e uso especial da linguaxe.
- Recoñecemento nun poema da temática e a súa estrutura compositiva (versificación e rima) así como os recursos estilísticos
- Escribir un poema utilizando diferentes recursos.
- Escribir un poema escollendo unha liña temática de varias posibles.
- Lectura de textos literarios de carácter narrativo e identificación do narrador, os personaxes, o espazo e o tempo.
- Identificación nun texto narrativo da presentación, o nó e o desenlace.
- Elaboración dun texto literario tomando como referencia modelos coñecidos.
- Diferenciación entre un texto narrativo popular emoutro pertencente á tradición culta.
- Recoñecemento nun texto determinado (conto, lenda, mito) das características propias da literatura popular.
- Redacción de diferentes textos con finalidade estética: historias, microrrelatos, lendas, contos populares,...
- Identificación e descrición dos trazos definitorios dun cómic, tanto verbais como visuais.
- Recoñecemento dos elementos dun texto dramático: intervencións dos personaxes, anotacións, etc.

- Elaboración de textos dialogados: cómic e texto dramático.
- Procura de información en Internet ou na biblioteca escolar sobre aspectos relacionados coas actividades mencionadas.

2.7.8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para a cualificación final do alumnado en cada trimestre terase en conta o conxunto de actividades que se teñan realizado ao longo do mesmo co fin de avaliar as evidencias de aprendizaxe, as competencias básicas e os progresos obtidos. Utilizaranse distintas ferramentas de avaliación deste proceso de aprendizaxe :

- **Para avaliar as actitudes e uso da lingua galega na aula:**
 - A participación activa en traballos colaborativos, nos intercambios comunicativos, etc.
 - O uso da lingua galega como instrumento de comunicación para interactuar cos seus compañeiros e co profesor, expresión fluída, respecto polos padróns fonéticos do galego, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión escrita:**
 - Tarefas e actividades escritas presentadas en soporte papel ou dixital.
 - Cadernos e/ou apuntamentos.
 - Probas como: ditados, resumos, redaccións, desenvolvemento de temas,etc.
 - Exames con preguntas tipo tema, pregunta curta, preguntas de resposta múltiple e de resposta aberta, comentarios, produción de textos, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión oral:**
 - Realización de lecturas expresivas na aula (diálogos, relatos, poemas...)
 - Traballos de exposición oral na aula.
 - Intervencións en debates, conversacións con compañeiros e profesor.
- **Para avaliar a comprensión lectora:**
 - Lectura de obras literarias e de textos académicos e dos medios de comunicación.
 - Resumos escritos e orais dos textos lidos.
 - Traballos escritos sobre aspectos determinados dunha obra presentados en soporte papel ou dixital.
 - Probas escritas que comprobán a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios.
- **Para avaliar a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios:**
 - Proba escrita que inclúe preguntas sobre o argumento, personaxes, narrador, espazo, tempo, etc.

En cada avaliación realizaranse polo menos **dúas probas escritas** e **unha oral** co fin de valorar tanto a aprendizaxe dos contidos do currículo como o correcto desenvolvemento das competencias básicas. O feito de que neste curso da ESO se conte con catro aulas semanais

permítenos incluír a proba oral de forma fixa en cada trimestre, pois, como é obvio, contamos con máis tempo para poder realizala.

As probas escritas partirán sempre dun modelo máis ou menos estandarizado con exercicios e/ou preguntas de léxico, ortografía, morfoloxía, lingua e sociedade, literatura e expresión escrita, correspondentes ás unidades traballadas en cada avaliación. Nelas haberá exercicios prácticos, con preguntas de completar, relacionar, reflexionar, explicar, etc. e tamén outras de desenvolver algún aspecto dalgún tema. Propóranse sempre situacións reais de uso da lingua, empregando o léxico en oracións ou elaborando diferentes tipos de textos a partir duns parámetros propostos. A pregunta que máis puntué será a de construción de texto e/ou análise dun texto con preguntas dirixidas (resumo, argumento, personaxes, etc.)

A proba oral consistirá na preparación e desenvolvemento dun tema que pode estar relacionado co libro de lectura obrigatoria correspondente a esa avaliación ou non, neste caso versaría sobre outros temas do seu interese que se escollerán tras unha selección na aula dos propostos polo alumnado. A exposición oral terá que ter unha duración mínima de 2 minutos e máxima de 5, para a súa avaliación observarase o grao de corrección respecto de: a adecuación, (2p) coherencia e cohesión (2p), pronuncia e entoación,(2p.) gramática(2p.) e léxico (2p).

Estas probas (as dúas escritas e a proba oral) suporán o **65%** da nota final, repartida esta porcentaxe da seguinte maneira: **PROBAS ESCRITAS:35% PROBA ORAL: 30%**

-As evidencias dos estándares de aprendizaxe e o traballo competencial avaliaranse ademais no traballo diario na aula, traballos individuais ou en grupo, chamadas orais, tarefas realizadas ou non, progresión, etc., realizando un control periódico do **caderno do alumno** para comprobar a realización das actividades, a súa corrección axeitada, o seu progreso, etc.

- Será esencial tamén a observación da actitude positiva ou negativa (respecto ao profesor e aos compañeiros, participación, uso da lingua galega nas súas intervencións na aula, respecto pola mesma, etc.) .

Estes apartados suporán o **20%** da cualificación. Unha actitude negativa cara á lingua, non empregándoa de maneira sistemática, ou as faltas de respecto reiteradas na aula poderán supoñer unha diminución importante da porcentaxe correspondente a este apartado na cualificación final, que en casos extremos podería chegar á perda da mesma ou en casos menos graves á perda de 1p. (é dicir quedar reducida a valoración deste apartado ao 10%).

A proba do libro de lectura obrigatoria obterá unha cualificación que suporá o **15%** da nota final e ten como finalidade principal a comprobación da lectura da obra na súa totalidade, polo que as preguntas da mesma terán que ver co argumento, personaxes, tema, tipo de narrador, opinión, etc. e poderá ser ORAL ou ESCRITA.

Realizarase tamén unha proba que comprobe a lectura dos libros voluntarios que utilizará o mesmo criterio que a do obrigatorio. A puntuación obtida nestoutra (como xa quedou sinalado, **0,5** como máximo por libro, en ningún caso poderá ser superior a 2p) sumarase á cualificación resultante dos apartados anteriores, sempre e cando esta non sexa inferior a 4 e, como xa quedou sinalado, quedara demostrada a lectura do libro obrigatorio correspondente ao trimestre.

Actividades de carácter voluntario

A realización de traballos de carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final, sempre que a avaliación estea aprobada; o límite máximo será un punto, dependendo da calidade, implicación, etc. O profesorado indicará as pautas a seguir en cada caso concreto.

Estas actividades estarán organizadas polo propio Departamento de Lingua Galega e Literatura, ou en colaboración con outros coma o de Normalización Lingüística.

En todas as probas, exames e traballos terase en conta a **presentación, ortografía, puntuación, gramática e léxico (dominio, desviacións da norma...)**; polo tanto penalizarase o alumnado no caso de cometer faltas nalgún deses apartados atendendo aos seguintes criterios:

Faltas leves (acentuación, desviacións da norma e ortografía coas que estean pouco familiarizados) **-0,05**.

Faltas graves (tiles diacríticos, ortografía e desviacións da norma de uso frecuente e xa estudados no curso, gramática que afecte a temas pouco desenvolvidos...): **-0,10**

Faltas moi graves (ortografía e desviacións da norma de uso moi frecuente e xa estudados, gramática (tempos compostos, uso incorrecto dos pronomes persoais, conxugación verbal...): **-0,15**

En calquera caso devandita penalización nunca poderá exceder dos dous puntos.

Se un alumno/a non se presenta a un exame, oral ou escrito, sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, e esta actitude é manifestamente reiterativa, o profesor/a valorará a pertinencia de realizarlle unha proba individual nunha data que será fixada por el ou ela.

Se durante a realización dunha proba de avaliación un alumno/a é sorprendido/a copiando retiraráselle devandita proba e realizaráselle, a ser posible xa de forma inmediata, unha nova.

A **avaliación será continua** (DOG 07-01-2008), en números do 1 ao 10 situándose o aprobado no 5, como nota final tras o cálculo de todas as cualificacións e a aplicación das porcentaxes que lle corresponden.

Proba extraordinaria de setembro: Concebida, como é sabido, para aqueles alumnos e alumnas que non acadan unha cualificación positiva en xuño.

O Departamento elaborará unha proba baseada só no libro de texto oficial e outros materiais didácticos proporcionados polo profesor, de habelos. Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

2.7.9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: AGRUPAMENTOS DE REFORZO

Como quedou sinalado na introdución realizada para toda a ESO as medidas de atención á diversidade están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado.

Efectivamente en 1ª de ESO véñense constituíndo dous grupos de reforzo, desde hai xa varios cursos. Estes grupos teñen que conseguir as competencias básicas e os mínimos esixidos do mesmo xeito que o grupo de referencia, xa que en ningún caso poden supoñer unha discriminación que lles impida obter a titulación correspondente.

Hai que aclarar que o alumnado destes grupos de reforzo soe responder a peculiaridades ben diferentes que cambian duns cursos a outros ou mesmo dentro do mesmo curso escolar, pois como sabemos pódese producir a mobilidade dalgún ou algúns dos alumnos/as, dependendo da súa evolución e/ou das necesidades do grupo de referencia. Hai grupos que, ao recibir unha ensinanza máis individualizada, asimilan bastante ben as ensinanzas recibidas e a súa marcha non difire en exceso da do grupo de referencia. Outros en cambio presentan alumnos e/ou alumnas con maior problemática e a súa marcha é moito máis lenta.

Tendo isto en conta cómpre remarcar que a programación dos reforzos ten que permitir adaptarse ás circunstancias concretas de cada curso escolar.

Por norma xeral utilizamos o mesmo material didáctico que en todo 1º ESO, aínda que a metodoloxía é diferente, xa que o traballo co alumno ten que ser moito máis individualizado e respondendo ás necesidades concretas de cada un, que poden ser ben diferentes.

Os contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e contidos mínimos son os mesmos, pero o seu desenvolvemento vaise adaptando ás súas necesidades, o que pode supoñer a redución dalgún bloque de contido, ou a ampliación doutros. O mesmo pasa coas actividades de aprendizaxe que poderán reducirse e /ou adaptarse ás características concretas do grupo.

As unidades didácticas dos libros do alumnado amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades dos alumnos considerados individualmente e como grupo.

A cualificación responde tamén aos criterios sinalados para o curso en liñas xerais, aínda que o traballo diario na aula, a realización ou non das tarefas, o esforzo e interese de cada alumno na aprendizaxe e a súa evolución serán tidas en especial consideración.

En canto aos libros de lectura o departamento decidiu adaptar as lecturas ás necesidades e características deste alumnado, de tal xeito que nos agrupamentos deste curso lerán:

Contos fantásticos I, (col. Cabalo Buligán)

Contos para Manuela, Mario Pereira

O neno can, Fina Casalderrei e Francisco Castro

que presentan unha menor complicación léxica e argumental, facilitando así a súa doada comprensión.

A lectura levarase a cabo nunha aula semanal en cada trimestre e o alumnado destes agrupamentos deberá realizar, resumos, análises concretas propostas polo profesor sobre capítulos ou fragmentos, tales como: caracterización dos personaxes, reflexión sobre o seu contido, narrador, temas, espazo, tempo, etc. que poderán ser tanto orais como escritas.

Ofreceráselle tamén a posibilidade de que, se así o desexan, realizar algunha outra lectura optativa que seleccionarían da listaxe elaborada para 1º ESO.

Ao comezo do curso cada profesor entregará ao alumnado a información básica que incluírá os criterios de avaliación do curso correspondente, os mínimos esixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación e de recuperación e os procedementos de avaliación da aprendizaxe que figuran nesta programación (DOG 29-06-2015).

2.8. SEGUNDO CURSO DA ESO

INCORPORACIÓN AO PROXECTO E-DIXGAL

O pasado curso escolar o IES Valle Inclán, dando continuidade á súa adscrición á rede ABALAR, incorporouse ao PROXECTO E-DIXGAL que afecta a 1º e 2º de ESO.

A materia de Lingua e Literatura galega é unha das que traballou con este proxecto que implica, como é sabido, que o desenvolvemento da actividade educativa se realice cos medios que proporcionan as TIC facilitando aos centros adscritos á Rede Abalar a dispoñibilidade de libros e outros materiais dixitais cos que poidan levar a cabo o seu proxecto curricular.

Este novo curso, polo tanto, estes dous cursos da ESO van seguir traballando a través desta plataforma dixital.

De calquera xeito existe a posibilidade de utilizar tamén como material de apoio libros ou outro tipo de material didáctico.

Este curso escolar o IES Valle Inclán, dando continuidade á súa adscrición á rede ABALAR, incorpórase ao PROXECTO E-DIXGAL que afecta a 1º e 2º de ESO.

2.8.1.OBXECTIVOS CONCRETOS DO CURSO

Estes serían os obxectivos concretos que persegue o desenvolvemento de cada un dos contidos deste curso.

1. Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación e analizar textos orais e escritos destes medios tanto en formato dixital como en papel.
2. Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas que rexen a lingua galega na produción de textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección, utilizando tamén técnicas TIC que faciliten e axuden a mellorar as exposicións orais planificadas.
3. Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias para producir con corrección na lingua galega.
4. Coñecer os elementos fundamentais dos textos instrutivos e expositivos en contexto educativo: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias, utilizando ese coñecemento para comprender a mensaxe e usar as fontes de información con rigor.
5. Realizar lectura comprensiva de textos diversos identificando ideas principais e secundarias, sintetizando e representando a información, elaborando argumentacións propias sobre o contido etc., e tamén unha lectura en voz alta coa dicción, entoación e ritmo adecuados.
6. Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación e elaborar noticias propias partindo dun modelo con coñecementos adquiridos.
7. Producir en formato papel ou dixital textos de distinta tipoloxía: cuestionarios, resumos, descrición, narracións e explicacións.

8. Producir textos escritos con un compoñente de goce persoal para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.
9. Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual en lingua galega.
10. Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o vocabulario e contrastar a fiabilidade das fontes empregadas.
11. Comprender que o uso de normas ortográficas e morfoloxías é necesario para o desenvolvemento da lingua.
12. Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilizalos en textos escritos con corrección.
13. Comprender a estrutura de substantivos e verbos para mellorar as habilidades de comprensión e produción lingüísticas.
14. Coñecer os elementos dunha oración desde o punto de vista sintáctico. Empregar este coñecemento para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
15. Realizar autoavaliacións sobre o traballo de maneira realista co obxectivo de mellorar a aprendizaxe.
16. Recoñecer a riqueza na diversidade cultural a través das linguas propias de cada pobo.
17. Reflexionar sobre a situación sociolingüística galega desde unha perspectiva social, histórica e xeográfica.
18. Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galega e describir a situación legal das linguas do Estado español.
19. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.
20. Coñecer as características de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, e comparalos sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
21. Coñecer, identificar e interpretar recursos retóricos nos textos literarios.
22. Escribir de maneira autónoma textos de intención estética aplicando os coñecementos dos recursos literarios traballados.
23. Distinguir os trazos da linguaxe cinematográfica, identificalos e analizalos en diferentes obras de cine.

2.8.2. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIDOS

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar				
B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.	LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	CCL CAA	Comprender o contido dalgúns textos orais dos medios de comunicación Resumir o seu contido.
B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo	B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	CCL CAA	Identificar o tema e as ideas principais de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.
B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.	B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas	LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal	CSC CCL CSIE	Coñecer, apreciar e usar as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e recoñecer a importancia da entoación,

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
				pausas, timbre,volume neste tipo de linguaxe.
B1.4. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas	B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.	LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións	CCL CAA CSIEE	Diferenciar as ideas principais e as secundarias e identificar a intención comunicativa nun texto oral dun medio de comunicación (programa de radio)
B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, reconece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual.	CCL CAA CCEC	Comprender, interpretar e rexeitar os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega(pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL CSC	Producir textos orais espontáneos con corrección, en especial no relativo á colocación dos pronomes átonos e evitando o uso de castelanismos
B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.	B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.	LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente	CD CAA CSIEE CCL CSC	Realizar exposicións orais planificadas con axuda das TIC (fundamentalmente para buscar información)
B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.	CCL CSC CAA	Intervir en debates e coloquios do ámbito educativo, cinguíndose ao tema e atendendo ás instrucións dadas.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais	B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. LGB1.9.5. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos	CAA CCL CSC CSIEE CLL	Elaborar guións para organizar os contidos de exposicións orais. Incorporar progresivamente palabras do nivel formal nas exposicións orais. Evitar erros como a repetición de conectores, a pobreza léxica ou o uso de castelanismos.
B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.	B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos	CCL CSC CSIEE CCEC CCL CAA	Diferenciar os discursos formais dos espontáneos e elaborar textos nos dous rexistros demostrando o coñecemento das súas similitudes e diferenzas.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.	B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión	<p>LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas</p> <p>LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.</p> <p>LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.</p> <p>LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.</p> <p>LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.</p> <p>LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.</p>	CCL CAA	<p>Analizar e sintetizar o contido de textos dados.</p> <p>Buscar o significado do léxico descoñecido.</p> <p>Identificar ideas principais e secundarias e comprender a relación entre elas</p>
B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	<p>LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes</p> <p>LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.</p>		

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
		LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar.	CCL CSC	Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais.
B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).	B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias).	LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias). LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.	CCL CSC	Comprender e interpretar textos propios dos medios de comunicación.
B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias	B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias	LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.	CCL CD CAA	Comprender e interpretar adecuadamente textos propios da vida educativa especialmente dicionarios, enciclopedias, webs educativas, etc.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información.	B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.	LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos. LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.	CCL CCA CD	Utilizar habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital e coñecer o funcionamento das bibliotecas.
B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.	B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.	LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios. LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto. LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais.	CCL CSC	Interpretar o significado dun texto Formular opinións ben razoadas de acordo ou desacordo respecto de aspectos dun texto.
B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz	B2.7. Ler en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe. LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz.	CCL CD	Ler con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto	B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.	LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo. LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores). LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores. LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos.	CCL CD	Elaborar esquemas para planificar un texto. Redactar textos utilizando un rexistro formal. Utilizar os elementos de cohesión interna do texto. Respectar as regras ortográficas e morfolóxicas na redacción dos textos.
B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	CCL CD CSC	Producir textos propios da vida cotiá.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.10. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias)	B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).	LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).	CCL CD CSC	Producir textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo dado.
B2.11. Producción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.	B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.	CCL CD	Producir textos de carácter educativo. Realizar o resumo de temas propostos.
B2.12. Producción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.	B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descrições.	LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descrições sen parafrasear o texto resumido.	CCL CD	Producir textos de distinta tipoloxía, principalmente narrativos e descritivos. Resumir textos descritivos e narrativos.
B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.	B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos.	LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar, revisar e mellorar os escritos.	CCL CD	Usar os procesadores de texto para a elaboración de textos propios. Realizar algunha presentación dun tema de exposición oral, usando un programa de presentación.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
				Utilizar os dicionarios e correctores ortográficos no traballo na aula.
B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.	B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.	LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos.	CCL CSC CCEC	Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e forma de comunicar experiencias e coñecementos propios
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.	CCL CCC	Recoñecer, explicar e usar o vocabulario e a fraseoloxía traballados na aula
B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.	B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	CCL CAA	Recoñecer e pronunciar correctamente os fonemas propios da lingua galega
B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre	B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	CCL CAA	Usar os dicionarios e outras fontes de consulta con eficacia para obter información e resolver dúbidas.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
flexión, relación semántica e normativa.				
B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.	B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.	LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.	CCL CD	Completar, transformar e valorar textos orais ou escritos atendendo ás normas
B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.	CCL	Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega na corrección lingüística, gramatical e ortográfica de textos dados.
B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.	CCL	Analizar e usar correctamente a puntuación para contribuir á cohesión textual.
B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.	B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.	LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.	CCL CAA	Uso adecuado de substantivos e formas verbais na produción de textos. Demostrar o coñecemento de substantivos e formas verbais na comprensión de textos.
B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto. LGB3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna.	CCL CAA	Identificar e usar distintos tipos de conectores e elementos de referencia léxicos e gramaticais na procura da cohesión textual.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.	B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.	LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.	CCL	Usar correctamente os compoñentes sintácticos na elaboración dos textos. (concordancia, perífrases, colocación dos pronomes átonos...)
B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.	B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.	CCL CAA	Recoñecer os erros nas producións propias e alleas utilizando a autoavaliación.
B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe	CCL CAA	Realizar unha recensión dunha película elixida previamente e dun libro para a páxina web do centro utilizando o galego, o castelán, o alemán, o francés e o inglés.
B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia	B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para	LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos	CCL CAA	Realizar unha interpretación dun texto en portugués e outro en francés e reflexionar sobre os parentescos entre elas que facilitan a súa comprensión.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
comunicativa integrada.	solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	traballados en calquera das outras.		
Bloque 4. Lingua e sociedade				
B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.	LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.	CCL CSC	Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade	B.4.2. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade	LGB4.2.1. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego LGB4.2.2. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. LGB4.2.3. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración.		Distinguir os conceptos de lingua maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplicarlos ao caso galego. Coñecer as linguas que se falan en España e valorar a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.
B4.3. A lusofonía	B.4.3. Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.	LGB4.3.1. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. LGB4.3.2. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía	CCEC CCL CSC	Coñecer a lusofonía e valorar a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B4.4.Situación sociolingüística do galego.	B4.4. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno	LGB4.4.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas. LGB4.42. Coñece e valora os topónimos galegos.	CCL	Coñecer os elementos máis significativos da situación sociolingüística de Galicia
B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.5. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.5.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo. LGB4.5.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	CCL CSC	Analizar a súa propia práctica lingüística e valorar a importancia de contribuír á normalización da lingua galega.
B4.6. Situación legal das linguas do Estado español.	B4.6. Describir a situación legal das linguas do Estado español.	LGB4.6.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.	CCL CSC	Coñecer a situación legal das linguas do Estado español.
B4.7. Prexuízos lingüísticos.	B4.7. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.7.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	CCL CSC	Coñecer que son os prexuízos lingüísticos e identificar a súa presenza no uso do galego.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.	B4.8. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.	LGB4.8.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. LGB4.8.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil. LGB4.8.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. LGB4.8.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	CCL CSC	Valorar a variedade estándar da lingua como variante unificadora. Coñecer a existencia das variedades diafásicas e recoñecer os trazos propios da xerga estudantil na súa propia práctica lingüística. Rexeitar os prexuízos sobre as variedades dialectais.
Bloque 5. Educación literaria				
B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.	CCL	Demostrar a lectura dos libros de lectura obrigatoria escollidos polo departamento para cada trimestre.
B5.2. Lectura expresiva e	B5.2. Ler expresiva e comprensivamente	LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai	CCL	Ler poemas de forma expresiva e

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.	e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.	audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.		comprensivamente determinando o tema principal, a estrutura e os principais recursos estilísticos.
B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	CCL	Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves identificando o punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	CCL	Lectura comprensiva e dramatizada da obra de lectura obrigatoria: <i>O achado do castro</i> recoñecendo os compoñentes e procedementos que caracterizan o xénero dramático.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	CCL	Sinalar as coincidencias e semellanzas entre os distintos xéneros e subxéneros literarios.
B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	LGB5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	CCL	Analizar textos literarios sinxelos de maneira guiada.
B5.7. Producción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	CCL CCEC	Escribir textos literarios breves tomando como referencia os coñecementos adquiridos e os recursos retóricos traballados.
B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas.	CCL CCEC CCEC	Descibir en varias secuencias dun ou varios filmes preseleccionados os trazos principais da linguaxe cinematográfica.
B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e	B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos	LGLB5.9.1. Sévese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.	CCL CD	Realizar un traballo sobre un tema de actualidade no que teñan que utilizar os recursos que ofrecen as bibliotecas (virtuais ou non)

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
cita axeitada destes.	e cita axeitada destes.			

2.8.3 PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira semana do curso realizarase a cada grupo unha proba escrita de avaliación inicial que permita ao profesorado coñecer con maior precisión o nivel de competencias acadado, os coñecementos reais de cada alumno e detectar os posibles problemas que poidan existir. Asemade, tamén nas primeiras semanas, o Departamento de Orientación convoca o profesorado, para levar a cabo unha sesión de avaliación inicial, ou avaliación 0, isto é: informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesorado, información recadada na avaliación inicial de cada materia, etc.

Estas dúas medidas axudan a coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas axeitadas., para solicitar a intervención doutros sectores se é necesario (titor, xefatura de estudos, departamento de orientación, familia...) e establecer unha primeira guía de actuación para corrixir estes.

Esta proba de avaliación inicial inclúe:

- Cuestións sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores.
- Actividades de comprensión e expresión a traves dun texto escrito ou oral para avaliar a comprensión lectora e a competencia comunicativa.
- Breve cuestionario sobre o uso da lingua galega en diferentes ámbitos.

2.8.4 LIBRO DE TEXTO

Utilizarase, como é lóxico, o libro dixital da plataforma E-DIXGAL

2.8.5. TEMPORALIZACIÓN

Na 1ª avaliación estudaranse as unidades 1 á 4

Na 2ª avaliación da 5 á 8

Na 3ª avaliación da 9 á 12

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

Cada unidade desenvolverase ao longo de oito sesións aproximadamente que poderán variar dependendo da asimilación dos contidos e dos resultados de aprendizaxe que se van obtendo.

2.8.6.PLAN LECTOR

O alumnado conta con tres obras de lectura obrigatoria, distribuídas unha por avaliación,e unha listaxe de lecturas voluntarias ás que poden optar en cada trimestre.

As obras de lectura obrigatoria dedicaráselle polo menos unha clase quincenal para ler, comentar, explicar e analizar as cuestións que o profesor estime oportuno ou que xurdan por parte do alumnado. Para cualificar estas lecturas realizarase unha proba de control en cada avaliación que suporá o 15% da nota do trimestre.

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase cun máximo de 0,5 puntos na avaliación correspondente, mais en ningún caso poderán sumar máis de 2 en total e sempre e cando teñan demostrada a lectura completa da obra de lectura obrigatoria correspondente.

Lecturas.

Obrigatorias (unha por avaliación):

O achado do castro, Manuel Núñez Singala

Amor dos quinze anos, Marilyn, de Agustín Fernández Paz

Unha estrela no vento, Leticia Costas

Voluntarias: (cinco por trimestre)

Castelao, o pobre tolo, Inacio e Iván Suárez

O dicionario de Carola, de Carmen Gómez Ojea

Sempre quente o sol, de A. García Teijeiro

A chave de ouro, de Georg MacDonald

Cos pés no aire, Agustín Fernández Paz

Cando petan na porta pola noite, X.P. Docampo

As aventuras de Breogán Folqueira, Darío Xohán Cabana

Prohibido casar, papá, Fina Casalderrei

Flanagan 007, Andreu Martín e Jaume Ribera

Diario dun xove maniático, Macfarlane, Aidan e Macpherson, Ann

Eu tamén son maniática, Macfarlane, Aidan e Macpherson, Ann

Dragal I. A herdanza do dragón, Elena Gallego Abad

Dragal II. A metamorfose do dragón, Elena Gallego Abad

Dragal III. A fraternidade do dragón, Elena Gallego Abad

Dragal IV. A estirpe do dragón, Elena Gallego Abad

2.8.7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

No desenvolvemento das distintas unidades didácticas obteranse resultados de aprendizaxe vinculados aos estándares que inclúe o currículo da materia, para avaliar eses resultados farase necesario planificar a realización e recollida de probas que mostren o nivel de consecución do estándar, así como a súa evolución ao longo do curso.

A seguir detallamos **as actividades de aprendizaxe que se realizarán para cada bloque de contidos:**

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

-Planificación dunha exposición oral elaborando un esquema.

-Exposición oral individual ou en grupo dun tema proposto.

-Avaliación das exposicións realizadas partindo dos seguintes trazos a valorar:

- Contido (presentación, estrutura, conclusións, claridade de ideas, argumentación)
- Expresión verbal(linguaxe clara, vocabulario apropiado e preciso, pronuncia, fluidez, intensidade de voz, velocidade e ritmo)
- Expresión corporal(contacto visual, xestos, tranquilidade)

Etc.

-Preparación da narración dun conto: pensar na historia que se vai contar, elaborar un guión que recolla os pasos nos que se desenvolve a mesma, ensaiar varias veces a exposición...

-Relato oral do conto preparado que será valorado polos compañeiros seguindo os criterios arriba sinalados.

-A partir da audición dun texto incluído na unidade didáctica contestación a preguntas que teñen que ver coa súa comprensión e interpretación axeitadas.

Ex. As pallozas:

De onde procede o nome?/Descrición das características desta edificación/ Que usos tiña? etc.

-Visita de páx. web nas que poden visualizar vídeos sobre Fisterra e investigación das similitudes xeográficas e culturais entre a Fisterra galega e a bretoa.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

-Resumo de textos lidos na aula en cada unha das unidades didácticas do libro de texto.

-Búsqueda do significado de palabras descoñecidas dun texto.

-Identificación das ideas principais e secundarias de distintos textos e relación entre elas.

-Ampliación de información sobre distintos temas presentados no primeiro texto de cada unidade didáctica consultando distintas fontes TIC (p. ex. o canón do Sil, a Orquestra Sinfónica de Galicia, os petróglifos, os oleiros de Gundivós, etc.)

-Análise e reflexión sobre distintos aspectos de textos dados que demostres a adecuada comprensión dos mesmos.

-Continuación da historia que se relata nun texto dado.

-Localización de información destacada de textos propios dos medios de comunicación (portada e titulares, corpo da noticia)

-Manexo de textos propios da vida educativa: dicionarios en papel e dixitais, webs educativas, etc.

-Elaboración da propia interpretación do significado dun texto dado.

- Lectura en voz alta coa dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á función da mensaxe.
- Producción de textos usando un rexistro formal.
- Corrección dun texto que carece dos elementos de cohesión interna (deíxe, referencias internas de tipo léxico e conectores)
- Producción dun texto ben cohesionado utilizando todos os elementos de cohesión interna traballados na actividade anterior.
- Puntuación dun texto que acadará distintos significados ao cambiar ou desprazar os signos de puntuación.
- Producción dun texto no que se coidará especialmente a súa puntuación.
- Realización de ditados que procuran a corrección ortográfica.
- Corrección de textos con erros ortográficos e morfolóxicos.
- Producción de textos con especial atención á corrección ortográfica e morfolóxica.
- Redacción dunha noticia a partir dun modelo dado.
- Producción dun texto narrativo.
- Producción dun texto descritivo.
- Resumos de textos narrativos e descritivos sen parafrasear o resumido.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

- Recoñecemento e pronuncia correcta dos fonemas propios do galego, nomeadamente as vogais de grao medio e os fonemas consonánticos palatal fricativo xordo e nasal velar sonoro.
- Búsqueda nun texto dado dos substantivos e verbos.
- Substitución nun texto dado de substantivos sinalados por outros con significado similar, oposto, diferente, etc.
- Modificación do tempo das formas verbais dun texto.
- Cambiar o xénero de determinados substantivos.
- Cambiar o número de determinados substantivos.
- Utilización dos distintos graos do adxectivo en oracións.
- Conxugación de distintos tempos do paradigma verbal dos verbos regulares.
- Conxugación de distintos tempos do paradigma verbal de verbos irregulares.
- Identificación en formas verbais regulares dos seus compoñentes.

- Clasificación dos pronomes persoais que aparecen nun texto (tónicos e átonos).
- Substitución dos complementos verbais directo e indirecto por pronomes persoais átonos.
- Utilización correcta de te/che , lle/lles, llelo/llo, o/lo/no...
- Clasificación de distintas oracións segundo a actitude e a intención do falante.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

- Visita da páx. web www.ethnologue.com e búsqueda de información sobre o galego e sobre as linguas de Europa.
- Localizar nun mapa os territorios onde se falan as distintas linguas da Península Ibérica.
- Indicación da situación legal das linguas da Península
- Lectura do Artigo 3.1. da Constitución española indicando:
 - A que linguas fai referencia?
 - Como é caracterizado o Estado español?
- Búsqueda na rede de información sobre en que lugares se fala galego fóra de Galicia.
- Lectura do Artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Comentario de varios artigos da Lei de Normalización Lingüística: 4.1., 12.1, 14.1, 18.
- Lectura silenciosa dun conto popular portugués.
- Versión ao galego do conto portugués.
- Análise das diferencias ortográficas e fonéticas entre as dúas linguas que se perciben no conto.
- Consulta das dúbidas lingüísticas no dicionario Priberam da Lingua Portuguesa ([www.priberam.pt/dlpo.](http://www.priberam.pt/dlpo))
- Elaboración dun breve resumo do apartado da unidade na que se explica o concepto de lingua maioritaria.
- Elaboración dun gráfico sobre o nivel de coñecemento do galego con datos procedentes do Instituto Galego de Estatística (IGE).
- Análise da información obtida.
- Realización dunha enquisa na aula sobre o uso do galego.
- Distinción nun esquema-resumo dos conceptos de Bilingüismo, Diglosia e Competencia lingüística.
- Consulta de datos procedentes do IGE sobre o uso do galego segundo a idade e a poboación.
- Análise e conclusión dos datos obtidos.
- Procura nun texto dado de castelanismos e corrección dos mesmos.
- Clasificación das distintas variedades da lingua con exemplos claros de cada unha.
- Identificación do rexistro que se utiliza en textos dados.
- Clasificación de trazos lingüísticos determinados segundo o rexistro.
- Sinalar nun mapa de Galicia os bloques lingüísticos do galego.
- Indicación de a que bloque pertencen determinadas vilas e cidades galegas.
- Identificación do bloque lingüístico ao que pertencen distintas oracións.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Lectura de obras literarias: o alumnado conta xa cos libros de lectura obrigatoria elixidos polo departamento.
- Indicación do punto de vista que se utiliza nun texto narrativo dado.
- Indicación dos personaxes que interveñen nun texto narrativo dado.
- Indicación do espazo e o tempo dun texto narrativo dado.
- Indicación do tema dun texto narrativo dado.
- Lectura de textos dramáticos, nomeadamente *O achado do castro* (lectura obrigatoria)
- Identificación do xénero literario ao que pertencen varios textos e indicación das súas diferenzas.
- Análise de textos literarios de maneira guiada.
- Produción de textos literarios servíndose dos coñecementos previos adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. Poderán escoller entre: texto poético, texto narrativo ou texto teatral.

2.8.8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para a cualificación final do alumnado en cada trimestre terase en conta o conxunto de actividades que se teñan realizado ao longo do mesmo co fin de avaliar as evidencias de aprendizaxe, as competencias básicas e os progresos obtidos. Utilizaranse distintas ferramentas de avaliación deste proceso de aprendizaxe :

- **Para avaliar as actitudes e uso da lingua galega na aula:**
 - A participación activa en traballos colaborativos, nos intercambios comunicativos, etc.
 - O uso da lingua galega como instrumento de comunicación para interactuar cos seus compañeiros e co profesor, expresión fluída, respecto polos padróns fonéticos do galego, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión escrita:**
 - Tarefas e actividades escritas presentadas en soporte papel ou dixital.
 - Cadernos e/ou apuntamentos.
 - Probas como: ditados, resumos, redaccións, desenvolvemento de temas,etc.
 - Exames con preguntas tipo tema, pregunta curta, preguntas de resposta múltiple e de resposta aberta, comentarios, produción de textos, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión oral:**
 - Realización de lecturas expresivas na aula (diálogos, relatos, poemas...)
 - Traballos de exposición oral na aula.
 - Intervencións en debates, conversacións con compañeiros e profesor.

- **Para avaliar a comprensión lectora:**
 - Lectura de obras literarias e de textos académicos e dos medios de comunicación.
 - Resumos escritos e orais dos textos lidos.
 - Traballos escritos sobre aspectos determinados dunha obra presentados en soporte papel ou dixital.
 - Probas escritas que comprobán a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios.
- **Para avaliar a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios:**
 - Proba escrita que inclúe preguntas sobre o argumento, personaxes, narrador, espazo, tempo, etc.

En cada avaliación realizaranse polo menos **dúas probas escritas** co fin de valorar tanto a aprendizaxe dos contidos do currículo como o correcto desenvolvemento das competencias básicas.

As probas escritas partirán sempre dun modelo máis ou menos estandarizado con exercicios e/ou preguntas de léxico, ortografía, gramática, lingua e sociedade, literatura e expresión escrita, correspondentes ás unidades traballadas en cada avaliación. Nelas haberá exercicios prácticos, con preguntas de completar, relacionar, reflexionar, explicar, etc. e tamén outras de desenvolver algún aspecto dalgún tema. Propóranse sempre situacións reais de uso da lingua, empregando o léxico en oracións ou elaborando diferentes tipos de textos a partir duns parámetros propostos. **Estas probas cualificaranse repartindo de forma proporcional a puntuación entre os distintos apartados, tendo en conta que os exercicios de traballo sobre un texto ou de expresión escrita obterán unha puntuación maior que poderá chegar a supoñer o dobre que cada unha das outras.** A puntuación obtida nestas probas suporá na nota final da avaliación **o 65%** da cualificación.

-As evidencias dos estándares de aprendizaxe e o traballo competencial avaliaranse ademais no traballo diario na aula, traballos individuais ou en grupo, chamadas orais, tarefas realizadas ou non, progresión, etc., realizando un control periódico do **caderno do alumno** para comprobar a realización das actividades, a súa corrección axeitada, o seu progreso, etc.

- Será esencial tamén a observación da actitude positiva ou negativa (respecto ao profesor e aos compañeiros, participación, uso da lingua galega nas súas intervencións na aula, respecto pola mesma, etc.) .

Estes apartados suporán **o 20%** da cualificación. Unha actitude negativa cara á lingua, non empregándoa de maneira sistemática, ou as faltas de respecto reiteradas na aula poderán supoñer unha diminución importante da porcentaxe correspondente a este apartado na cualificación final.

Non é doado levar a cabo **probas orais** de maneira sistemática en cada avaliación, dado o tempo necesario tendo en conta o elevado número de alumnos por aula neste centro

educativo. Contamos, por suposto, coa observación directa a través da intervención e participación do alumnado na aula; isto xunto coas posibles probas realizadas medirá a competencia oral en lingua galega. De incluírense algunhas específicas nalgunha avaliación o apartado anterior puntuaría o **10%** da cualificación final e estas supoñerían o **10%** restante. Para a súa avaliación observarase o grao de corrección respecto de: a adecuación (2p), coherencia e cohesión (2p), pronuncia e entoación (2p), gramática(2p) e léxico(2p)

A proba do libro de lectura obrigatoria, que poderá ser oral ou escrita, obterá unha cualificación que suporá o **15%** da nota final e ten como finalidade principal a comprobación da lectura polo que as preguntas da mesma terán que ver co argumento, personaxes, tema, tipo de narrador, opinión, etc.

Realizarase tamén unha proba que comprobe a lectura dos libros voluntarios que utilizará o mesmo criterio que a do obrigatorio. A puntuación obtida nestoutra (como xa quedou sinalado, **0,5** como máximo por libro, en ningún caso poderá ser superior a 2p) sumarase á cualificación resultante dos apartados anteriores, sempre e cando esta non sexa inferior a 4 e se teña demostrado a lectura completa do libro de lectura obrigatoria correspondente.

Actividades de carácter voluntario

A realización de traballos de carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final, sempre que a avaliación estea aprobada; o límite máximo será un punto, dependendo da calidade, implicación, etc. O profesorado indicará as pautas a seguir en cada caso concreto.

Estas actividades estarán organizadas polo propio Departamento de Lingua Galega e Literatura, ou en colaboración con outros coma o de Normalización Lingüística.

En todas as probas, exames e traballos terase en conta a **presentación, ortografía, puntuación, gramática e léxico (dominio, desviacións da norma...)**; polo tanto penalizarase o alumnado no caso de cometer faltas nalgún deses apartados atendendo aos seguintes criterios:

Faltas leves (acentuación, desviacións da norma e ortografía coas que estean pouco familiarizados) **-0,05**.

Faltas graves (tiles diacríticos, ortografía e desviacións da norma de uso frecuente e xa estudados no curso, gramática que afecte a temas pouco desenvolvidos...): **-0,10**

Faltas moi graves (ortografía e desviacións da norma de uso moi frecuente e xa estudados, gramática (tempos compostos, uso incorrecto dos pronomes persoais, conxugación verbal...): **-0,15**

En calquera caso devandita penalización nunca poderá exceder dos dous puntos

Se un alumno/a non se presenta

a un exame, oral ou escrito, sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, e esta actitude é manifestamente reiterativa, o profesor/a valorará a pertinencia de realizarlle unha proba individual nunha data que será fixada por el ou ela.

Se durante a realización dunha proba de avaliación un alumno/a é sorprendido/a copiando retiraráselle devandita proba e realizaráselle, a ser posible xa de forma inmediata, unha nova.

A avaliación será continua (DOG 07-01-2008), en números do 1 ao 10., sendo necesario para acadar o aprobado a obtención dun 5, como nota final tras o cálculo de todas as cualificacións e a aplicación das porcentaxes que lle corresponden.

Proba extraordinaria de setembro: O alumnado que non acade unha cualificación positiva (5 ou máis de 5) en xuño terá que presentarse á proba de setembro para poder acadar a promoción da materia, para tal fin o Departamento elaborará unha proba baseada só no libro de texto oficial e outros posibles materiais didácticos proporcionados polo profesorado. Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

2.8.9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: AGRUPAMENTOS DE REFORZO

En 2ª de ESO haberá un grupo de reforzo . Este grupo ten que conseguir as competencias básicas e os mínimos esixidos, do mesmo xeito que o grupo de referencia, xa que en ningún caso poden supoñer unha discriminación que lles impida obter a titulación correspondente.

Hai que aclarar que o alumnado deste grupo de reforzo soe responder a peculiaridades ben diferentes que cambian duns cursos a outros ou mesmo dentro do mesmo curso escolar, pois como sabemos pódese producir a mobilidade dalgún ou algúns dos alumnos/as, dependendo da súa evolución e/ou das necesidades do grupo de referencia. Hai grupos que, ao recibir unha ensinanza máis individualizada, asimilan bastante ben as ensinanzas recibidas e a súa marcha non difire en exceso da do grupo de referencia. Outros en cambio presentan alumnos e/ou alumnas con maior problemática e a súa marcha é moito máis lenta.

Tendo isto en conta cómpre remarcar que a programación dos reforzos ten que permitir adaptarse ás circunstancias concretas de cada curso escolar.

Por norma xeral utilizamos o mesmo material didáctico que en todo 2º ESO, aínda que a metodoloxía é diferente, xa que o traballo co alumno ten que ser moito máis individualizado e respondendo ás necesidades concretas de cada alumno, que poden ser ben diferentes.

Os contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e contidos mínimos son os mesmos, pero o seu desenvolvemento vaixe adaptando ás súas necesidades. O que pode supoñer a redución dalgún bloque de contido, ou mesmo a ampliación doutros. O mesmo pasa coas actividades de aprendizaxe que poderán reducirse e /ou adaptarse ás características concretas do grupo.

As unidades didácticas dos libros do alumnado amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades dos alumnos considerados individualmente e como grupo.

A cualificación responde tamén aos criterios sinalados para o curso en liñas xerais, aínda que o traballo diario na aula, a realización ou non das tarefas, o esforzo e interese de cada alumno na aprendizaxe e a súa evolución serán tidas en especial consideración.

En canto aos libros de lectura o departamento decidiu adaptar as lecturas ás necesidades e características deste alumnado, de tal xeito que nos agrupamentos deste curso lerán:

Cos pé no aire, Agustín Fernández Paz

Unha estrela no vento, Leticia Costas

A lectura levarase a cabo na aula ao longo do curso. Como só contamos con 3 horas semanais, reducimos os libros a dous para poder realizar a súa lectura completa en clase. O alumnado destes agrupamentos deberá realizar, resumos, análises concretas propostas polo profesor sobre capítulos ou fragmentos, tales como: caracterización dos personaxes, reflexión sobre o seu contido, narrador, temas, espazo, tempo, etc. que poderán ser tanto orais como escritas. Ofreceráselle tamén a posibilidade de optar a lecturas voluntarias, se así o desexasen, escollendo da listaxe elaborada para 2º ESO.

2.8.10.ALUMNADO DE EXENCIÓN 2º IDIOMA

RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5. Exención da segunda lingua estranxeira O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso recibirá **reforzo educativo** naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.

Liñas de actuación:

- **Definición:** O reforzo educativo na área de Lingua para o alumnado exento do segundo idioma ten unha carga lectiva de dúas sesións semanais e impártese nos cursos de 1º e 2º da ESO.
- **Obxectivo:** Atender á diversidade do alumnado reforzando as aprendizaxes da área nos casos de dificultades ou carencias lingüísticas coa finalidade de mellorar a súa competencia comunicativa.
- **Destinatarios:**
 - A) Alumnos/as de 1º ESO que se incorporan a este centro cun diagnóstico orientativo de Educación Primaria no que se aconsella a necesidade de reforzar a área de Lingua.
 - B) Alumnos/as repetidores de 1º ESO que xa contaron no curso pasado con esta medida.
 - C) Alumnos/as de 2º ESO que xa tiveron exención en 1º ESO.

- Principios metodolóxicos:

- O obxectivo e os destinatarios da materia condicionan os principios metodolóxicos que vertebrarán a ensinanza da materia :
- A aprendizaxe da Lingua plantéxase dende unha perspectiva funcional, dando prioridade ao aspecto instrumental.
- Os contidos teñen un enfoque procedimental e trabállanse partindo da realización de múltiples e variadas actividades.
- A selección de contidos incide naqueles que contribúen a mellora das capacidades comunicativas básicas tal e como se desenvolven nos Bloques do currículo de 1º e 2º da ESO. En base a isto damos preferencia aos contidos adicados ás habilidades lingüísticas:
 - Comunicación oral. escoitar e falar. **Comprensión e produción de textos orais.**
 - Comunicación escrita. Ler e escribir. **Comprensión de textos escritos. Composición de textos escritos.**

ASPECTOS A TRABALLAR:

COMPRESIÓN	Comprensión lectora Comprensión de textos orais Adecuación texto/contexto
LECTURA	Desenvolvemento do hábito lector Lectura dirixida
EXPRESIÓN	Producción de textos orais Producción de textos escritos Corrección lingüística oral e escrita Corrección caligráfica Corrección ortográfica Coherencia discursiva Léxico: ampliación, corrección, precisión Adecuación texto/contexto
FUNCIONAMENTO DA LINGUA	Enfoque procedimental

Ao comezo do curso cada profesor entregará ao alumnado a información básica que incluíra os criterios de avaliación do curso correspondente, os mínimos esixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación e de recuperación e os procedementos de avaliación da aprendizaxe que figuran nesta programación (DOG 15-06-2010).

2.9.TERCEIRO CURSO DA ESO

2.9.1.OBXECTIVOS CONCRETOS DO CURSO

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais cunha fonética galega correcta.
4. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico, manifestando a súa opinión e mostrando respecto cara á dos demais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
6. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.
7. Realizar exposicións orais planificadas con axuda das TIC.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
9. Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando calquera tipo de prexuízo.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
11. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
13. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
14. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
15. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención a posibles interferencias.

16. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
17. Identificar os conectores e outros mecanismos que lles dan cohesión aos textos.
18. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
19. Coñecer e aplicar as regras ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
20. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
21. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
22. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer as principais iniciativas normalizadoras da lingua e identificar os prexuízos.
23. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
24. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
25. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
26. Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
27. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
28. Elaborar traballos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
29. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados en clase.

2.9.2. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual.	LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes). LGB1.1.2. Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.	CCL	Comprender diversos textos orais propios dos medios de comunicación. Facer resumos destes textos.
B1.2. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.	B1.2. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.	LGB1.2.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. LGB1.2.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. LGB1.2.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	CCL CAA CSC	Diferenciar as ideas principais e as secundarias e identificar a intención comunicativa de varios textos orais dos medios de comunicación

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela	B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	<p>LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para melloralas.</p> <p>LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega.</p> <p>LGB1.6.2. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>	CCL CAA CCEC	Rexeitar os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega
B1.7. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión..	B1.7. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	<p>LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.</p> <p>LGB1.7.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios.</p> <p>LGB1.7.3. Avalía as intervencións propias e alleas.</p> <p>LGB1.7.4. Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.</p>	CCL CSC CAA	Participar activamente en debates ou coloquios respectando as regras de interacción, intervención e cortesía, manifestando a súa opinión e respectando a dos demais.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.8. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.	B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	<p>LGB1.8.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.</p> <p>LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>LGB1.8.3. Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.</p> <p>LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.</p> <p>LGB1.8.5. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p> <p>LGB1.8.6. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.</p> <p>LGB1.8.7. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.</p>	<p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>	<p>Participar en intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas do galego e unha fonética galega.</p>

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.9. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.	B1.9. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.	LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión. LGB1.9.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. LGB1.9.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas.	CCL CSC CSIEE CCEC	Realizar exposicións breves sobre temas educativos (libro de lectura obrigatoria)
B1.10. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.	B1.10. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.	LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. LGB1.10.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	CD,CAA CSIEE, CD	Utilizar as TIC para a realización de exposicións orais planificadas.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	<p>LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.</p> <p>LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.</p> <p>LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.</p> <p>LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.</p>	CCL CAA	Realizar esquemas, resumos, mapas conceptuais de textos dados.
B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos	B2.2. Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.	<p>LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.</p> <p>LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos).</p>	CCL CSC	Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.3. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.	B2.3. Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes.	LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes. LGB2.3.2. Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.	CCL CSC	Comprender e interpretar textos xornalísticos (entrevistas, crónicas...) Distinguir entre contidos informativos e opinións
B2.4. Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta).	B2.4. Comprender e interpretar textos de carácter educativo, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta.	LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas. LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe. LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.	CCL CAA CD	Comprender e interpretar textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.5. Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos.	B2.5. Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos.	LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos. LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.	CCL CAA	Identificar as ideas principais e secundarias de textos expositivos e explicativos.
B2.6. Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información.	B2.6. Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.	LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.	CCL CAA CD	Usar os recursos das bibliotecas e outros relacionados coas TIC para obter e seleccionar información
B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.	B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.	LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	CCL CSC	Identificar e expresar posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.8. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.	B2.8. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego.	LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto. LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.	CCL	Ler en voz alta de xeito fluído empregando a dicción e o ritmo axeitado á lectura.
B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros	B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.	LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros.	CCL CSC CD	Producir en formato papel ou dixital algún texto da vida cotiá como convocatorias de reunións, et c.
B2.10. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.	B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.	LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.	CCL CD	Producir en soporte impreso ou dixital textos xornalísticos.
B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos expositivos do ámbito educativo a partir da información obtida na	B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias	LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.	CCL CD	Usar correctamente nos traballos educativos as citas bibliográficas,

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
biblioteca ou outras fontes de documentación.	curriculares.	LGB2.11.2. Usa correctamente elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc.		índices, paxinación, notas ao pé, etc.
B2.12. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	<p>LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>LGB2.12.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos.</p> <p>LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.</p> <p>LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.</p> <p>LGB2.12.5. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais).</p> <p>LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CD</p> <p>CSC</p>	Redactar textos coherentes e ben cohesionados con coidado das normas ortográficas e tipográficas.
B2.13. Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.	B2.13. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e	LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a	CCL	Utilizar as TIC para organizar os contidos e mellorar a corrección dos

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
	corrixir as producións escritas.	presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.	CD	textos.
B2.14. Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.	B2.14. Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.	LGB2.14.1. Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.	CCL, CSC CCEC,CD	Redactar opinións sobre os libros de lectura e subilos ao blog da biblioteca e/ou outros.
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía.	LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.	CCL CAA	Recoñecer e usar adecuadamente o léxico que estuda nas distintas unidades didácticas.
B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.	B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.	LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.	CCL CCA	Producir textos orais e escritos cun uso correcto das distintas categorías gramaticais.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición).	B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras para crear novos elementos léxicos.	LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación.	CCL CCA	Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras
B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias.	B3.4. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.	LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.	CCL CAA	Recoñecer e usar a fonética da lingua galega
B3.5. Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.	B3.5. Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.	LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resollen as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.	CCL CD	Utilizar os dicionarios e outras fontes para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua
B3.6. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.	B3.6. Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.	CCL CAA	Empregar textos orais e escritos respectando as normas ortográficas e morfolóxicas.
B3.7. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación.	LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente.	CCL	Usar correctamente a puntuación nos textos de

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
				elaboración propia.
B3.8. Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada.	B3.8. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.	LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferenza os elementos que as desempeñan.	CCL CAA	Recoñecer as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.
B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.	B3.9. Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión.	LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.	CCL	Usar correctamente os conectores textuais para cohesionar os textos das producións propias.
B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores.	B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.	LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.	CCL	Identificar o tema, a estrutura e a progresión temática en textos dados. Elaborar textos propios tendo en conta os parámetros anteriores

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada.	B3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos.	LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor.	CLC CSC	Interpretar o sentido de textos orais e escritos e identificar a intención comunicativa dos mesmos.
B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CD	Realizar recensión dalgún libro ou libros ou dalgunha película, en varias linguas, tales como portugués, castelán, alemán, inglés ou francés, dependendo das que estuden ou coñezan.
B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA	Traballar cun mesmo texto en linguas distintas como galego, castelán e portugués e comparar as súas semellanzas e diferenzas..

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
Bloque 4. Lingua e sociedade				
B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo,	LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura. LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.	CCL CSC	Valorar a lingua como medio de relación e de sinal de identidade dun pobo. Distinguir entre bilingüismo e diglosia
B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.	B 4.2. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.	LGB4.2.1. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura. LGB4.2.2. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.	CCL CSC	Coñecer as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.
B4.3. A lusofonía	B 4.3. Coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.	LGB4.3.1. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega. LGB4.3.2.. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e	CCL CSC CD	Coñecer os territorios que forman parte da comunidade lusófona.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
		enciclopedias).		
B4.4. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula e barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.	B4.4. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega.	LGB4.4.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia. LGB4.4.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas. LGB4.4.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.	CCL CSC CD	Describir a situación sociolingüística de Galicia. Identificar castelanismos e depuralos no propio discurso.
B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.5. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.5.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega. LGB4.5.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego. LGB4.5.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	CCL CSC	Coñecer e comprender o concepto de normalización lingüística.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B4.6. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.	B4.6. Recoñecer os principios elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.	LGB4.6.1. Recoñece os principios elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. LGB4.6.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. LGB4.6.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. LGB4.6.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. LGB4.6.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	CCL CSC CD	Coñecer a orixe e formación da lingua galega e as causas máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.
B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.	B4.7. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.	LGB4.7.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.	CCL CSC	Coñecer a situación legal e sociolingüística do galego.
B4.8. Prexuízos lingüísticos.	B4.8. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.8.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	CCL CSC	Coñecer o que é un prexuízo e identificar os que afectan ao galego.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.	B4.9. Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia.	LGB4.9.1. Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego. LGB4.9.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. LGB4.9.3. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	CCL, CSC	Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego.
Bloque 5. Educación literaria.				
B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.	B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.	LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.	CCL	Explicar razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a época medieval ata 1916
B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura. LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos	CCL	Ler e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
		<p>característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</p>		
		<p>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</p> <p>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).</p>		
<p>B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</p>	<p>B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</p>	<p>LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</p> <p>LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da</p>		

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
		literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.	CCL	Ler textos de distintos xéneros literarios pertencentes a este período.
B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	CCL	Elaborar traballos individuais ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega desde a Idade Media a 1916
B5.5. Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.	B5.5. Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas. LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.	CCL CD	Realizar un traballo sinxelo sobre algún autor, época ou obra para o que teña que consultar información básica e traballar coas TIC.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
<p>B5.6. Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.</p>	<p>B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.</p>	<p>LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.</p> <p>LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.</p>	<p>CCL</p> <p>CCEC</p>	<p>Crear textos literarios sinxelos partindo das características dos traballados na aula, nomeadamente cantigas de amigo.</p>

2.9.3. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira semana do curso realizarase a cada grupo unha proba escrita de avaliación inicial que permita ao profesorado coñecer con maior precisión o nivel de competencias acadado, os coñecementos reais de cada alumno e detectar os posíbeis problemas que poidan existir.

Isto axuda a coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas axeitadas., para solicitar a intervención doutros sectores se é necesario (titor, xefatura de estudos, departamento de orientación, familia...) e establecer unha primeira guía de actuación para corrixir estes.

Esta proba de avaliación inicial inclúe:

- Cuestións sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores.
- Actividades de comprensión e expresión a través dun texto escrito ou oral para avaliar a comprensión lectora e a competencia comunicativa.
- Breve cuestionario sobre o uso da lingua galega en diferentes ámbitos.

2.9.4. LIBRO DE TEXTO:

VARIOS AUTORES: *Lingua e Literatura 3*, Ed. Anaya

2.9.5. TEMPORALIZACIÓN

Na 1ª avaliación estudaranse as unidades 1 á 4.

Na 2ª avaliación da 5 á 8.

Na 3ª avaliación da 9 á 12.

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

Cada unidade desenvolverase ao longo de oito sesións aproximadamente que poderán variar dependendo da asimilación dos contidos e dos resultados de aprendizaxe que se van obtendo.

2.9.6. PLAN LECTOR.

Ás obras de lectura obrigatoria dedicaráselle polo menos unha clase quincenal para ler, comentar, explicar e analizar as cuestións que o profesor estime oportuno ou que xurdan por parte do alumnado. Para cualificar estas lecturas realizarase unha proba de control en cada avaliación que suporá o **15%** da nota do trimestre.

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase cun máximo de 0,5 puntos (en ningún caso poderán sumar máis de 2 puntos en total) na avaliación correspondente, que se sumarán á nota obtida nos demais apartados avaliábeis, sempre e cando esta non sexa inferior a un 4 e

se teña demostrada a lectura completa da obra de lectura obrigatoria correspondente ao trimestre.

Lecturas:

Obrigatorias (unha por avaliación):

Veleno tinto, Ramón Carredano Cobas

En galego por que non? de M. Núñez Singala

O centro do labirinto, de Agustín Fernández Paz.

Voluntarias (repartiranse por avaliacións en 5, 5 e 4 ,segundo o criterio do profesor)

Febre, Héctor Carré

O pintor do sombreiro de malvas, Marcos Calveiro

Rebeldes, de S. H. Hinton.

2044, Eduardo Santiago

A casa da luz, Xavier P. Docampo

Guía para xoves maniáticos, Aidan Macfarlane, Ann McPerson

Anxos en tempos de chuvia, Miguel Vázquez Freire

¡Asústate, Merche!, Fina Casalderrei

A expedición do Pacífico, Marilar Aleixandre

As lágrimas de Shiva, César Mallorquí

Nun lugar chamado guerra, Sierra i Fabra, Jordi

Endogamia 0.2, Ramón Caride/ Ilustrador: Manuel Busto

Exogamia 03, Ramón Caride/ Ilustrador: Manuel Busto

Trampa de luz, Agustín Agra

Atendendo ao obxectivo citado de lograr criterios persoais na selección de lecturas, o profesorado poderá ter en conta en cada avaliación outras lecturas voluntarias que efectuase o alumno, sempre que fose baixo a dirección do profesor e demostrando logo a comprensión e lectura da/s obra/s.

Poderá utilizarse Cousas de Castela, que figuraba nas lecturas obrigatorias ata o pasado curso, como libro co que esporadicamente traballar na aula a través da lectura e análise dalgúns dos seus textos.

2.9.7.ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

No desenvolvemento das distintas unidades didácticas obteranse resultados de aprendizaxe vinculados aos estándares que inclúe o currículo da materia así como ao correcto desenvolvemento das competencias básicas, para avaliar eses resultados farase necesario planificar a realización e recollida de probas que mostren o seu nivel de consecución, así como a súa evolución ao longo do curso.

A seguir detállanse **as actividades de aprendizaxe avaliáveis** en cada bloque de contidos:

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

-Identificación nunha serie de definicións dos conceptos de texto, xénero textual e xéneros do ámbito da comunicación social.

- Clasificación de diferentes xéneros periodísticos orais en función da modalidade discursiva prototípica (ou tipo de texto) e da intención comunicativa que vehiculan.
- Utilización dun cadro ou esquema da estrutura textual global dos xéneros noticia e entrevista audiovisual para rexistrar mostras destes xéneros emitidas en galego por radio ou TV (en directo ou a partir da páxina web) anotando no cadro a información que se proporciona en cada sección.
- Lectura dunha noticia e dunha entrevista e realización de guións para presentar un resumo oral das mesmas .

En parellas ou en pequenos grupos, selección de dúas noticias das xa rexistradas e identificación da información fundamental que proporcionan respondendo as preguntas que?, quen?, cando?, onde?, como? e por que?

- En parellas ou en pequenos grupos, selección dunha entrevista das rexistradas e identificación do tema, da información máis relevante e da intención comunicativa do entrevistado.
- Rexistro de dúas noticias que tratan o mesmo feito emitidas en distintos medios e explicación das diferenzas que presentan en canto á información que proporcionan.
- Audición no seu medio de diferentes xéneros radiofónicos ou televisivos e identificación e rexistro escrito de expresións que implican prexuízos ou discriminacións indicando cal é o prexuízo ou discriminación que manifestan.

Identificación nunha serie de definicións do concepto de xéneros do ámbito académico.

- Clasificación de diferentes xéneros académicos en función da canle indicando a modalidade discursiva e o rexistro prototípicos e a intención comunicativa que vehiculan.
- Identificación da secuencia discursiva dominante e dos seus trazos lingüísticos máis característicos: tipos de verbos, modo e tempos verbais, persoa gramatical, conectores e marcadores discursivos.
- Identificación do rexistro indicando algúns trazos lingüísticos que o caracterizan: modalidade oracional predominante, orde dos elementos da oración, deíxe de persoa e deíxe social e tipo de léxico.
- Identificación da variedade dialectal utilizada polo(s) emisor(es) indicando algúns trazos lingüísticos que a caracterizan: gheada, seseo, ditongo –oi-/–ui- e plural das palabras rematadas en –n.
- Identificación das explicacións e aclaracións proporcionadas e dos marcadores discursivos que as introducen.

Utilización dun cadro ou esquema da estrutura textual do xénero debate nunha mostra deste xénero e rexistro no cadro da información presentada en cada sección.

- Identificación da secuencia discursiva dominante indicando os seus trazos lingüísticos máis característicos e a intención comunicativa que vehicula.
- Identificación do rexistro indicando algúns trazos lingüísticos que o caracterizan.
- Identificación do tema, da tese defendida e das razóns ou argumentos con que se defende, así como a postura contraria e os seus argumentos.
- Identificación dos procedementos lingüísticos utilizados para manifestar acordo cunha tese e para manifestar desacordo.

• Dada a descrición dos seguintes factores da situación de comunicación que determinan a elección do rexistro:

- Relación persoal que manteñen os interlocutores: de proximidade ou de distancia.
- Relación social e/ou funcional que existe entre eles: de igualdade ou de desigualdade

(sexa funcional ou social).

- O espazo físico no que se desenvolve a interacción.
- A temática da conversación: da vida cotiá, ou dun campo do saber (ciencia, arte, historia...).
- 1. Selección do rexistro adecuado a esta situación: coloquial, semiformal ou formal.
- 2. Propostas de fórmulas de saúdo, petición e despedida adecuadas.
- 3. Proposta de formas de tratamento adecuadas.
- 4. Exemplificación do léxico que non se debe usar.
- 5. Recollida en series de TV dun diálogo que exemplifique as características sinaladas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

Lectura silenciosa do texto, lectura atenta de cada un dos parágrafos e subliñado da idea principal desenvolvida en cada un deles.

- Resumos de textos que teñen que recoller a información relevante e relacionar as ideas utilizando marcadores discursivos.
- Representación das ideas en esquemas e cadros.
- Identificación do significado literal (ou convencional) de determinadas expresións e enunciados e interpretación do seu sentido no contexto no que son utilizados.
- Consulta de dicionarios de modismos, refráns, frases feitas..., e de dicionarios xerais en soporte papel ou dixital.

Identificación nunha serie de definicións dos conceptos de clase de texto (ou xénero), tipo de texto (ou modalidade ou forma discursiva dominante nun texto) e xéneros do ámbito público.

- Clasificación de diferentes xéneros segundo o ámbito de creación e uso e clasificación como tipo de texto en función da modalidade (ou forma) discursiva.
- Identificación do esquema textual dos xéneros convocatoria e acta (encabezamento, corpo e peche) en mostras destes xéneros e recoñecemento das marcas lingüísticas características da secuencia discursiva predominante no desenvolvemento do seu contido:
 - Clases de verbos.
 - Modalidade oracional.
 - Modo e tempo verbais.
 - Persoa gramatical.
 - Construcións sintácticas.
 - Adverbios e locucións.
 - Marcadores discursivos.

Análise de diversas mostras do xénero noticia xornalística para identificar a modalidade discursiva predominante e as súas marcas lingüísticas (modalidade oracional; clase de verbos; modo e tempo verbais; persoa gramatical; adverbios e locucións; marcadores discursivos).

- Recoñecemento das marcas lingüísticas da modalidade (ou forma) discursiva narrativa como expresión da intención comunicativa de informar.
- Identificación en mostras do xénero entrevista xornalística das marcas lingüísticas da expresión da opinión (verbos de dicción, vontade e pensamento; persoa gramatical: 1ª de singular; referencias e apelacións á 2ª persoa; modalidade oracional aseverativa, imperativa interrogativa e exclamativa; léxico valorativo; marcadores discursivos explicativos, de reforzo argumentativo, de evidencia, conectores; preguntas retóricas).

Identificación en textos expositivos e descritivos do concepto, problema ou tema que pretenden aclarar ou facer comprender e das ideas que expresan sobre el: características, elementos ou partes que o constitúen, funcións que cumpren, etc.

- Recoñecemento dos recursos utilizados para aclarar ou facer comprender o concepto, tema ou problema.
- Recoñecemento da intención comunicativa que vehiculan os textos analizados.
- Representación en cadros ou esquemas do modo de organizar as ideas nun texto descritivo.

En parellas, procura e lectura de mostras do xénero recensión dun libro xuvenil, xa lido polos alumnos, para identificar opinións do autor da recensión e apoiar ou contradicir esas opinións utilizando razóns.

- Lectura atenta para detectar expresións que manifesten de forma implícita ou explícita algún tipo de discriminación ou prexuízo.

Lectura expresiva de diferentes xéneros, despois dunha lectura silenciosa previa, para practicar: o cambio de entoación (para expresar as diferentes modalidades oracionais); o control da velocidade de lectura e do volume; a realización das pausas e da duración das mesmas indicada polos signos de puntuación; a acentuación e a pronuncia correcta respectando os patróns fonéticos do galego.

En parellas, redacción dunha noticia periodística e dunha entrevista reproducindo as súas estruturas textuais, a forma de desenvolver o contido e o rexistro.

En grupo, revisión e, se é o caso, corrección do texto atendendo aos seguintes aspectos:

- Coherencia:

- As ideas están ordenadas de forma lóxica, ou cronolóxica, sen contradicións?
- A información é suficiente e pertinente, ou sobran ou faltan datos?
- Existen demasiadas repeticións e digresións que dificulten a progresión do tema ou a súa comprensión?

- Cohesión:

- Os marcadores discursivos elixidos son os adecuados para a correcta interpretación do texto, ou non?
- Faltan, ou sobran marcadores?

- Adecuación:

- O rexistro é o adecuado para interactuar no ámbito académico, ou non?

- Corrección:

- Os recursos tipográficos están correctamente utilizados, ou non?
- Existen erros gramaticais?

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

- Recollida, en textos de diferentes materiais curriculares, de terminoloxía específica, busca en dicionarios e vocabularios específicos de diferentes disciplinas do termo galego correspondente e rexistro, xunto coa súa definición, no caderno de exercicios.

Clasificación de palabras e de grupos de palabras segundo a súa categoría gramatical, indicando a súa clase, uso e funcións sintácticas que poden desempeñar.

- Lectura de diferentes textos e clasificación dos mesmos como narrativos, descritivos, expositivos ou argumentativos indicando os trazos lingüísticos característicos e as clases de palabras que son clave en cada modalidade para a súa identificación.

- Identificación de palabras derivadas explicando se están formadas por prefixación ou por sufixación.
- Explicación do significado que lle proporcionan ás palabras diferentes prefixos e sufixos.
- Segmentación de palabras formadas por prefixación e por sufixación.
- Dados uns determinados prefixos e sufixos e unha listaxe de termos, formación de novas palabras indicando o seu significado e, nos casos de sufixación, se hai cambio de categoría gramatical da palabra formada e se se produce un significado específico (diminutivo, aumentativo, pexorativo).
- Formación de familias de palabras mediante sufixación.
- Audición de palabras que conteñan *e/o* abertos e reprodución das mesmas.
- Discriminación dos *e/o* abertos e pechados tras a audición de pares de palabras: unhas que conteñan *e/o* abertos, e outras, *e/o* pechados.
- Nunha listaxe de enunciados, marcar aquelas palabras que conteñan *e/o* abertos tras a audición de cada enunciado.

Utilización do dicionario para comprobar se as palabras creadas están rexistradas e son normativas. No caso de que non sexa así, substitución polo termo correcto

- Localización en textos de palabras agudas, graves e esdrúxulas e explicación de por que deben levar ou non acento gráfico.
- Ditados e corrección colectiva de erros de acentuación.
- Realización dun cadro no que se recollan parellas de palabras que se diferencian polo acento diacrítico e explicación do significado de cada unha delas.
- Acentuación gráfica de palabras agudas, graves e esdrúxulas de series nas que aparecen sen acento gráfico.
- Localización en textos de palabras escritas con *b/v*; *c/qu/z*; *g/gu* e explicación da norma ortográfica do uso aplicable en cada caso.
- Ditado e corrección colectiva de erros.
- Puntuación de textos, presentados sen determinados signos de puntuación, nos que aparezan: enumeración de elementos, oracións con verbo omitido, oracións con incisos explicativos, oracións interrogativas con dous termos separados pola conxunción *ou*, etc.
- Lectura de textos, segmentación en enunciados e identificación das oracións e dos elementos extraoracionais que os constitúen.
- Establecemento da modalidade da oración en función da actitude do falante ante o que comunica.
- Identificación da modalidade oracional básica (declarativa, interrogativa, imperativa, exclamativa) predominante nun texto.
- Identificación de oracións simples.
- Análise sintáctico de oracións simples determinando:
 - desempeñan estas funcións.
 - O sintagma nominal e o sintagma verbal, identificando o núcleo.
 - O tipo de predicado: o nominal e o verbal.
 - O atributo, identificando as categorías gramaticais que funcionan como tal.
 - O CD e o CI e as súas categorías gramaticais. As funcións oracionais: suxeito e predicado, e categorías gramaticais que desempeñan estas funcións.
 - O sintagma nominal e o sintagma verbal, identificando o núcleo.
 - O tipo de predicado: o nominal e o verbal.
 - O atributo, identificando as categorías gramaticais que funcionan como tal.
 - O CD e o CI e as súas categorías gramaticais.

- Lectura de texto e identificación dos procedementos de cohesión utilizados: repeticións de palabras, uso de sinónimos, hipónimos, hiperónimos, termos pertencentes a unha familia de palabras ou a un mesmo campo léxico e diferentes marcadores discursivos.
- Interpretación das inferencias que indican os marcadores discursivos.
- Creación de textos propios utilizando estes recursos.
- Lectura e identificación do tema e da idea principal dun texto buscando as respostas ás preguntas: de que se fala no texto? e que é o máis importante do que se di sobre o tema?
- Lectura atenta de cada un dos parágrafos, segmentación en oracións e identificación da oración principal. Interpretación da información que proporciona con respecto ao tema indicando se é unha repetición de ideas ou se, pola contra, contribúe á progresión temática.
- Creación de textos e corrección dos mesmos eliminando a información repetida e a irrelevante para o desenvolvemento do tema.
- Lectura e identificación do significado literal dunha mensaxe, interpretación do seu sentido tendo en conta o contexto de emisión e identificación da intención.
- Identificación da intención comunicativa expresada en actos de fala indirectos.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

- Lectura individual dunha serie de enunciados constituídos por elementos verbais e por emoticonas, e expresión só verbal da interpretación da mensaxe que transmiten.
 - En parellas ou en pequenos grupos, comparación da interpretación persoal de cada quen e posta en común dunha solución que exprese os posibles matices de significado.
 - Extracción de conclusión sobre a precisión e eficacia comunicativa da lingua con respecto a outras formas de comunicación.
- Relación dunha serie de idiomas con series de feitos históricos e manifestacións culturais de diverso tipo, indicando, para cada bloque resultante, o país ou nacionalidade de que se trata. Comentario sobre os estereotipos que existen sobre os falantes de cada idioma.
- Relación dos termos bilingüismo individual, bilingüismo social e diglosia coa súa definición e cos trazos que os identifican.
- Relación do termo bilingüismo, ou plurilingüismo, inclusivo coa súa definición e cos trazos que o identifican.
- Lectura colectiva en voz alta, e posterior lectura silenciosa, de textos extraídos do documento *Ecoloxismo. O galego o noso medio natural*, realizado pola Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) Área de Normalización da Universidade de Vigo e, en parellas ou en pequenos grupos, análise do seu contido explicando:
 - Como se define a diversidade lingüística?
 - Que expresa unha lingua?
 - A quen afecta a desaparición dunha lingua?
 - Segundo a UNESCO, por que se extingue unha lingua?
 - Que significa a perda dunha lingua?
 - De que depende a perdurabilidade dunha lingua?
- Resumo escrito da historia social do galego-portugués desde o momento en que se considera lingua romance ata que se divide en galego e portugués.
- Definición de lusofonía indicando os países e rexións xeográficas que constitúen o espazo da lusofonía, número de falantes en todo o mundo e datos cuantitativos sobre o seu uso na Internet.
- Por parellas, ou en grupos reducidos, procura na rede de diferentes iniciativas de participación galega no espazo da lusofonía, e realización dun artigo sobre o traballo e as actividades desenvolvidas por *Ponte... nas Ondas!*
- Por parellas, ou en grupos reducidos, análise dos datos estatísticos publicados en 2014 polo Consello da Cultura Galega sobre o coñecemento e uso do galego indicando:

- Que lingua predomina a nivel oral entre a poboación galega?
 - En que ámbitos se utiliza máis o galego?
 - En que ámbitos se utiliza máis o castelán?
 - Que lingua predomina a nivel escrito?
 - En que lingua ven a TV, escoitan a radio e navegan por Internet os galegos?
 - Cal é a lingua que predomina nas lecturas de libros e prensa escrita?
 - Interpretación dos datos indicando se existe ou non un equilibrio entre o uso do galego e do castelán e, consecuentemente, se se pode falar dunha situación de diglosia ou non.
 - Análise dos datos sobre o uso do galego en función da idade e extraer conclusións sobre a actitude da mocidade ante o galego.
-
- Identificación dos castelanismos nunha serie de refráns, enunciados fraseolóxicos e locucións, e substitución polas expresións galegas. Elaboración de enunciados utilizando estas expresións.
-
- Definición dos conceptos normalización e normativización lingüísticas e explicación de por que é necesaria a normativización dunha lingua para a súa normalización.
 - Lectura de textos sobre o *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* e resumo indicando cales son os seus obxectivos.
 - Procura na rede de diferentes actuacións e campañas a favor da normalización lingüística levadas a cabo por diferentes organismos nos últimos anos, como, por exemplo, *Ecoloxismo. O galego o noso medio natural*, realizado pola Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL). Área de Normalización da Universidade de Vigo.
 - En parellas ou en grupo, realización dun cadro no que se rexistren as linguas de substrato, a lingua base e as linguas de superestrato que contribuíron á formación do galego, a época histórica na que se sitúan así como exemplos de léxico común, antropónimos e topónimos de orixe preindoeuropea, celta, xermánica e árabe.
 - Rexistro de topónimos da propia zona xeográfica e identificación da súa orixe.
 - Rexistro de antropónimos do medio familiar e social máis inmediato e identificación da súa orixe.
 - Traballo colaborativo: en equipos, realización guiada dun cadro no que se recollan os grandes períodos e etapas da historia social da lingua galega desde o século IX ata o ano 1916; a cronoloxía en séculos e en idades históricas; a situación político-económica en cada período indicando quen exercía o poder e as accións que condicionan o uso do galego nos diferentes ámbitos de interacción, tanto a nivel oral coma escrito; a situación sociolingüística resultante en cada época: status social do galego; existencia ou non dun proceso de estandarización; ámbitos de uso a nivel oral; ámbitos de uso a nivel escrito: educación, ciencia, administración, periodismo, actos litúrxicos, literatura, textos escritos que se conservan e personaxes relevantes na defensa da lingua galega.
 - Utilización de libros de texto, enciclopedias e as TIC para obter información.
-
- En parellas, realización dun cadro no que se recollan as linguas que se falan no Estado español, o territorio que ocupan, a súa orixe, o seu status legal e o número de falantes *de cada unha.
 - Definición de prexuízo lingüístico e exemplificación: enumeración dos prexuízos máis comúns e estendidos sobre a aprendizaxe e utilización do galego. Presentación de argumentos en contra para rebater cada un dos prexuízos citados.
 - definición de variante e exemplificación: utilizando como elemento lingüístico variable a formación do plural dos substantivos rematados en -n, indicar distintas formas de realización (ou variantes) en cada un dos bloques dialectais e na lingua estándar.

- Definición de variedade lingüística indicando as variedades xeográficas e as variedades socioculturais galegas.
- Traballo colaborativo: en parellas ou grupos, realización guiada dun cadro no que se recollan o conxunto de variantes máis significativas nos planos fonético-fonolóxico e morfosintáctico de cada bloque dialectal e para o galego estándar.
 - Lectura e audición de textos utilizando o cadro realizado para a identificación da variedade dialectal empregada.
- Traballo colaborativo: en parellas ou en grupo, realización guiada dun cadro no que se recollen os trazos lingüísticos máis característicos nos planos fonético-fonolóxico, morfo-sintáctico e léxico-semántico dos niveis de lingua culto, medio, popular urbano e popular rural.
 - Lectura e audición de textos utilizando o cadro realizado para a identificación da variedade sociocultural empregada en cada un.
- Utilización dos cadros para identificar na propia produción lingüística o nivel de lingua que posúe e a variedade dialectal utilizada tanto na expresión escrita coma na oral.
 - Valoración por escrito da propia competencia sociolingüística.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Visita na rede de distintas páxinas que proporcionan manifestacións da literatura popular, tales como: www.galiciaencantanda.com , www.orellapendella.org, www.youtube.com/watch?v=W1JmdQiWIsI. Identificación das súas características.
 - Lectura e análise de textos populares: contos, cantigas, adiviñas, refráns, romances... Indicación do tema e argumento dos contos, dos recursos de repetición das cantigas, romances e refráns, a solución das adiviñas, etc.
 - Buscar na rede a imaxe do Pergamiño Vindel.
 - Audición de diversas cantigas cantadas.
 - Análise temática e formal de varias cantigas de amigo: clasificación do tipo de cantiga, identificación das marcas de xénero, do refrán, paralelismo e leixaprén, do tipo de rima, etc.
 - Audición de diversas cantigas de amor.
 - Análise temática e formal de varias cantigas de amor: identificación dos temas propios desta cantiga, das marcas de xénero, das características formais máis significativas (dobre, mordobre, finda, atafinda, cantiga de refrán ou de mestría, etc.)
 - Análise temática e formal dunha cantiga de escarnio, dunha pastorela e dunha tenzón identificando os trazos máis significativos deste tipo de cantigas.
 - Clasificación, segundo o xénero, de diversas cantigas.
 - Xustificación do xénero ao que pertencen diversas cantigas.
 - Audición das versión musical dunha cantiga de Sta. María.
 - Identificación e diferenciación entre unha cantiga de loor e unha cantiga narrativa sinalando as diferenzas e as semellanzas.
 - Lectura dun texto de prosa medieval: fragmento da *Demanda do Sto. Graal*
 - Indicación do argumento e dos personaxes que interveñen no fragmento lido.
 - Lectura comprensiva de varios textos pertencentes aos Séculos Escuros (*Respice finem, vilancico, fragmento de Coloquio de 24 gallegos rústicos, fragmento de Entremés famoso da pesca no río Miño*)
 - Comentario de texto guiado dun fragmento adaptado do *Pranto da Frouseira* :
 - Identificación da voz poética.
 - Métrica.
 - Estrutura,

- Resumo do contido.
- Búsqueda de información sobre o pazo da Frouseira e o Mariscal Pardo de Cela.
- Búsqueda de información na páx. da Biblioteca virtual galega: www.bvg.udc.es, sobre os outros autores do século XVIII.
- Lectura comprensiva de textos do Prerrexurdimento: *A Galicia* de X.M. Pintos e *Coitas da emigración* de V. Lamas Carvajal
- Comentario de texto guiado de *A Galicia* de Francisco Añón:
 - Indicación da voz poética.
 - Análise da oposición entre presente e futuro.
 - Búsqueda de exemplos de temática intimista, paisaxista, costumista e social.
 - Análise da métrica.
 - Búsqueda de información na Bliiblioteca virtual galega sobre as circunstancias persoais de Francisco Añón e posta en relación co expresado no poema.
- Audición de poemas de Rosalía de Castro cantados por distintos intérpretes (Amancio Prada, Luz Casal, etc.)
- Lectura comprensiva de varios poemas de Cantares gallegos e Follas novas ("*Quíxente tanto meniña*", "*Campanas de Bastabales*", "*Daquelas que cantan...*", "*Prá Habana*"...)
- Comentario de texto guiado de "*Adiós ríos, adiós fontes*":
 - Identificación da voz poética
 - Análise do desenvolvemento do poema a partir do cantar popular inicial
 - Sinalar os elementos da paisaxe idealizada (*locus amoenus*) dos que ten que arredrarse a voz poética.
 - Explicar como se reflicte a oposición entre o pasado feliz e o futuro incerto.
 - Búsqueda no poema dos versos que sinalan a causa da partida.
 - Indicación de con que recurso se expresa o afastamento progresivo da aldea.
- Audición de poemas de Curros cantados (Luís Emilio Batallán)
- Lectura comprensiva de varios textos de Curros Enríquez ("*Cántiga*", "*O maio*", fragmento de "*A Virxe do Cristal*")
- Comentario de texto guiado de "*Na chegada a Ourense da primeira locomotora*":
 - A que interlocutores se dirixe a voz poética?
 - Que efectos positivos ten a máquina?
 - Explicación da antítese da cuarta estrofa.
 - Con que elementos relixiosos é comparada a locomotora?
 - Que representa a catedral?
 - Análise da métrica do poema.
 - Escrita dun texto preferiblemente en verso sobre a chegada do AVE a Galicia.
- Audición do himno galego
- Lectura comprensiva de varios poemas de Eduardo Pondal ("*Nobre e harmoniosa/ fala de Breogán*", "*Meniña, rapaza nova*", "*Cando os duros machados/feren os altos pinos*"...)
- Comentario de texto guiado do poema: "*Os pinos*":
 - Consultar no dicionario o significado destas palabras do poema: fungar, encono, arroubo, férridos, vaguedades.
 - Indicar a que fan referencia as seguintes expresións do poema:
 - a) «Os rumorosos».
 - b)«Costa verdecente».
 - c) «Altas copas de escuro arume arpado».
 - d)«Fogar de Breogán».
 - e) «Confín dos verdes castros e valoroso chan»
 - Búsqueda dos hipérbatos que aparecen entre os versos 9 e 14.
 - Localización dos versos nos que se fai un chamamento a Galicia para que esperte.
 - Análise das antíteses da estrofa 3.

- Búsqueda de información na rede sobre Breogán.
- Lectura dun fragmento de *Maxina ou a filla espúrea* de Marcial Valladares.
- Búsqueda dos trazos caracterizadores da inocencia de Maxina que utiliza o autor para insistir na súa inocencia.
- Comentario de texto guiado dun fragmento (Escenas XI e XII, Acto I) da obra teatral: *A fonte do xuramento* de Francisco María de la Iglesia:
 - Análise das diferentes opinións de Minia e Minga na escena XI.
 - Indicación do tema da escena XII.

2.9.8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para a cualificación final do alumnado en cada trimestre terase en conta o conxunto de actividades que se teñan realizado ao longo do mesmo co fin de avaliar as evidencias de aprendizaxe, as competencias básicas e os progresos obtidos. Utilizaranse distintas ferramentas de avaliación deste proceso de aprendizaxe :

- **Para avaliar as actitudes e uso da lingua galega na aula:**
 - A participación activa en traballos colaborativos, nos intercambios comunicativos, etc.
 - O uso da lingua galega como instrumento de comunicación para interactuar cos seus compañeiros e co profesor, expresión fluída, respecto polos padróns fonéticos do galego, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión escrita:**
 - Tarefas e actividades escritas presentadas en soporte papel ou dixital.
 - Cadernos e/ou apuntamentos.
 - Probas como: ditados, resumos, redaccións, desenvolvemento de temas,etc.
 - Exames con preguntas tipo tema, pregunta curta, preguntas de resposta múltiple e de resposta aberta, comentarios, produción de textos, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión oral:**
 - Realización de lecturas expresivas na aula (diálogos, relatos, poemas...)
 - Traballos de exposición oral na aula.
 - Intervencións en debates, conversacións con compañeiros e profesor.
- **Para avaliar a comprensión lectora:**
 - Lectura de obras literarias e de textos académicos e dos medios de comunicación.
 - Resumos escritos e orais dos textos lidos.
 - Traballos escritos sobre aspectos determinados dunha obra presentados en soporte papel ou dixital.
 - Probas escritas que comprobán a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios.
- **Para avaliar a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios:**

-Proba escrita que inclúe preguntas sobre o argumento, personaxes, narrador, espazo, tempo, etc.

En cada avaliación realizaranse polo menos **dúas probas escritas** co fin de valorar tanto a aprendizaxe dos contidos do currículo como o correcto desenvolvemento das competencias básicas.

As probas escritas partirán sempre dun modelo máis ou menos estandarizado con exercicios e/ou preguntas de léxico, ortografía, gramática, lingua e sociedade, literatura e expresión escrita, correspondentes ás unidades traballadas en cada avaliación. Nelas haberá exercicios prácticos, con preguntas de completar, relacionar, reflexionar, explicar, etc. e tamén outras de desenvolver algún aspecto dalgún tema. Propóranse sempre situacións reais de uso da lingua, empregando o léxico en oracións ou elaborando diferentes tipos de textos a partir duns parámetros propostos. **A puntuación será proporcional en cada apartado arriba sinalado, tendo en conta que os exercicios de análise dun texto ou de produción do mesmo obterán unha puntuación maior, podendo chegar a ser o dobre que cada unha das demais.** O resultado obtido polo alumnado nestas probas suporá o **65%** da cualificación final da avaliación.

-As evidencias dos estándares de aprendizaxe e o traballo competencial avaliaranse ademais no traballo diario na aula, traballos individuais ou en grupo, chamadas orais, tarefas realizadas ou non, progresión, etc.,

- Será esencial tamén a observación da actitude positiva ou negativa (respecto ao profesor e aos compañeiros, participación, uso da lingua galega nas súas intervencións na aula, respecto pola mesma, etc.) .

Estes apartados suporán o **20%** da cualificación. Unha actitude negativa cara á lingua, non empregándoa de maneira sistemática, ou as faltas de respecto reiteradas na aula poderán supoñer unha diminución importante da porcentaxe correspondente a este apartado na cualificación final.

Non é doado levar a cabo **probas orais** de maneira sistemática en cada avaliación, dado o tempo necesario tendo en conta o elevado número de alumnos por aula neste centro educativo. Contamos, por suposto, coa observación directa a través da intervención e participación do alumnado na aula; isto xunto coas posibles probas realizadas medirá a competencia oral en lingua galega. De incluírense algunhas específicas nalgunha avaliación o apartado anterior puntuaría o **10%** da cualificación final e estas supoñerían o **10%** restante. Para a súa avaliación observarase o grao de corrección respecto de: **a adecuación (2p), coherencia e cohesión (2p.), pronuncia e entoación (2p.), gramática (2p.) e léxico (2p.).**

A proba do libro de lectura obrigatoria, que poderá ser oral ou escrita, obterá unha cualificación que suporá o **15%** da nota final e ten como finalidade principal a comprobación da

lectura polo que as preguntas da mesma terán que ver co argumento, personaxes, tema, tipo de narrador, opinión, etc.

Realizarase tamén unha proba que comprobe a lectura dos libros voluntarios que utilizará o mesmo criterio que a do obrigatorio. A puntuación obtida nestoutra (como xa quedou sinalado, **0,5** como máximo por libro, en ningún caso poderá ser superior a 2p) sumarase á cualificación resultante dos apartados anteriores, sempre e cando esta non sexa inferior a e quede demostrada a lectura completa do libro de lectura obrigatoria.

Actividades de carácter voluntario

A realización de traballos de carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final, sempre que a avaliación estea aprobada; o límite máximo será un punto, dependendo da calidade, implicación, etc. O profesorado indicará as pautas a seguir en cada caso concreto.

Estas actividades estarán organizadas polo propio Departamento de Lingua Galega e Literatura, ou en colaboración con outros coma o de Normalización Lingüística.

En todas as probas, exames e traballos terase en conta a **presentación, ortografía, puntuación, gramática e léxico (dominio, desviacións da norma...)**; polo tanto penalizarase o alumnado no caso de cometer faltas nalgún deses apartados atendendo aos seguintes criterios:

Faltas leves (acentuación, desviacións da norma e ortografía coas que estean pouco familiarizados) **-0,05**.

Faltas graves (tiles diacríticos, ortografía e desviacións da norma de uso frecuente e xa estudados no curso, gramática que afecte a temas pouco desenvolvidos...): **-0,10**

Faltas moi graves (ortografía e desviacións da norma de uso moi frecuente e xa estudados, gramática (tempos compostos, uso incorrecto dos pronomes persoais, conxugación verbal...): **-0,15**

En calquera caso devandita penalización nunca poderá exceder dos dous puntos.

Se un alumno/a non se presenta a un exame, oral ou escrito, sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, e esta actitude é manifestamente reiterativa, o profesor/a valorará a pertinencia de realizarlle unha proba individual nunha data que será fixada por el ou ela.

Se durante a realización dunha proba de avaliación un alumno/a é sorprendido/a copiando retiraráselle devandita proba e realizaráselle, a ser posible xa de forma inmediata, unha nova.

A avaliación será continua (DOG 07-01-2008), en números do 1 ao 10, sendo necesario para acadar o aprobado a obtención dun 5, como nota final tras o cálculo de todas as cualificacións e a aplicación das porcentaxes que lle corresponden.

No mes de xuño realizarase unha **proba de recuperación** a aqueles alumnos/as que coa media da nota das avaliacións non consigan o aprobado na materia.

Proba extraordinaria de setembro: O alumnado que non acade unha cualificación positiva (5 ou máis de 5) en xuño terá que presentarse á proba de setembro para poder acadar a promoción da materia, para tal fin o Departamento elaborará unha proba baseada só no libro de texto oficial e outros posibles materiais didácticos proporcionados polo profesorado. Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

2.9.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Despois da avaliación inicial recompilarase a información obtida sobre cada grupo co fin de coñecer o seu funcionamento desde distintos puntos de vista:

1. O nivel de disciplina, atención etc.
2. Fortalezas que se identifican en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares e dos aspectos competenciais.
3. Necesidades que se puidesen identificar.

E a partir da obtención desta información planificar:

1. Estratexias metodolóxicas.
2. Xestión de aula.
3. Estratexias de seguimento da eficacia de medidas.
4. As competencias prioritarias que hai que practicar no grupo.
5. Os aspectos que se deben ter en conta á hora de agrupar os alumnos e alumnas para os traballos cooperativos.
6. Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Pero a avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

1. Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
2. Saber as medidas organizativas a adoptar.

3. Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
4. Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

As unidades didácticas dos libros do alumnado amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades dos alumnos considerados individualmente e como grupo.

Partindo deste proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

Adaptar o material didáctico.

Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.

Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.

Organizar grupos de traballo flexíbeis.

Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

Ao comezo do curso cada profesor entregará ao alumnado a información básica que incluíra os criterios de avaliación do curso correspondente, os mínimos esixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación e de recuperación e os procedementos de avaliación da aprendizaxe que figuran nesta programación (DOG 15-06-2)

2.10. CUARTO CURSO DA ESO

2.10.1. OBXECTIVOS CONCRETOS DO CURSO

1. Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario.
2. Comprender e interpretar textos orais de distinta natureza, con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo.
3. escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.
4. Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.
5. Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.
6. Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
7. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
8. Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.
9. Ler de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
11. Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.
12. Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
13. Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).
14. Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.
15. Recoñecer e utilizar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.
16. Recoñecer e usar a fonética do galego.
17. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.
18. Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.
19. Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.
20. Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.

21. Desenvolver unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.
22. Valorar as linguas como sinal de identidade dos pobos, apreciar o plurilingüismo e coñecer o ámbito da lusofonía.
23. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer o proceso de normalización e evitar os prexuízos.
24. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
25. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
26. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
27. Identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
28. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
29. Elaborar traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
30. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

2.10.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E MÍNIMOS ESIXIDOS

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo.	B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual	LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante. LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias. LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.	CCL CAA	Identificar o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos dos textos propios dos medios de comunicación.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual.	B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión.	LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización. LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor). LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais	CCL CAA CSEIEE CLL CCEC	Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios
B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.	CCL CAA	Identificar a intención comunicativa, a tese e os argumentos de distintos textos orais expositivos e argumentativos.
B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.	B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CCL CSC	Identificar a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas	LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE	Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas
B1.6. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.6. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.5.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto	CCL CAA CSC CCEC	Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta. Identificar os erros na produción oral allea. Rexeitar os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado	CLL CSC CCL	Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
B1.8. Escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.	B1.8. Manifesta una actitude crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.	LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación. LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	CCL CAA CSC	Reflexionar e ter unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias e os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.
B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas	B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.	LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas. LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á	CAA CCL CSC CSIEE	Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
para aprender a falar en público e uso das TIC.		<p>situación comunicativa.</p> <p>LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.</p>	CD	
B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas	B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.	LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	CCL CAA	Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.
B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. LGB1.11.2 Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	CCL CAA CSC	Aplicar as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respectar as quendas e as opinións alleas e empregar unha linguaxe non discriminatoria
B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en	B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.	LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	CCL CSC CSIEE CCEC	Construír varios textos de interese persoal e social en distintos rexistros, axeitándoos adecuadamente ás características de cada un.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
diferentes rexistros.				
B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.	B1.13. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.	LGB1.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL CAA CSC CSIEE	Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión. LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	CCL CAA	Aplicar os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión dos textos.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.	B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.	LGB2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial. LGB2 2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).	CCL CSC	Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.
B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	LGB2 3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de(dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto consulta e recursos de temas especializados en internet. LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas	CCL CD	Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.
B2.4. Comprensión e interpretación de textos argumentativos.	B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos.	LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos. LGB2.4.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.	CCL	Comprender e interpretar textos argumentativos.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	B2.5. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	CCL CSC	Comprender e interpretar textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
B2.6. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	B2.6. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios). LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.	CCL CSC	Comprender e interpretar as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.
B2.7. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorias.	B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	LGB2.7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias. LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.	CCL CSC	Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.	B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.	LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes. LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.	CCL CD CSC CAA	Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais). LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión. LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente. LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	CCL CD	Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).
B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega. LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc. LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de	CCL CD CAA CSC	Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
		divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.		
B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.	B2.11. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, administrativos e comerciais.	LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).	CCL CD CSC	Producir textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos.
B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión.	B2.12. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión	CCL CD CSC	Producir unha columna de opinión que respecte as características deste tipo de textos.
B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes. LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa. LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida.	CCL CD CSC	Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.	B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.	LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como unha ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL CSC CCEC	Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	CCL CAA	Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. Recoñecer, explicar e usar fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.
B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.	B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.	CCL CAA	Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.	B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.	LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica. LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras. LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	CCL CAA	Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras. Recoñecer os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras. Identificar a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.
B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).	B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.	CCL CAA	Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.
B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.	B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.	LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.	CCL CD	Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario..

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos. LGB3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL CAA	Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.
B3.7. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.	B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	CCL	Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.
B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.	B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.	LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado. LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	CCL CAA	Recoñecer a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. Respectar a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. Clasificar oracións segundo a natureza do predicado.
B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.	B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	CCL CAA	Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.	B3.10. Identificar adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elaborar textos de acordo con estes parámetros.	LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas. LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos. LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos. LGB3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	CCL CAA CLL	Identificar adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elaborar textos de acordo con estes parámetros.
B3.11. Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.	B3.11. Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.	LG3.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícaos nas producións propias. LGB3.11.2. Recoñece nun texto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade.	CCL	Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.
B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.	B3.12. Xustificar a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elaborar producións propias cunha adecuación apropiada.	LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual. LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	CCL CAA	Xustificar a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elaborar producións propias cunha adecuación apropiada.
B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de	B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas,	LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita	CCL CAA	Elaborar algún material multimedia coma un cartel ou unha recensión de libros ou películas en varias linguas (galego, castelán, portugués, francés, etc.)

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		
B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA	Traballar coas semellanzas e diferenzas dun mesmo texto traducido a varias linguas distintas e reflexionar sobre os problemas de comprensión na produción dos textos.
Bloque 4. Lingua e sociedade.				
B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. B4.3. A lusofonía nas	B4.1.-B4.3. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.	LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura. LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da	CCL CCEC CSC CD	Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. Coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI. Describir a situación sociolingüística de Galicia.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
<p>linguas do mundo no século XXI.4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.</p> <p>B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución</p>	<p>B4.2.-B4.4. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.</p>	<p>comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.</p> <p>LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).</p> <p>LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.</p> <p>LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.</p> <p>LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.</p> <p>LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.</p> <p>LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.</p>		

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
<p>B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.</p>	<p>B4.5. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.</p>	<p>LGB4.5.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.</p> <p>LGB4.5.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno. LGB4.5.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.</p> <p>LGB.4.5.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.</p>	<p>CCL CSC</p>	<p>Identificar os procedementos de normalización.</p> <p>Distinguir normativización e normalización e explicar axeitadamente cada fenómeno.</p>

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.	B4.6. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.	LGB4.6.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. LGB4.6.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas. LGB4.6.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. LGB4.6.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. LGB4.6.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC CD	Recoñecer os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Recoñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elaborar textos expositivos sobre as diferentes etapas. Identificar as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. Identificar as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.
B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	B4.7. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.	LGB4.7.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.	CCL CD	Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
B4.8. Prexuizos lingüísticos.	B4.8. Identificar os prexuizos lingüísticos e analizar a situación	LGB4.8.1. Sinala os prexuizos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente	CCL	Sinalar os prexuizos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
	persoal en relación a eles.	á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. LGB4.8.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.	CSC	
B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.	B4.9. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.	LGB4.9.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. LGB4.9.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. LGB4.9.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. LGB4.9.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica. LGB4.9.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.	CCL CSC	Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.
Bloque 5. Educación literaria.				

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.	CCL	Identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. Comprender e explicar razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.
B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura. LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon	CCL	Ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega de 1916 á actualidade e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
		todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.		
B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.	CCL	Ler textos dos distintos xéneros literarios en voz alta e dramatizadamente.
B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL	Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	CCL CD	Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.
B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	CCL CCEC	Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

2.10.3. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira semana do curso realizarase a cada grupo unha proba escrita de avaliación inicial que permita ao profesorado coñecer con maior precisión o nivel de competencias acadado, os coñecementos reais de cada alumno e detectar os posibles problemas que poidan existir.

Isto axuda a coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas axeitadas, para solicitar a intervención doutros sectores se é necesario (titor, xefatura de estudos, departamento de orientación, familia...) e establecer unha primeira guía de actuación para corrixir estes.

Esta proba de avaliación inicial inclúe:

- Cuestións sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores.
- Actividades de comprensión e expresión a través dun texto escrito ou oral para avaliar a comprensión lectora e a competencia comunicativa.
- Breve cuestionario sobre o uso da lingua galega en diferentes ámbitos.

2.10.4. LIBRO DE TEXTO:

VARIOS AUTORES: *Lingua e Literatura 4*, Ed. Anaya

2.10.5. TEMPORALIZACIÓN

Na 1ª avaliación estudaranse as unidades 1 á 4.

Na 2ª avaliación da 5 á 8.

Na 3ª avaliación da 9 á 12.

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

Cada unidade desenvolverase ao longo de oito sesións aproximadamente que poderán variar dependendo da asimilación dos contidos e dos resultados de aprendizaxe que se van obtendo.

2.10.6. PLAN LECTOR.

Ás obras de lectura obrigatoria dedicaráselle polo menos unha clase quincenal para ler, comentar, explicar e analizar as cuestións que o profesor estime oportuno ou que xurdan por parte do alumnado. Para cualificar estas lecturas realizarase unha proba de control en cada avaliación que suporá o **15%** da nota do trimestre.

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase cun máximo de 0,5 puntos (en ningún caso poderán sumar máis de 2 puntos en total) na avaliación correspondente, que se sumarán á

nota obtida nos demais apartados avaliábeis, sempre e cando esta non sexa inferior a un 4 e se teña demostrada a lectura completa do libro de lectura obrigatoria correspondente.

Lecturas:

Obrigatorias (unha por avaliación):

Os vellos non deben de namorarse, A. D. R. Castelao

O único que queda é o amor, Agustín Fernández Paz

Os nenos da variola, María Solar

Voluntarias: (cinco por trimestre)

Os escaravellos voan á tardiña, María Gripe

Cartas de amor, Fran Alonso

Anagnórise, M^a. Victoria Moreno.

Á lus do candil, de Ánxel Fole

A compañía clandestina de contrapublicidade, Marilar Aleixandre

As mans do medo, Xosé Miranda

Aire negro, Agustín Fernández Paz

Cartas de inverno, Agustín Fernández Paz

Nubes de evolución, Andrea Macieras

Made in Galiza, Sechu Sende

Ollos de auqa, Domingos Villar

¿Sobrevives?, Fina Casalderrey

Noite de voraces sombras, Agustín Fernández Paz

A cabeza da medusa, Marilar Aleixandre

Ardalén, Miguel Anxo Prado

Atendendo ao obxectivo citado de lograr criterios persoais na selección de lecturas, o profesorado poderá ter en conta en cada avaliación outras lecturas voluntarias que efectúese o alumno, sempre que fose baixo a dirección do profesor e demostrando logo a comprensión e lectura da/a obra/s.

2.10.7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

No desenvolvemento das distintas unidades didácticas obteranse resultados de aprendizaxe, vinculados aos estándares e ás competencias, que inclúe o currículo da materia, para avaliar eses resultados farase necesario planificar a realización e recollida de probas que mostren o nivel de consecución do estándar e das competencias básicas, así como a súa evolución ao longo do curso.

A seguir detallamos as actividades de aprendizaxe avaliáveis que se realizarán para cada bloque de contidos.

BLOQUE 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

- Audicións de textos orais dos medios de comunicación e indicación do tema, tese e argumentos.
- Análise de distintos textos publicitarios nos que se identificará a mensaxe e se distinguirá entre información e persuasión.
- Audición de textos orais de distinta natureza e indicación das ideas principais e secundarias e da intención comunicativa.
- Elaboración planificada de diferentes tipos de textos orais (temas relacionados cos libros de lectura obrigatoria, presentación propia ou biografía dun personaxe do seu interese, novas ou sucesos, contos, temas do seu intereses, conversas ou diálogos, etc) deixando constancia da mesma en esquemas, recursos, quendas de intervención, etc.
- Producción dos textos mencionados anteriormente individualmente, en parellas ou en grupo.
- Emprego das TIC para a elaboración de textos orais: presentacións, debates, etc.
- Producción de textos axustados a diferentes finalidades (exposición, presentación, opinión,...) dun xeito fluído.
- Producción de textos e intervencións orais coidando a dicción, a entoación, a corrección léxica e gramatical, a coherencia e cohesión e facendo uso dos códigos non verbais.

BLOQUE 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

- Lectura comprensiva de textos de diversa natureza identificando o tema e elaborando un esquema xerarquizado das súas ideas.
- Utilización de dicionarios e páxinas web para a búsqueda do significados de termos descoñecidos e de información dos textos cos que se traballa.
- Explicación do significado de palabras e expresións a partir do contexto no que aparecen.
- Utilización desas palabras e expresións en textos de invención propia.
- Lectura de varios textos propios da vida cotiá e identificación das súas características.
- Lectura de varios textos propios do ámbito educativo e identificación das súas características.
- Lectura de varios textos propios dos medios de comunicación e identificación das súas características.

- Lectura de varios textos argumentativos e identificación das súas características.
- Lectura de varios textos publicitarios e identificación das súas características.
- Planificación da redacción de distintos tipos de textos (noticia, narración, descrición, texto dialogado, instancia, biografía, microrrelato, cartas á dirección, texto publicitario, texto de opinión,...) a través de esquemas, borradores, etc..
- Produción dos distintos tipos de textos mencionados, axustándose ás súas propiedades e características.
- Resumos de distintos tipos de textos sen parafrasealos.
- Emprego de ferramentas TIC por exemplo para incorporar imaxes a unha noticia, a unha descrición, etc. ou corrixir ortograficamente un texto empregando os correctores que existen nos procesadores de textos.
- Revisión dos textos propios para verificar a súa corrección.
- Escoita e corrección de textos propios e alleos (dos compañeiros/as) ofrecendo suxestións para melloralos.

BLOQUE 3. Funcionamento da lingua.

- Traballo con vocabulario pertencente a distintos campos semánticos e distintas categorías gramaticais: formas de ser, tempo cronolóxico, medos e arrepiós, arquitectura e urbanismo, tempo meteorolóxico, viaxes e turismo, a xustiza e as leis, tempo de lecer, o cine, a radio e a televisión, as novas tecnoloxías, en rede.
- Con este vocabulario (palabras e frases feitas) que aprenden nas distintas unidades didácticas do libro de texto:
 - Explicar o seu significado.
 - Substituír por sinónimos.
 - Utilízalo en textos e oracións de invención propia.
- Recoñecemento e análise de formas verbais de verbos regulares e irregulares dunha listaxe dada, en textos dados, etc.
- Conxugación de distintos tempos do paradigma dos verbos regulares e irregulares.
- Utilización en oracións e textos orais e escritos das formas verbais correctas de verbos regulares e irregulares.
- Identificación das perífrases verbais que aparecen nun texto dado.
- Indicación do valor desas perífrases.
- Utilización das perífrases axeitadas en textos incompletos ou en substitución doutras formas verbais, etc.
- Identificación de lexema e tipos de morfemas de palabras dadas.
- Completar familias léxicas de palabras engadindo prefixos e sufixos.
- Pronuncia correcta das vogais de grao medio.
- Identificación en palabras dadas do timbre das vogais de grao medio.
- Caracterización dos fonemas vocálicos e consonánticos de oracións ou palabras segundo os seus trazos distintivos.
- Transcrición fonolóxica de fonemas vocálicos e consonánticos.
- Utilización do diccionario para resolver dúbidas de uso e normativa fundamentalmente e para ampliar o vocabulario.

- Realización de ditados que avalíen o uso correcto das normas ortográficas da lingua galega:
 - Presenza ou ausencia de h
 - Utilización de x ou s
 - Utilización de b ou v
 - Utilización de c ou cc
 - etc.
- Produción e corrección de textos que demostren o coñecemento das normas morfolóxicas da lingua galega, así as que atinxen a:
 - xénero e número de substantivos e adxectivos
 - gradación do adxectivo
 - demostrativos e posesivos
 - pronome persoal (fundamentalmente o uso correcto do pronome átono e a súa colocación)
 - verbo (conxugación, uso do infinitivo conxugado e perífrases verbais...)
 - preposicións, adverbios, conxuncións, etc.
- Puntuación axeitada de textos que carecen da mesma.
- Cambiar a puntuación de textos de xeito que se modifique o seu significado.
- Análise sintáctica de frases.
- Análise sintáctica de oracións simples.
- Clasificación de oracións segundo a natureza do predicado.
- Produción de textos con especial atención á utilización dos conectores textuais, sobre todo os de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusivos.
- Corrección de textos que carecen de cohesión interna, explicando os erros e as modificacións realizadas.
- Sinalar en textos argumentativos e expositivos a súa estrutura.
- Produción de textos argumentativos e expositivos aplicando a estrutura que os caracteriza.
- Elaboración de textos cun mesmo tema pero adecuándoos a distintos contextos.

BLOQUE 4. Lingua e sociedade.

- Situar nun mapa de Galicia distintos fenómenos dialectais, tales como o seseo total, a gheada, o plural en –s das palabras rematadas en –n no sg., etc.
- Identificación do bloque lingüístico ao que pertencen varias oracións, sinalando os trazos dialectais que os distinguen.
- Identificación dos trazos lingüísticos que aparecen en varios textos dialectais e concluír a que bloque pertencen.
- Sinalar nun mapa de Galicia os bloques e as áreas dialectais.
- Clasificación de distintas palabras segundo pertencen a un nivel culto, medio ou vulgar da lingua.
- Identificación dos vulgarismos dun texto ou oracións.
- Identificación de distintas palabras ou expresións de linguaxes técnicas.

- Clasificación de distintas expresións segundo o rexistro lingüístico ao que corresponden.
- Cambiar o rexistro dun texto de formal a informal e viceversa.
- Consultar na web da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (www.clp.org/) e buscar información no apartado de “Estados membros”.
- Entrar na páx. do Instituto Camoes (<http://cvc.instituto-camoes.pt/>) e buscar o *Jogo da Lusofonia*: xogar individualmente ou por equipos.
- Búsqueda no Priberam (diccionario da lingua portuguesa) da definición de varias palabras en portugués, pór despois a equivalente en lingua galega e comparar a definición que inclúe o dicionario da RAG coa anterior.
- escoitar na Rede o tema “O que ela quer” da cantante angolana Aline Francao. Comentar as semellanzas e as diferenzas entre as dúas linguas.
- Observación e análise de gráficos do IGE (Instituto Galego de Estatística) no que se recollen aspectos relativos ao uso do galego: lingua que mellor domina a cidadanía nas catro destrezas, número de persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar, lingua habitual en función da idade e medios polos que aprenderon a falar en galego.
- Debate sobre as causas do descenso da lingua galega entre a mocidade.
- Búsqueda na Rede dos vídeos “Responsabilidade” e “Contaxio” de M. Núñez Singala e valoración das ideas expostas neses vídeos.
- Ler textos sobre a *Irmandade da Sanidade Galega*, a campaña da USC (“*Ensina máis do que cres*”) a favor do uso do galego na docencia da Universidade e da *Irmandade Xurídica Galega* e analizar as súas propostas de normalización da lingua galega neses ámbitos.
- Entrar na páx. da ONG **Galeguizargalicia** e responder as seguintes cuestións:
 - Cales son os lemas que usa? Explicación da dobre interpretación do verbo “sentila”
 - Que asociacións forman parte dela? A que ámbitos se refiren?
 - Que iniciativas levan a cabo?
- Búsqueda na Rede e lectura atenta do artigo de X. Ramón Freixeiro Mato titulado: “*Os prexuízos lingüísticos. Proposta de clasificación*”
- Elaboración dun esquema coa clasificación dos prexuízos que veñen no apartado 4.
- Exposición dunha opinión ben argumentada acerca dos mesmos.
- Búsqueda e análise dos vídeos: *Falemos da lingua. Os complexos lingüísticos I e II*.
- Entrar na páx. da RAG e ler a información acerca das circunstancias da súa fundación:
 - Quen foi o primeiro presidente?
 - Búsqueda do significado da expresión latina que figura no anagrama da institución.
 - Búsqueda na Galipedia de información sobre as Irmandades da Fala:
 - Que xornal era o seu voceiro? En que data se creou?
 - En que data celebrou o seu primeiro acto público? Que conmemoraba?
 - Cales foron as primeiras accións das Irmandades?
 - Que obxectivos procuraban en relación coa lingua galega?

- Consulta na Galipedia de información sobre o Estatuto de Autonomía do 36 e lectura dos artigos 4 e 15 anotando as disposicións acerca da lingua galega.
- Realización dun cadro no que apareza o criterio cuantitativo e cualitativo na clasificación das linguas (maioritaria/minoritaria, hexemónica/minorizada). Reflexión sobre a mesma.
- Lectura de varios fragmentos do romance de Darío Xohán Cabana: “*Historia da lingua galega*”.
- Identificación no poema de:
 - Editoriais que publican textos en galego.
 - Asociacións culturais.
 - Lugares nos que se introduce a lingua galega.
 - Contraste entre a situación da lingua galega e a lingua castelá.
- Consulta na páx. www.xunta.es/linguagalega/o_seculo_XX do resumo sobre a historia da lingua galega desde os inicios do XX ata a actualidade.
- Completar un texto coa información que falta sobre este tema.
- Lectura do artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia respondendo a cuestións como:
 - Cal é a situación da lingua galega e da lingua castelá?
 - Que papel deben desenvolver os poderes públicos?
- Lectura dos artigos 10,12 e 18 da Lei de Normalización Lingüística.
- Anotación do que dispoñen acerca dos seguintes aspectos: topónimos, ensino e medios de comunicación.
- Produción escrita sobre os ámbitos de uso nos que o galego ten aínda unha presenza reducida.
- Visitar a páx:
www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1444815157/contido/falo_galego/3_as_linguas_peninsulares.html
- Elaboración dun esquema que recolla a información obtida sobre as distintas linguas peninsulares.
- Lectura do artigo 3 da Constitución española.
- Reflexión sobre o distinto papel adxudicado ás linguas.

BLOQUE 5. Educación literaria.

- Lectura de “*Nuns farrapos*” e “*As floriñas dos toxos*” de Noriega Varela, representativos respectivamente da poesía costumista e do lirismo da natureza.
- Identificación nos textos anteriores dos trazos que os definen como costumista ou lirismo da natureza.
- Búsqueda de personificacións, metáforas e antíteses no texto “*As floriñas dos toxos*”
- Lectura de “*En pé*” e “*Himno de Acción gallega*” de Cabanillas.
- Audición das versións cantadas destes dous poemas.
- Observación e análise do contido social dos poemas e da diferenza temática entre un outro.
- Comentario de texto guiado dun fragmento de “*Na noite estrelecida*” de Cabanillas:
 - Búsqueda do significado de palabras que ofrecen certa dificultade.

- Resumo do argumento.
- Identificación das distintas partes do texto.
- Análise dos personaxes que aparecen
- Búsqueda de exemplos da descrición que se realiza de Galicia.
- Búsqueda de exemplos de sensacións auditivas e visuais.
- Búsqueda de símiles e metáforas.
- Búsqueda de trazos propios do Modernismo.
- Investigación acerca da Materia de Bretaña e da Búsqueda do Grial.
- Lectura de varios textos de V. Risco: fragmento de *O porco de pé*, fragmento de *O lobo da xente*.
- Búsqueda no fragmento de *O porco de pé* de adxectivos caracterizadores, termos relacionados coa matanza (pola identificación de D. Celidonio cun porco) e trazos que o definen coma un burgués.
- Búsqueda no fragmento de *O lobo da xente* dos recursos que utiliza para a descrición do lobo.
- Lectura dun fragmento de *Os camiños da vida* de Otero Pedrayo.
- Búsqueda das diferenzas entre o pazo dos Doncos e o da Pedreira.
- Localización no texto de exemplos do estilo de Otero.
- Comentario guiado dun fragmento de *O fidalgo* de Otero:
 - Búsqueda do significado de palabras que ofrecen certa dificultade para a comprensión do texto.
 - Indicación do tipo de narrador.
 - Espazos nos que se sitúa a acción.
 - Calidades que se destacan do personaxe protagonista.
 - Tema do texto.
 - Análise dos personaxes que aparecen: caracterización, que representan?, etc.
- Lectura de textos de Castelao: fragmento de *Un ollo de vidro*, fragmento de *Sempre en Galiza* e fragmento de *Os dous de sempre*.
- Indicación do tema e do argumento do primeiro texto.
- Sinalar no segundo en que ámbitos se denuncia a represión sufrida polo galego.
- Caracterización dos dous personaxes protagonistas no terceiro.
- Comentario guiado da Escena I do Lance I de *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao:
 - Indicar a caracterización física, a situación familiar e a económica do VELLO e a MOZA.
 - Por que Lela acode asiduamente á botica?
 - Que opinión ten o boticario de si mesmo?
 - Que función cumpre esta escena en relación co argumento da obra?
 - Análise das anotacións presentes na escena segundo a función que cumpren.
 - Dramatización da escena.
- Lectura de *"Solpor"* de Amado Carballo.
- Identificación dos trazos hilozoístas do poema.
- Comentario das imaxes.
- Indicación do tema e do argumento.
- Lectura de *"A dama que ía no branco cabalo..."* de Álvaro Cunqueiro.

- Identificación dos trazos neotrobadorescos do poema.
- Indicación do tema e do argumento.
- Lectura de “*Ao reverso da noite*” de M. Antonio.
- Identificación dos termos (adxectivos e verbos) que describen a visión desolada da natureza e da noite.
- Identificación do cambio que se produce nos últimos versos.
- Lectura dun fragmento de *Máis alá!* de M. Antonio e Álvaro Cebreiro.
- Indicación de que son os vellos e quen os devanceiros. A quen vai dirixida principalmente a súa crítica?
- Sinalar cal é a proposta persoal dos autores.
- Comentario guiado do poema “*Sós*” de M. Antonio:
 - Indicar a quen fai referencia a primeira persoa de plural
 - Sinalar cal é a ambientación espacial e temporal
 - Indicar que supón a perda do sol e o vento.
 - Indicar que supón a perda da Rosa dos Ventos.
 - Sinalar a que conclusión chega o poeta nos versos finais.
 - Búsqueda de exemplos de palabras de carácter negativo mediante as que expresa o estado anímico.
 - Explicación do contraste entre o principio e o final do poema.
 - Indicación do tema-
 - Análise de trazos que aparezan no poema propios da poesía vangardista (versolibrismo, ausencia de signos de puntuación, disposición tipográfica do verso, xustaposición de imaxes,...)
- Lectura dos poemas “*Emigrantes nunha data calquera*” e “*A derradeira imaxe*” de Luís Seoane.
- Explicación no primeiro poema do significado dos versos finais e análise da imaxe da cidade nas estrofas 2 e 3.
- Indicación no segundo de que actos de represión se sinalan , quen son os represaliados e cal é o papel da natureza.
- Comentario de texto guiado dun fragmento do cap. I de *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor:
 - Consulta no dicionario do significado das palabras do texto das que se descoñece o seu significado.
 - Indicación de cal sería o discurso do xuíz e en que lingua se expresaría e que problemas ocasionaría esta circunstancia tendo en conta que se trata dun xuízo.
 - Explicación de cal é a causa que leva a Blanco Amor a silenciar o xuíz.
 - Presentación dos tres personaxes protagonistas indicando o nome e o alcume de cada un e a información que sobre eles nos proporcionan estes últimos.
 - Sinalar en que momento se encontran, de onde veñen e a onde se dirixen.
 - Identificación dos trazos da lingua de Cibrán.
- Lectura dos textos “*A casa de Merlín*”, pertencente a *Merlín e familia*, e un fragmento de *Si o vello Simbad volvese ás illas*.

- Do primeiro sinalar a información que se nos transmite dos personaxes que se presentan (Merlín, Xenebra e Felipe de Amancia). Do segundo indicar quen son os participantes na tertulia da pousada de Mansur e en que momentos toma Simbad a palabra.
- Lectura de “*Os lobos*” de Ánxel Fole.
- Indicación neste texto das características propias do “conto contado” (quen é o narrador e a quen se dirixe, que estratexias utiliza para manter a atención dos oíntes...)
- Comentario de texto guiado do relato “*Tristán García*” pertencente ao libro *Os outros feirantes* de Álvaro Cunqueiro:
 - Indicar en que medida o título concentra a esencia do relato.
 - Explicación do contraste entre o Tristán medieval e o de Cunqueiro.
 - Indicar en que lugares transcorre a acción.
 - Sinalar que trazos se destacan da Isolda deste relato e que diferenzas existen coa Isolda medieval.
 - Indicación de cal é a voz narrativa.
 - Análise do desenlace sinalando aqueles elementos solemnes e sentimentais e os realistas e vulgares.
 - Indicación dos elementos realistas que aparecen na historia.
 - Sinalar exemplos de narración, descrición e diálogo.
- Lectura dun fragmento de *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas.
- Análise do tipo de narrador que aparece e indicación de exemplos das duras condicións da vida dos nenos do mundo rural daquela época.
- Lectura dun fragmento de *Amor de Artur* de Méndez Ferrín.
- Caracterización de Genebra e Lanzarote e análise do estado de ánimo do rei Artur tras coñecer a infidelidade.
- Lectura dun fragmento (*o xogo da guerra*) de *Vento ferido* de Carlos Casares.
- Resumir o argumento e analizar os personaxes.
- Comentario de texto guiado do relato “*Unha chinche dorme no teito*” de *O crepúsculo e as formigas* de Méndez Ferrín:
 - Análise da voz narrativa do relato.
 - Análise do espazo.
 - Indicación do suceso que actúa como factor desencadeante do desequilibrio mental do personaxe.
 - Análise dos elementos ambientais e a súa influencia na evolución do personaxe: características do espazo interior e exterior.
 - Búsqueda de exemplos das circunstancias que predominan no exterior: aspectos visuais, sensacións olfactivas, sensacións auditivas e climatoloxía.
 - Localización de todas as referencias temporais que aparecen no texto.
 - Indicación de cal é a vivencia psicolóxica do tempo que expresa o personaxe (explicación previa da diferenza entre o tempo cronolóxico e o tempo psicolóxico)
 - Localización no texto de características da Nova Narrativa Galega: narrador e punto de vista, personaxe, ambientación.
- Lectura dos textos “*Longa noite de pedra*” e “*Deitado fronte ao mar*” de Celso Emilio Ferreiro.

- Indicación no primeiro do que simbolizan a noite e a pedra (escoitar na Rede a versión de Astarot). Análise no segundo da defensa que se realiza da lingua e da denuncia das inxustizas sociais.
- Lectura de “*Penélope*” de Xosé M^a Díaz Castro.
- Xustificación do título do poema, localización das alusións á emigración e análise métrica.
- Lectura de “*Illas Cíes*” de Luz Pozo Garza.
- Localización de exemplos no poema da evocación das antigas cantigas dos trobadores do mar de Vigo e dos termos positivos, luminosos e aéreos cos que se expresa a liberdade e o amor.
- Comentario de texto guiado de “Xaneiro, 1972 II” poema pertencente á obra *Onde o mundo se chama Celanova* de Celso Emilio Ferreiro:
 - Localización de exemplos nos que as antíteses son utilizadas para expresar transformacións positivas.
 - Indicación do tema e das dúas partes nas que se diferencia: a positiva e a negativa, observando tamén o reflexo desas diferenzas no aspecto formal.
 - Indicación de cal é a estrutura paralelística das catro primeiras estrofas.
 - Búsqueda das anáforas.
 - Análise da rima.
- Lectura dos poemas “*Terra Chá*” e “*Bando*” de Manuel María.
- Indicación do tema que trata cada un e a que temática da obra deste autor pertencen.
- Lectura de “*Oda aos mariñeiros de Cangas*” de Bernardino Graña.
- Indicación de quen é o interlocutor e que relación ten coa voz lírica. Sinalar ademais os termos mariñeiros que aparecen no poema.
- Lectura de “*Ese minuto*” de Xohana Torres.
- Indicación de cal é o tema e que tópico literario recrea.
- Lectura de “*Chachahuí*” de Avilés de Taramancos.
- Indicación de que sentimento expresa a reiteración do verso e o tema do poema.
- Lectura de “*Atópome coa testa contra o muro...*” de Méndez Ferrín.
- Indicación de que circunstancias persoais evoca o eu lírico e que representa o verso final.
- Comentario guiado de “*Terras outas e solas*” de Uxío Novoneyra:
 - Localización de exemplos da presenza da paisaxe agreste e grandiosa.
 - Indicación de cal é a actitude da voz lírica ante a paisaxe que contempla.
 - Indicación da función que cumpren os topónimos.
 - Localización no poema de exemplos de aliteracións e onomatopeas.
 - Búsqueda de exemplos da utilización do fonosimbolismo: fonemas vocálicos que predominan nos últimos versos e sentimentos aos que se asocian.
- Escoita na Rede do poema “*Letanía de Galicia*” na voz do propio autor.
- Explicación do que é unha ladaíña e indicación dos aspectos sobre a represión que sufriu Galicia que aparecen no poema.
- Ver exemplos na Rede dos poemas caligráficos de Novoneyra.
- Lectura de “*Outra vez*” de Suso de Toro.
- Análise e caracterización do personaxe.
- Lectura dun fragmento da novela *Recinto gris* de Leticia Costas.

- Clasificación e caracterización dos personaxes que aparecen no fragmento e análise e caracterización do espazo.
- Comentario de texto guiado dun fragmento de *O lapis do carpinteiro* de M. Rivas:
 - Resumo do argumento.
 - Indicación de cales son os espazos que aparecen.
 - Explicación da reacción dos tres homes ante a aparición de Marisa Mallo.
 - Análise da caracterización que realiza Herbal de Marisa: descrición física, recursos literarios mediante os que é idealizada, sentimentos cara ela...
 - Identificación das dúas voces narrativas que aparecen no texto.
 - Indicación de cal é a caracterización que se realiza do sarxento.
- Lectura de “*O mar...*” de Miro Villar.
- Indicación do tema do poema.
- Lectura de “*Como doe o silencio...*” de Pilar Pallarés.
- Indicación de cal é o tema do poema e como se expresa. Análise dos paralelismos.
- Comentario guiado de “*Camiñan descalzas polas rochas*” de Ana Romani:
 - Indicación dos cualificativos que se utilizan para denominar as mulleres que traballan no mar e a razón de que se utilicen.
 - Indicación das metáforas coas que se expresan os traballos que desenvolven.
 - Indicación de cómo se expresa no poema a discriminación que sofren as mulleres.
 - Explicación do porqué da repetición da palabra Historia con maiúscula.
 - Explicación do paradoxo do último verso.
 - Identificación no poema dos trazos comúns da poesía da Xeración dos 90.

2.10.8. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

Para a cualificación final do alumnado en cada trimestre terase en conta o conxunto de actividades que se teñan realizado ao longo do mesmo co fin de avaliar as evidencias de aprendizaxe, as competencias básicas e os progresos obtidos. Utilizaranse distintas ferramentas de avaliación deste proceso de aprendizaxe :

- **Para avaliar as actitudes e uso da lingua galega na aula:**
 - A participación activa en traballos colaborativos, nos intercambios comunicativos, etc.
 - O uso da lingua galega como instrumento de comunicación para interactuar cos seus compañeiros e co profesor, expresión fluída, respecto polos padróns fonéticos do galego, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión escrita:**
 - Tarefas e actividades escritas presentadas en soporte papel ou dixital.
 - Cadernos e/ou apuntamentos.
 - Probas como: ditados, resumos, redaccións, desenvolvemento de temas,etc.
 - Exames con preguntas tipo tema, pregunta curta, preguntas de resposta múltiple e de resposta aberta, comentarios, produción de textos, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión oral:**

- Realización de lecturas expresivas na aula (diálogos, relatos, poemas...)
- Traballos de exposición oral na aula.
- Intervencións en debates, conversacións con compañeiros e profesor.

- **Para avaliar a comprensión lectora:**

- Lectura de obras literarias e de textos académicos e dos medios de comunicación.
- Resumos escritos e orais dos textos lidos.
- Traballos escritos sobre aspectos determinados dunha obra presentados en soporte papel ou dixital.
- Probas escritas que comprobán a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios.

- **Para avaliar a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios:**

- Proba escrita que inclúe preguntas sobre o argumento, personaxes, narrador, espazo, tempo, etc.

En cada avaliación realizaranse polo menos **dúas probas escritas** co fin de valorar tanto a aprendizaxe dos contidos do currículo como o correcto desenvolvemento das competencias básicas.

As probas escritas partirán sempre dun modelo máis ou menos estandarizado con exercicios e/ou preguntas de léxico, ortografía, gramática, lingua e sociedade, literatura e expresión escrita, correspondentes ás unidades traballadas en cada avaliación. Nelas haberá exercicios prácticos, con preguntas de completar, relacionar, reflexionar, explicar, etc. e tamén outras de desenvolver algún aspecto dalgún tema. Propóranse sempre situacións reais de uso da lingua, empregando o léxico en oracións ou elaborando diferentes tipos de textos a partir duns parámetros propostos. **A puntuación será proporcional en cada apartado arriba sinalado, tendo en conta que os exercicios de análise dun texto ou de produción do mesmo obterán maior puntuación, podendo chegar a ser esta o dobre que cada unha das demais. O resultado obtido nestas probas suporá o 65% da nota final da avaliación**

-As evidencias dos estándares de aprendizaxe e o traballo competencial avaliaranse ademais no traballo diario na aula, traballos individuais ou en grupo, chamadas orais, tarefas realizadas ou non, progresión, etc.,

- Será esencial tamén a observación da actitude positiva ou negativa (respecto ao profesor e aos compañeiros, participación, uso da lingua galega nas súas intervencións na aula, respecto pola mesma, etc.) .

Estes apartados suporán o **20%** da cualificación. Unha actitude negativa cara á lingua, non empregándoa de maneira sistemática, ou as faltas de respecto reiteradas na aula poderán supoñer unha diminución importante da porcentaxe correspondente a este apartado na cualificación final.

Non é doado levar a cabo **probos orais** de maneira sistemática en cada avaliación, dado o tempo necesario tendo en conta o elevado número de alumnos por aula neste centro educativo. Contamos, por suposto, coa observación directa a través da intervención e participación do alumnado na aula; isto xunto coas posibles probas realizadas medirá a competencia oral en lingua galega. De incluírense algunhas específicas nalgunha avaliación o apartado anterior puntuaría o **10%** da cualificación final e estas supoñerían o **10%** restante. Para a súa avaliación observarase o grao de corrección respecto de: **a adecuación(2p.), coherencia e cohesión(2p.), pronuncia e entoación(2p.), gramática(2p.) e léxico(2p.)**.

A proba do libro de lectura obrigatoria, que poderá ser oral ou escrita, obterá unha cualificación que suporá o **15%** da nota final e ten como finalidade principal a comprobación da lectura polo que as preguntas da mesma terán que ver co argumento, personaxes, tema, tipo de narrador, opinión, etc.

Realizarase tamén unha proba que comprobe a lectura dos libros voluntarios que utilizará o mesmo criterio que a do obrigatorio. A puntuación obtida nestoutra (como xa quedou sinalado, **0,5** como máximo por libro, en ningún caso poderá ser superior a 2p) sumarase á cualificación resultante dos apartados anteriores, sempre e cando esta non sexa inferior a 4 e se teña demostrada a lectura do libro obrigatorio correspondente.

Actividades de carácter voluntario

A realización de traballos de carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final, sempre que a avaliación estea aprobada; o límite máximo será un punto, dependendo da calidade, implicación, etc. O profesorado indicará as pautas a seguir en cada caso concreto.

Estas actividades estarán organizadas polo propio Departamento de Lingua Galega e Literatura, ou en colaboración con outros coma o de Normalización Lingüística.

En todas as probas, exames e traballos terase en conta a **presentación, ortografía, puntuación, gramática e léxico (dominio, desviacións da norma...)**; polo tanto penalizarase o alumnado no caso de cometer faltas nalgún deses apartados atendendo aos seguintes criterios:

Faltas leves (acentuación, desviacións da norma e ortografía coas que estean pouco familiarizados) **-0,05**.

Faltas graves (tiles diacríticos, ortografía e desviacións da norma de uso frecuente e xa estudados no curso, gramática que afecte a temas pouco desenvolvidos...): **-0,10**

Faltas moi graves (ortografía e desviacións da norma de uso moi frecuente e xa estudados, gramática (tempos compostos, uso incorrecto dos pronomes persoais, conxugación verbal...): **-0,2**

En calquera caso devandita penalización nunca poderá exceder dos dous puntos.

Se un alumno/a non se presenta a un exame, oral ou escrito, sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, e esta actitude é manifestamente reiterativa, o profesor/a valorará a pertinencia de realizarlle unha proba individual nunha data que será fixada por el ou ela.

Se durante a realización dunha proba de avaliación un alumno/a é sorprendido/a copiando retiraráselle devandita proba e realizaráselle, a ser posible xa de forma inmediata, unha nova.

A avaliación será continua (DOG 07-01-2008), en números do 1 ao 10, sendo necesario para aprobar a obtención dun 5 como resultado final da media dos distintos apartados a avaliar e unha vez aplicadas as porcentaxes pertinentes.

No mes de xuño realizarase unha **proba de recuperación** a aqueles alumnos/as que coa nota media das tres avaliacións non acaden o aprobado.

Proba extraordinaria de setembro: O alumnado que non acade unha cualificación positiva (5 ou máis de 5) en xuño terá que presentarse á proba de setembro para poder acadar a promoción da materia, para tal fin o Departamento elaborará unha proba baseada só no libro de texto oficial e outros posibles materiais didácticos proporcionados polo profesor. Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

2.10.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Despois da avaliación inicial recompilarase a información obtida sobre cada grupo co fin de coñecer o seu funcionamento desde distintos puntos de vista:

4. O nivel de disciplina, atención etc.
5. Fortalezas que se identifican en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares e dos aspectos competenciais.
6. Necesidades que se puidesen identificar.

E a partir da obtención desta información planificar:

7. Estratexias metodolóxicas.
8. Xestión de aula.

9. Estratexias de seguimento da eficacia de medidas.
10. As competencias prioritarias que hai que practicar no grupo.
11. Os aspectos que se deben ter en conta á hora de agrupar os alumnos e alumnas para os traballos cooperativos.
12. Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Pero a avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

5. Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
6. Saber as medidas organizativas a adoptar.
7. Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
8. Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

As unidades didácticas dos libros do alumnado amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades dos alumnos considerados individualmente e como grupo.

Partindo deste proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

Adaptar o material didáctico.

Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.

Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.

Organizar grupos de traballo flexíbeis.

Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

Ao comezo do curso cada profesor entregará ao alumnado a información básica que incluíra os criterios de avaliación do curso correspondente, os mínimos esixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación e de recuperación e os procedementos de avaliación da aprendizaxe que figuran nesta programación (DOG 15-06-2)

3. BACHARELATO

3.1. OBXECTIVOS PARA BACHARELATO

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que os facultan para desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permiten:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a galega.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

3.1.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

A LOMCE, segundo o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, establece os seguintes obxectivos xerais para a Lingua Galega e Literatura:

“A materia Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe”.

“A finalidade da reflexión lingüística é o coñecemento progresivo da propia lingua, que se produce cando o alumnado percibe o uso de diferentes formas lingüísticas para diversas funcións e cando analiza as súas propias producións e as dos que o rodean para comprendelas, avalialas e, no seu caso, corrixilas. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos”.

“Os elementos de Lingua Galega e Literatura supoñen unha progresión respecto aos saberes e habilidades adquiridos desde o inicio da vida escolar. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da lingua artículase ao redor dun eixe que é o uso social da lingua en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares. A materia céntrase na aprendizaxe das destrezas discursivas que poden darse en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos acerca do funcionamento da linguaxe en todas as súas dimensións, tanto relativos aos elementos formais como ás normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.”

“A lectura de textos diversos e a súa comprensión contribúe á adquisición de destrezas comunicativas».

A lei establece a adquisición das destrezas básicas que debe manexar o alumnado para ampliar a súa capacidade de comprensión e expresión oral e escrita e a súa educación literaria a través dos catro bloques de contidos”

Os obxectivos fundamentais do ensino da materia de lingua galega e literatura son o desenvolvemento das seguintes actividades e competencias:

1. Comprender o contido global e particular, así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida

social e cultural; nomeadamente, dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.

2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.

3. Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.

4. Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura, así como recoñecer o seu tema e a organización da información.

5. Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

6. Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa axente social no seu ámbito, contribuíndo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua (de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional).

7. Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.

8. Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.

9. Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades, superar estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos, en especial os referidos ás mulleres, para evitalos.

10. Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.

11. Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como una condición para que a comunicación funcione de maneira óptima.

12. Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.

13. Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativas utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.

14. Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das diferentes épocas da literatura galega en tanto que expresión de determinadas circunstancias sociohistóricas.

15. Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

3. 2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica en Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel.

3.2.1. CRITERIOS METODOLÓXICOS

No proxecto de Lingua e Literatura de Bacharelato están presentes os seguintes criterios metodolóxicos:

- Adecuación das actividades á madurez do alumnado nesta etapa educativa.
- Diversidade de propostas e actividades que responden aos modos diferentes de aprendizaxes.
- Integración do aprendido a través da interdisciplinidade.
- Desenvolvemento das capacidades cognitivas do alumnado.
- Organización e precisión en contidos teóricos e actividades prácticas.
- Aprendizaxe autónoma dos estudantes.
- Secuenciación pautada da aprendizaxe práctica.
- Participación activa do alumnado na aprendizaxe individual e en grupo.
- Fomento do interese pola aprendizaxe.
- Uso funcional da lingua.

A sociedade actual, en que se insire o noso alumnado, require das súas cidadás e dos seus cidadáns a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela. A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.

Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional.

3.2.2. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas:

-Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.

-Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.

-Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.

-Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.

-Lectura, interpretación e valoración de obras literarias.

-Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.

-Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.

3.3. 1º BACHARELATO

3.3.1. OBXECTIVOS CONCRETOS DO CURSO

Os obxectivos fundamentais do ensino da materia de lingua galega e literatura son o desenvolvemento das seguintes actividades e competencias:

1. Comprender o contido global e particular, así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural; nomeadamente, dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.

2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a fonética e a prosodia correcta, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.

3. Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.

4. Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura, así como recoñecer o seu tema e a organización da información.

5. Recoñecer e utilizar os diferentes rexistos lingüísticos, valorando a importancia de usar o rexistro axeitado en cada momento.

6. Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

7. Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa axente social no seu ámbito, contribuíndo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua (de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional).

8. Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.

9. Recoñecer e identificar os trazos característicos das distintas categorías gramaticais explicando os seus usos e valores nos textos.

10. Participar en proxectos nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

11. Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica e determinar o papel da lusofonía.

12. Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e os factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual..

13. Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos deste.

14. Recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais, citar exemplos e distinguir as familias léxicas irregulares utilizándoas correctamente.

15. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais e o contexto das distintas etapas polas que atravesou o galego (antigo, medio e moderno) .

16. Coñecer as características das principais etapas da literatura galega (desde a Idade Media a 1916) así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativas utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.

17. Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das diferentes épocas da literatura galega (dende a literatura medieval ao Rexurdimento pleno ata 1916) como expresión de determinadas circunstancias sociohistóricas.

18. Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

3.3.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E MÍNIMOS ESIXIDOS

	Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º			
Curso	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
	Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar			
B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.	B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais.	LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	CCL CAA	Comprender e interpretar textos orais dos medios de comunicación e trasladar a información relevante a esquemas e resumos.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
	Curso			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.	B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias).	<p>LGB1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.</p> <p>LGB1.2.2. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia.</p> <p>LGB1.2.3. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>LGB1.2.4. escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.</p>	CCL CAA CSC	Diferenciar as ideas principais e as secundarias e identificar a intención comunicativa de textos argumentativos e expositivos como conferencias e presentacións.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
	Curso			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (entrevistas, documentais, series e películas).	B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación (entrevistas, documentais, series e películas).	LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas). LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social. LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.	CCL CSC CCEC CAA	Identificar a intención comunicativa e as ideas principais de textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación

	Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º			
	Curso			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B1.4. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.4. Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto..	<p>LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.</p> <p>LGB1.4.2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.</p> <p>LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p>	CSC CCL CSIEE	<p>Identificar os recursos de cohesión nun texto oral.</p> <p>Recoñecer a adecuación dun texto ao seu contexto situacional.</p> <p>Distinguir textos coherentes e non coherentes.</p>

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
	Curso			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B1.5. Produción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	<p>LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.</p> <p>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.</p> <p>LGB1.5.4. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p> <p>LGB1.5.5. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. LGB1.5.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente,</p>	<p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CSIEE</p> <p>CSC</p> <p>CD</p>	<p>Planificar textos orais e producir discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. Presentar os contidos de forma clara, ordenada e con corrección gramatical.</p> <p>Utilizar as TIC para a búsqueda de información e para a presentación dos textos de forma atractiva.</p> <p>Empregar axeitadamente os elementos prosódicos : entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume.</p>

	Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º			
	Curso			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
		revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.		
B1.6. Presentación oral de textos expositivos e argumentativos, do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural.	B1.6. Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	<p>LGB1.6.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.</p> <p>LGB1.6.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p> <p>LGB1.6.3. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos.</p> <p>LGB1.6.4. Adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>	Expoñer un tema do currículo con claridade, corrección gramatical e precisión léxica.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
	Curso			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	<p>LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega(pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.</p> <p>LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>	<p>Participar nas intervencións orais espontáneas de maneira adecuada.</p> <p>Respectar as regras morfosintácticas e a fonética galega.</p> <p>Evitar os castelanismos.</p>

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	CCL CSC CSIEE	Achegar argumentos a un debate. Participar en debates ou coloquios respectando as regras de interacción, intervención e cortesía.
B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.	B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.	LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	CAA CCL CSC CSIEE	Participar con intervencións breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou mais culto, sobre temas da vida cotiá ou académica.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.	LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	CCL CAA CSEIEE	Recoñecer os erros máis habituais da produción oral propia e allea: colocación do pronome átono, castelanismos, pobreza léxica, rexistro non adecuado e discurso pouco elaborado.
B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. LGB.1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CCL CAA CSC	Recoñecer a pronuncia galega correcta identificando erros nas producións propias e alleas. Recoñecer e rexeitar os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia , sobre todo os relativos ao seseo e a gheada. Valora o uso da variedade dialectal propia.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
B2.1. Aplicación de	B2.1. Aplicar estratexias e	LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais	CCL	Identificar as ideas principais dun texto.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe. LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto. LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.	CAA	Interpretar o sentido global do texto e identificar o propósito comunicativo do autor emitindo opinións e xuízos sobre a mensaxe. Distinción entre temas e subtemas.
			CSC CD	
B2.2. Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas gramaticais e ben presentados.	B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada. LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro. LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións.	CCL CSC	Producir textos escritos ben planificados, con adecuación, coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Contidos	Curso	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
		<p>LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.</p> <p>LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</p>		
<p>B2.3. Comprensión, produción e síntese de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural (dicionarios, glosarios e enciclopedias).</p>	<p>B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p>	<p>LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaos).</p> <p>LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>LGB2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo.</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p>	<p>Comprender, interpretar e sintetizar o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaos).</p> <p>Identificar o tema e a estrutura de textos expositivos e argumentativos.</p> <p>Distingue as ideas principais e as secundarias e textos expositivos e argumentativos.</p> <p>Desenvolver un tema do currículo con rigor, claridade, corrección ortográfica e gramatical</p>

	Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º			
	Curso			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
		<p>LGB2.3.4. Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual.</p> <p>LGB2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.</p> <p>LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p>		e utiliza léxico preciso e especializado evitando o uso de coloquialismos e palabras comodín.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B2.4. Comprensión, produción e valoración de textos procedentes dos medios de comunicación social tanto os publicitarios como os periodísticos de carácter informativo e de opinión.	B2.4. Comprender, producir e valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.	LGB2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión. LGB2.4.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e recoñece os elementos de persuasión dos anuncios. LGB2.4.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios.	CCL CSC	Comprender, producir e interpretar textos xornalísticos de carácter informativo ou de opinión.
B2.5. Análise dos textos descritivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.	B2.5. Caracterizar, identificar e producir textos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares.	CCL	Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.
B2.6. Análise dos textos expositivos: intención	B2.6. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos	LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características	CCL	Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos

	Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º			
	Curso			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
comunicativa, estrutura formal e de contido, características lingüísticas.	pertencentes a distintos ámbitos de uso.	lingüísticas dos textos expositivos.		de uso.
B2.7. Análise dos textos narrativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, características lingüísticas.	B2.7. Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.	CCL	Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.
B2.8. Análise dos textos argumentativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, características lingüísticas.	B2.8. Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos.	CCL	Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B2.9. Análise dos textos dialogados: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.	B2.9. Caracterizar, identificar, analizar e producir textos dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados.	CCL	Caracterizar, identificar, analizar e producir textos dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.
B2.10. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas ou dixitais e posterior organización e revisión dos textos cos recursos que ofrecen as TIC.	B2.10. Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e con axuda dos recursos que ofrecen as TIC.	LGB2.10.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo. LGB2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais. LGB2.10.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	CCL CD CAA	Consultar fontes dixitais para a elaboración de textos de investigación sobre temas relacionados co currículo, contrastando e seleccionando a información obtida. Planificar os escritos a partir da información obtida en fontes impresas ou dixitais. Respectar as normas de presentación dos traballos escritos. (epígrafes, procedementos de cita, notas a pé, bibliografía...)
Bloque 3. Funcionamento da lingua				

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B3.1. Coñecemento e reflexión sobre os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas.	B3.1. Verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado.	LGB3.1.1. Emprega os principais coñecementos de Lingüística Xeral para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos e para producir, compor e revisar textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe. LGB3.1.2. Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas.	CCL	Analizar en textos dados os elementos da comunicación, unidades lingüísticas, signo lingüístico, etc.
B3.2. Coñecemento dos diferentes rexistros lingüísticos e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado en relación coa situación comunicativa.	B3.2. Recoñecer e utilizar os diferentes rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais valorando a importancia de usar o rexistro axeitado a cada momento.	LGB3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa. LGB3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas.	CCL CSC	Identificar, valorar a súa importancia e utilizar diferentes rexistros lingüísticos en función de cada situación comunicativa.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B3.3. Producción de textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSIEE CAA	Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
B3.4. Caracterización morfolóxica, semántica e sintáctica do substantivo e do adxectivo.	B3.4. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos.	LGB3.4.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.	CCL CAA	Recoñecer substantivos e adxectivos, distinción e explicación dos seus usos e valores.
B3.5. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, interrogativos,	B3.5. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.	LGB3.5.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	CCL CAA	Recoñecer e identificar os distintos tipos de determinantes e explicar e distinguir os seus usos e valores.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º					
Contidos	Curso	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
exclamativos, cuantificadores e identificadores).					
B3.6. Recoñecemento, descrición e uso da categoría verbal e das perífrases verbais.	B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do verbo e as perífrases verbais e explicar os seus usos e valores nos textos.	LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	CCL CAA		Recoñecer, identificar e explicar os usos e valores dos verbos e das perífrases verbais.
B3.7. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos conectores textuais.	B3.7. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais.	LGB3.7.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.	CCL CAA		Identificar, explicar e usar distintos tipos de conectores textuais.
B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais.	B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos.	LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	CCL CAA		Identificar e explicar os usos e valores dos adverbios e locucións adverbiais.
B3.9. Coñecemento,	B3.9. Recoñecer e	LGB3.9.1. Identifica e explica os usos e	CCL		Recoñecer e explicar os usos e valores dos

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
caracterización e tipoloxía dos pronomes.	identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos.	valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	CAA	pronomes. Usalos adecuadamente en distintos textos.
B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CD	Realizar recensións de libros e películas utilizando varias linguas (galego, castelán, portugués, francés, alemán, etc)

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
	Curso			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA	Producir textos nos que se utilicen os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra na lingua estudada e utilizar eses coñecementos na produción doutros textos noutra das linguas estudadas.
Bloque 4. Lingua e sociedade				
B4.1. Funcións sociais da lingua.	B4.1. Distinguir as funcións sociais da lingua e determinar a situación do galego respecto a elas.	LGB4.1.1. Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas.	CCL CSC	Distinguir as funcións sociais da lingua galega.
B4.2. Diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.	B4.2. Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.	LGB4.2.1. Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.	CCL CSC CCEC	Descibir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B4.3. A lusofonía.	B4.3. Determinar o papel da lusofonía.	LGB4.3.1. Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia cultural e económica desde a perspectiva galega.	CCL CSC CCEC	Coñecer o papel da lusofonía no mundo e a súa importancia cultural e económica.
B4.4. Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorizada. Conflito lingüístico e diglosia. Ecolingüismo.	B4.4. Distinguir conceptos básicos de contacto de linguas e describir os fundamentos do ecolingüismo. Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorizada. Conflito lingüístico e diglosia.	LGB4.4.1. Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describe os fundamentos do ecolingüismo.	CCL CSC CCEC	Diferenciar e explicar os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describir os fundamentos do ecolingüismo.
B4.5. Historia da lingua: do latín ao galego; situación lingüística da Península antes da romanización; substrato e o estrato latino (principais evolucións fonéticas do latín ao galego). A Romanización e o	B4.5. Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos deste.	LGB4.5.1. Describe a romanización e o nacemento das linguas romances. LGB4.5.2. Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato).	CCL CSC	Describir a romanización e o nacemento das linguas romances. Identificar e describir os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da súa historia (substrato, estrato superestrato)

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º					
Contidos	Curso	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
nacemento das linguas romances; o superestrato.					
B4.6. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e as familias léxicas irregulares.	B4.6. Recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e citar exemplos, así como distinguir as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente.	LGB4.6.1. Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo. LGB4.6.2. Distingue as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente.	CCL	Recoñecer os cultismos, semicultismos e voces patrimoniais. Distinguir as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente.	
B4.7. Historia da lingua: o galego antigo (Idade Media), emerxencia e declive, características lingüísticas, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística.	B4.7. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego antigo, o seu contexto e identificalo en textos.	LGB4.7.1. Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego antigo. LGB4.7.2. Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística. LGB4.7.3. Identifica o galego antigo en documentos non literarios e literarios.	CCL CSC	Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego antigo. Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo e a súa situación sociolingüística. Identificar o galego antigo en textos.	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
	Curso			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B4.8. Historia da lingua: galego medio; dialectalización da lingua (séculos XVI, XVII e XVIII); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.	B4.8. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describir o seu contexto e identificalo en textos.	<p>LGB4.8.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describe o seu contexto e identifícao en textos.</p> <p>LGB4.8.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística.</p> <p>LGB4.8.3. Analiza a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego.</p> <p>LGB4.8.4. Identifica o galego medio en documentos non literarios e literarios.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>	Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describir o seu contexto e identificalo en textos.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º					
Contidos	Curso	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B4.9. Historia da lingua: galego moderno (desde o século XIX ata 1916); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.	B4.9. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916), describir o seu contexto e identificalo en textos, elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos anteriores a 1916.	LGB4.9.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916). LGB4.9.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística. LGB4.9.3. Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no desenvolvemento posterior da lingua. LGB4.9.4. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos non literarios e literarios. LGB4.9.5. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan textos anteriores a 1916	CCL CSC	Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno. Describir o contexto histórico e cultural do galego moderno e a súa situación sociolingüística. Identificar o galego moderno en textos .	
Bloque 5. A literatura.					

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Contidos	Curso	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B5.1. Definición dos conceptos "literatura" e "texto literario", caracterización dos diferentes xéneros e análise dos seus principais recursos formais e descrición da cronoloxía xeral da historia da literatura galega.	B5.1. Definir "literatura" e "texto literario", caracterizar os diferentes xéneros e analizar os seus principais recursos formais e describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.	LGB5.1.1. Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega. LGB5.1.2. Compara textos de diferentes xéneros, caracterizándoos a partir dos seus trazos formais e estruturais definitorios. LGB5.1.3. Adscribe á súa época autores/as e textos destacados da historia da literatura galega.	CCL	Definir literatura e texto literario. Caracterizar os diferentes xéneros literarios e analizar os seus principais recursos formais.
B5.2. Definición de "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, relación histórica da súa vitalidade e mais das principais manifestacións e compilacións realizadas nos diferentes períodos históricos ata a	B5.2. Definir "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, historiar a súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.	LGB5.2.1. Define "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, concreta a historia da súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade. LGB5.2.2. Le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura galega de tradición oral e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos.	CCL	Definir literatura galega de tradición oral e as súas principais concrecións xenéricas. Concretar as principais manifestación deste tipo de literatura nos diferentes períodos históricos. Ler e comentar textos de diferentes xéneros da literatura popular de tradición oral.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
	Curso			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
actualidade.				
B5.3. A literatura medieval: contextualización sociohistórica e sociolingüística das súas orixes, definición das características principais e análise da lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa	B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura medieval: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, definir as características principais e analizar a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.	LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.	CCL	Coñecer o contexto histórico, sociolingüístico e cultural da literatura medieval. Coñecer as súas orixes, definir as súas características e analizar a lírica profana e relixiosa e a prosa medieval.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
medieval.				
B5.4. Lectura de textos significativos da literatura medieval, identificación das súas características temáticas e formais e relación destas co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	B5.4. Ler textos significativos da literatura medieval, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Ler e comentar textos representativos da literatura medieval caracterizándoos formal e tematicamente e relacionalos con contexto histórico e sociolingüístico.
B5.5. A literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción desta etapa, e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais.	B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa, e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais.	LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais.	CCL	Coñecer o contexto histórico, sociolingüístico e cultural da literatura do galego medio. Describir e analizar as obras e os autores principais.
B5.6. Lectura de textos	B5.6. Ler textos	LGB5.6.1. Le e comenta textos	CCL	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
significativos da literatura do galego medio, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	significativos da literatura do galego medio, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	representativos da literatura do galego medio, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.		Ler e comentar textos representativos da literatura do galego medio identificando as súas características temáticas e formais e relacionándoos co contexto histórico e sociolingüístico.
B5.7. A literatura do Rexurdimento: contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais deste período.	B5.7. Identificar, analizar e describir a literatura do Rexurdimento: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais deste período.	LGB5.7.1. Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.	CCL	Coñecer o contexto histórico, sociolingüístico e cultural do Prerrexurdimento, Rexurdimento ata 1916. Analizar e describir as obras e os autores principais deste período.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º				
Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B5.8. Lectura de textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	B5.8. Ler textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificando as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.8.1. Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Ler e comentar textos representativos da literatura do Prerrexurdimento, Rexurdimento e da anterior a 1916 analizando as súas características temáticas, formais e estruturais e poñéndoos en relación co contexto histórico e sociolingüístico.

3.3.3.CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

O proxecto de Lingua e Literatura de 1.º de Bacharelato pretende que os alumnos e as alumnas adquiran as habilidades necesarias para facer efectiva a comunicación no nivel persoal, académico, social e profesional. Para iso, ademais da comunicación lingüística, propia da materia e a conciencia e expresións culturais, relacionada especialmente coa literatura, en todas as unidades se desenvolven outras competencias inherentes á propia aprendizaxe como son aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor, e a competencia dixital, relacionada coa busca de información.

A competencia fundamental que desenvolve é, polo tanto, a **comunicación lingüística**. A través dos contidos, lecturas e actividades propostas ao longo do libro búscase que o alumnado sexa competente en; a) a comprensión oral e a comprensión escrita mediante a escoita e a lectura de textos de diversa índole e a escoita atenta das explicacións nas situacións comunicativas da aula e b) a expresión oral e a expresión escrita mediante a elaboración de textos propios orais ou escritos cun vocabulario e unhas estruturas lingüísticas precisos e de forma coherente e adecuada a cada situación comunicativa.

As **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** están presentes naquelas unidades nas que se traballan textos relacionados co medio e a ciencia.

A **competencia dixital** implica a utilización de medios dixitais que o alumnado de Lingua e Literatura precisará para solicitar información de dicionarios e enciclopedias e obter datos concretos sobre autores e obras, así como para ampliar os contidos ou traballar os medios de comunicación.

O carácter abstracto dunha gran parte dos contidos que se traballan en Lingua implican unha necesaria xestión dos estilos de aprendizaxe e os recursos e motivacións persoais, e un desenvolvemento das estratexias de comprensión por parte do alumnado. Así mesmo, os estudantes enfróntanse ao seguimento dunha aprendizaxe pautada e á reflexión creativa, crítica e emocional, especialmente nas análises e comentarios dos textos. Por último, a posibilidade de autoavaliar os obxectivos de aprendizaxe e de tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe están sempre presentes nas actividades de repaso e nos resumos das unidades. Todo iso fai que a competencia **aprender a aprender** se traballe en practicamente todos os apartados de cada unidade.

O alumnado adquire **competencias sociais e cívicas** a través do recoñecemento e o respecto da diversidade de ideas e opinións nos traballos de tipo colaborador de diálogo e debate e das vertidas, especialmente, nos ensaios e nos artigos de opinión. Por outra parte, os alumnos e as alumnas deberán establecer unha escala de valores desde a que emitir xuízos críticos e fundamentados sobre os textos. Traballarán tamén esta competencia ao valorar a riqueza cultural da realidade plurilingüe da Península Ibérica e ao establecer a relación da realidade histórica e a literatura.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** faise patente en todas as actividades do libro que requiren achega de ideas, análise sistemática, aplicación do aprendido para xerar novas posibilidades, creación de textos, elección de recursos, etc. Así, o alumnado adquire esta competencia en especial participando nas actividades motivadoras do inicio da unidade, resolvendo cuestións lingüísticas, construíndo oracións, realizando as análises de texto pautadas, creando textos propios ou achegándose aos recursos diversos que se ofrecen na web.

A materia contribúe especialmente ao fomento da apreciación cultural e a educación do gusto que desenvolve a competencia **conciencia e expresións culturais**. Por un lado, o libro de texto ofrece unha gran cantidade de textos de tipoloxía variada e de autores recoñecidos para traballar os contidos do curso, cuxa temática, ademais, se relaciona con temas que van desde o patrimonio natural ou científico ata a interculturalidade. Por outro, a Literatura invita ao alumnado a entrar en contacto directo con obras e autores de diversos xéneros e de valor universal sobre os que se dan as pautas e os contextos para a súa mellor comprensión, o que supón un estímulo para que os estudantes se acheguen con sensibilidade e agrado ao patrimonio literario.

3.3.4. LIBRO DE TEXTO

VARIOS AUTORES: *Lingua galega e literatura. Bacharelato 1*, Ed. Anaya.

3.3.5. TEMPORALIZACIÓN

No **1º trimestre** verase o apartado “LINGUA” (agás a parte de comentario de textos): temas 2 a 7 (prescindimos do tema 1 porque son contidos estudados en Lingua española e é moi importante economizar o tempo adicado ao desenvolvemento dos distintos temas debido á extensión do programa).

No **2º trimestre** , “SOCIOLINGÜÍSTICA” e a parte de comentario de textos (a que se incluía no apartado anterior e a que se inclúe neste).

No **3º trimestre**, “LITERATURA”.

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

O tratamento de cada unidade ocupará un total aproximado de seis sesións, aínda que dependendo da dificultade das mesmas e dos procesos de asimilación e aprendizaxe poderá verse levemente aumentado ou diminuído.

3.3.6. PLAN LECTOR

Lecturas:

Obrigatorias (unha por avaliación)

A esmorga, Eduardo Blanco Amor

O sol do verán, Carlos Casares

Morning Star, Xosé Miranda

Ademais, o alumnado deberá ler obrigatoriamente unha escolma de poemas de Rosalía, Curros e Pondal no momento do curso que sexa considerado pertinente polo profesor/a.

Voluntarias (cinco por trimestre)

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase cun máximo de 0,5 puntos na avaliación correspondente, non podendo superar en ningún caso un máximo de 2 en total e sempre e cando o alumno teña polo menos unha cualificación de catro (4) e teña demostrado a lectura completa do libro de lectura obrigatoria correspondente.

A súa lectura deberá ser probada ante o profesorado como mínimo unha semana antes da data da avaliación. Na última avaliación a data tope será o 30 de maio.

Persépole, Marjane Satrapi

Engurras, Paco Roca

Fantasmas de luz, Agustín Fernández Paz

Futuro imperfecto, Xulia Alonso Díaz

Vía secundaria, An Alfaya

55 mentiras sobre a lingua galega, Xosé-Henrique Costas (coord.)

Erros e Tánatos, Gonzalo Navaza

Ambulancia, Suso de Toro

Un tipo listo, Xose Monteagudo

Os dous de sempre, Daniel Castelao

Pepa a loba, Carlos G. Reigosa

Que me queres amor?, Manuel Rivas

A miña planta de laranxa lima, Moure de Vasconcelos

O diario vermello de Carlota, Gemma Lienas

Os biosbardos, E. Blanco Amor

Atendendo ao obxectivo citado de lograr criterios persoais na selección de lecturas, o profesorado poderá ter en conta en cada avaliación outras lecturas voluntarias que efectuase o alumno, sempre que fose baixo a dirección do profesor e demostrando logo a comprensión e lectura da/a obra/s.

3.3.7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

No desenvolvemento das distintas unidades didácticas obteranse resultados de aprendizaxe vinculados aos estándares e ás competencias clave, que inclúe o currículo da materia, para avaliar eses resultados farase necesario planificar a realización e recollida de probas que mostren o seu nivel de consecución, así como a súa evolución ao longo do curso.

BLOQUE 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

- Identificación da idea principal dun texto de natureza oral informal e determinación de en que variedade lingüística está producido.
- Identificación das tres partes fundamentais da estrutura dunha exposición oral sobre un tema académico ou de divulgación científica e cultural.
- Construción dun texto oral adecuado a unha situación comunicativa proposta.
- Elaboración dunha exposición oral sobre un tema académico servíndose dun guión no que se recollan os argumentos principais, que logo desenvolverá.
- Planificación dunha exposición oral sobre un tema de actualidade ou relacionado coa materia para a elaboración dun texto adecuado, coherente e ben cohesionado.
- Desenvolvemento mediante unha exposición oral dos argumentos a favor ou en contra de determinadas afirmacións relacionadas con diferentes aspectos da materia.
- Desenvolvemento dun tema escollido de entre varios propostos, con rigor, claridade e corrección gramatical.
- Realización de debates sobre temas de actualidade nos que teñan que usar teses propias ben argumentadas e nos que respectan as quendas de palabra, as intervencións dos compañeiros, etc.

BLOQUE 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

- Lectura atenta dun texto para interpretar o sentido global e emitir opinión sobre as teses expostas nel.
- Elaboración dun resumo que sintetice as ideas principais dun texto.
- Elaboración dun esquema no que se recollan de xeito estruturado e xerarquizado as ideas principais dun texto.
- Clasificación, segundo a tipoloxía textual, de varios textos dados e explicación das súas características .
- Realización, sobre un mesmo tema, de distintos tipos de textos: descritivos, dialogados, expositivos, narrativos, argumentativos...
- Realización de cambios na puntuación dun texto dado, de xeito que dean lugar a cambios substanciais de significado.
- Acentuación gráfica de palabras que o precisen dunha listaxe dada.
- Acentuación ortográfica e diacrítica de textos dados.
- Utilización das parellas de palabras opostas pola presenza ou ausencia do til diacrítico en oracións de elaboración propia.

- Identificación, en varios textos medievais, das características do galego antigo presentes.
- Versión ao galego moderno dun texto medieval sinalando os cambios que se produciron.
- Redacción dun texto expositivo sobre un tema proposto coidando a coherencia, cohesión, adecuación, axustado ás normas gramaticais e ben presentado.
- Reescritura dun texto con diferentes tipos de erros na redacción, puntuación, ortografía, etc. para eliminalos.
- Sobre un texto dado realizar o resumo, indicar o tema, a estrutura, determinar as ideas principais e secundarias e explicar o significado de determinadas palabras.
- Redacción dun texto argumentativo respectando a estrutura e características deste tipo de texto, con corrección gramatical e léxica e boa presentación.
- Revisión dun texto escrito para corrixir os elementos repetidos ou pouco axeitados.
- Análise dos recursos empregados nun texto de carácter divulgativo sinalando a que público vai dirixido e cal é a intención comunicativa do autor.
- Distinción entre un texto xurídico e outro administrativo, sinalando as secuencias textuais que os integran e identificando o emisor e o destinatario.
- Redacción dunha reclamación.
- Identificación nun texto xornalístico dos elementos que o caracterizan (emisor, canle, destinatario, elementos complementarios,...) e das secuencias textuais empregadas. Indicación do xénero xornalístico ao que pertence.
- Análise dun texto descritivo indicando as características lingüísticas e textuais e determinando a súa estrutura.
- Análise dun texto expositivo indicando a intención comunicativa, a estrutura e outras características propias destes textos.
- Análise dun texto narrativo indicando a estrutura formal e de contido, o narrador e punto de vista, o espazo, o tempo e os personaxes.
- Análise dun texto argumentativo facendo un resumo do seu contido, interpretando o seu significado, recoñecendo os argumentos e identificando a súa estrutura.
- Identificación en varios textos dos principais tipos de argumentos.
- Análise dun texto dialogado indicando a estrutura e características lingüísticas do mesmo.
- Partindo dun texto dialogado breve realizar o cambio do estilo directo para o estilo indirecto desde o punto de vista dun dos interlocutores.
- Búsqueda na Rede de información para realizar un texto expositivo sobre distintos temas propostos.
- Búsqueda na Rede de información acerca dun personaxe público para realizar un texto descritivo sobre o mesmo.
- Utilizar os correctores ortográficos que existen na Rede para a revisión e corrección dos textos escritos elaborados.

BLOQUE 3. Funcionamento da lingua.

- Recoñecemento e identificación, sinalando as súas características, dos rexistros que utilizan varios textos dados.
- Producción de dous textos sobre o mesmo tema utilizando dous rexistros diferentes adaptados á situación comunicativa que se indicará previamente.
- Producción dun texto escrito con corrección gramatical e léxica, presentación adecuada, coherencia, cohesión, etc.
- Identificación dos substantivos e adxectivos dun texto.
- Clasificación de grupos de substantivos segundo o seu comportamento respecto do xénero e do número.

- Formación do feminino e do plural de diferentes substantivos.
- Recoñecemento do significado de distintos adxectivos.
- Búsqueda dun sinónimo para determinados substantivos e adxectivos.
- Relación correcta entre o substantivo colectivo e o individual correspondente e viceversa.
- Indicación dos substantivos que se corresponden con verbos dados.
- Recoñecemento do significado de diferentes parellas de substantivos semellantes na forma pero de xénero diferente.
- Indicación do plural de palabras compostas soldadas e non soldadas.
- Utilización dos distintos graos do adxectivo en oracións e textos.
- Identificación dos determinantes nun texto ou en diferentes oracións.
- Cambiar uns determinantes por outros en textos ou oracións dadas explicando cales son as diferenzas de significado que se produciron.
- Realización da contracción correcta de formas de determinantes con preposicións ou entre eles.
- Escribir os cuantificadores cardinais e ordinais correspondentes a unha serie de cifras.
- Búsqueda e clasificación dos cuantificadores indefinidos nun texto ou oracións dadas.
- Determinación do valor que teñen os demostrativos dun texto.
- Determinación do valor que teñen os posesivos dun texto.
- Utilización en oracións propias de distintos demostrativos con usos e valores diferentes.
- Utilización en oracións propias de distintos posesivos con usos e valores diferentes.
- Realizar a modificación de oracións dadas de xeito que aparezan nelas os posesivos distributivos.
- Utilización en oracións propias dos posesivos distributivos e das formas “de meu, de teu, de seu”.
- Identificar os distintos tipos de determinantes que aparecen nun texto e realizar a súa clasificación.
- Identificación nun texto dos pronomes persoais e clasificación dos mesmos.
- Cambiar en varias oracións o tratamento familiar para o tratamento cortés.
- Substitución dos complementos directo e indirecto de oracións polos pronomes persoais átonos correspondentes.
- Utilización dos pronomes átonos de 2ª sg. en oracións.
- Cambiar a primeira persoa gramatical dun texto pola 2ª e 3ª.
- Identificación dos pronomes de solidariedade e interese en textos e oracións.
- Utilización dos pronomes de solidariedade e interese en oracións nas que xa aparecen outros pronomes átonos.
- Identificación dos valores de SE en oracións.
- Utilización do pronome SE ,cando sexa posible, en oracións.
- Valoración da colocación dos pronomes persoais átonos en oracións dadas.
- Colocación dos pronomes persoais átonos en oracións suxeitas a distintos condicionantes.
- Identificación e análise das formas verbais dun texto.
- Identificación e análise das formas verbais amodotemporais dun texto e realización da súa clasificación.
- Segmentación de formas verbais regulares e irregulares nos seus elementos constituíntes.
- Identificar e clasificar as perífrases verbais dun texto ou oracións.
- Cambiar oracións modificando o tempo das formas verbais.
- Transformación de oracións substituindo o infinitivo pola súa forma conxugada cando sexa posible.

- Utilización do participio regular ou irregular de determinados verbos en oracións ou textos.
- Transformación de oracións substituindo formas verbais polo futuro de subxuntivo cando sexa posible.
- Uso en distintas oracións ou textos de formas verbais en presente de indicativo, imperativo ou presente de subxuntivo de verbos con alternancia vocálica.
- Utilización de formas verbais dos verbos en –ECER,-UCIR, -UÍR, -AER,-OER,-AÍR, -OÍR en oracións ou textos.
- Conxugación en oracións dadas de verbos monosilábicos regulares e irregulares.
- Identificación nun texto dos diferentes tipos de nexos: preposicións, locucións prepositivas, conxuncións, relativos e adverbios conectores.
- Utilización en oracións de creación propia de distintos tipos de nexos, nomeadamente: como/coma, que/ca, onde/onda, cando/canda, etc.
- Identificación e clasificación de diferentes adverbios e locucións adverbiais en textos e oracións.
- Utilización en oracións de creación propia de distintos adverbios e locucións adverbiais.

BLOQUE 4. Lingua e sociedade.

- Elaboración dun esquema que recolla a información máis salientable referida á variación diafásica e a diastrática.
- Reelaboración de oracións producidas nun rexistro coloquial para un rexistro formal.
- Elaboración dun breve comentario sobre varios textos razoando a que nivel e rexistro lingüístico corresponden.
- Elaboración dun esquema onde recollan información sobre a realidade plurilingüe e pluricultural da Península sinalando algunhas das características históricas e gramaticais dos idiomas peninsulares.
- Lectura dos artigos 3º da Constitución española, 5º do Estatuto de Autonomía de Galicia, o artigo 6º do Estatuto de Autonomía do País Vasco e o 3º do Estatuto de Autonomía de Cataluña e comparación da consideración que lle dá cada un á lingua autóctona e ao castelán.
- Lectura do texto de Xosé Enrique Costas sobre ecolingüística do libro: *Guía das linguas de Europa*.
- Resumo do seu contido e poñer en relación este co concepto de biodiversidade cultural.
- Clasificación por familias das linguas que se citan no texto.
- Búsqueda de iniciativas en internet que poñen en relación Galicia coa lusofonía.
- Localización nun mapa de Europa das áreas xeográficas das linguas románicas.
- Elaboración dun esquema sobre a orixe e evolución da lingua galega ata o século V.
- Clasificación de distintos termos en voces patrimoniais, semicultismos e cultismos.
- Sinalar os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais que existen en galego de diferentes palabras latinas.
- Sinalar o adxectivo culto que se corresponde cunha serie de substantivos patrimoniais.
- Indicación do significado dunha listaxe de locucións latinas.
- Explicación do significado dunha listaxe de tecnicismos correspondentes a distintos ámbitos (académico, administrativo, político, psicolóxico e filosófico).
- Explicación da influencia das linguas de substrato na formación da lingua galega.
- Clasificación de grupos de palabras segundo teñan orixe substratística ou superestratística.
- Consulta na Rede de máis información sobre os primeiros textos escritos en galego-portugués.

- Redacción dun texto dunhas doce liñas nas que se resuman os aspectos máis destacables do período medieval na historia do galego.
- Elaboración dun cadro no que se recollan as principais diferenzas lingüísticas atopadas en varios textos con dúas versións, a medieval e a actual, clasificando esas diferenzas segundo a súa natureza (gráficas, fonéticas, morfolóxicas, sintácticas e léxicas).
- Elaboración dun texto escrito dunhas 25 liñas no que se recolla unha reflexión sobre a posible relación entre a situación cultural, social, económica e política da Galicia de hoxe e a da Galicia medieval e moderna.
- Elaboración dun resumo dunhas 25 liñas no que se recollan os aspectos máis salientables do período da historia da lingua galega coñecido como “galego moderno”.
- Lectura dun texto de X. M. Pintos (fragmento de *A gaita gallega*) indicando aqueles aspectos gráficos nos que se afasta do galego normativo así como os castellanismos que afectan sobre todo ás formas verbais.
- Realización dunha versión ao galego actual deste texto.
- Lectura do texto de Ferro Couselo: *Como e por que os escribáns deixaron de empregar o galego*.
- Contestación a varias cuestións sobre o texto: Segundo o autor cales foron as principais causas da decadencia do galego nos textos da administración?, por que as variantes galega e portuguesa correron distinta sorte?
- Lectura dalgún texto de Sarmiento sobre o galego e a partir del analizar a consideración social da lingua galega no século XVIII.

BLOQUE 5. A literatura.

- Análise dun conto procedente da tradición oral identificando os personaxes principais e secundarios e limitando as partes do texto que se corresponden coa presentación o nó e o desenlace.
- Búsqueda de información sobre os goliardos dada a súa posible relación coa orixe da poesía medieval.
- Búsqueda na Rede de información sobre o Camiño de Santiago e a figura do bispo Xelmírez en relación co florecemento da nosa literatura medieval.
- Audición dunha kharxa e dunha canción andalusí musicadas por Eduardo Paniagua no disco: *Cantos de mujeres en las tres culturas*.
- Investigación na Rede da historia do Pergamiño Vindel e búsqueda de imaxes da Biblioteca neoyorquina na que se atopa.
- Análise temática e formal de varias cantigas de amigo.
- Audición de varias cantigas de amigo: “*Ondas do mar de Vigo*” Disco Devotio, Grupo Martín Códax.
- Visita á páx. web :<http://blocdelletres.ub.edu/2011/11/28/cantigas-medievais-galego-portuguesas>, na que se poden ver distintos cancioneros mesmo pasando páxina a páxina, escoitar cantigas, obter información de autores, etc.
- Lectura dunha selección de cantigas medievais e clasificación das mesmas xustificándoo.
- Análise temática e formal de varias cantigas de amigo.
- Análise temática e formal de varias cantigas de amor.
- Análise temática e formal de varias cantigas satíricas.
- Análise de distintas cantigas de Santa María sinalando a súa tipoloxía (líricas ou narrativas), a métrica e a rima e a súa temática.
- Lectura de varios fragmentos de prosa medieval galega sinalando a súa temática e estrutura narrativa.

- Lectura dun fragmento do *Pranto da Frouseira*. Indicación da súa temática e búsqueda de información na Rede sobre Pero Pardo de Cela.
- Lectura do *Soneto da Condessa de Altamira* e do *Soneto de Monterrei*. Análise dos mesmos indicando a súa temática, recursos estilísticos e métrica.
- Lectura de dous contos populares de tradición oral, clasificación dos mesmos segundo a súa tipoloxía, indicación das semellanzas e diferenzas entre os dous e explicación da súa finalidade.
- Lectura de varias cantigas populares e clasificación das mesmas.
- Análise dunha cantiga popular indicando o seu contido e os recursos literarios empregados.
- Lectura e análise dun fragmento do poema *A Galicia* de Francisco Añón comentando especialmente os aspectos métricos e rítmicos do mesmo.
- Comentario de texto dun fragmento de *A gaita gallega* de X.M. Pintos ("*Ouh Galicia, Galicia boi de palla*"): temática, estrutura, recursos estilísticos, métrica e rima.
- escoitar o audio de "*Tecín soia a miña tea*" do disco *Lendas Douradas*, de Roi Casal.
- escoitar a versión rock de "*Adiós ríos, adiós fontes*" do grupo Astarot.
- Lectura e análise de varios textos de *Cantares gallegos e Follas novas* de Rosalía, indicando a temática, os recursos estilísticos, a métrica, etc.
- Comentario de texto dun fragmento do poema "A gaita gallega" de Rosalía.
- Lectura e análise do poema "*Unha vez tiver un cravo*" prestando especial atención aos recursos estilísticos, a simboloxía, métrica e rima.
- Comentario de texto de "*Cando penso que te fuches/negra sombra..*"
- Lectura dos prólogos dos dous poemarios de Rosalía e resumo breve dos mesmos. Indicación da intencionalidade e finalidade de ambos os dous.
- escoita da interpretación do poema "*Os pinos*" como letra do himno galego.
- Lectura do poema e análise do mesmo indicando: voz lírica, contido, estrutura, recursos estilísticos fundamentalmente aqueles que caracterizan a poesía pondaliana, métrica e rima.
- Lectura do poema: "*Podes deter un pouco/ao valente soldado*" e análise do mesmo indicando cales son as calidades do bardo que se destacan no texto.
- Lectura do texto "*Morrer en brando leito*", indicación da súa temática, das antíteses presentes no poema e da función que posúen.
- Lectura de poemas de Pondal de temática variada clasificándoos segundo a mesma e xustificando devandita clasificación.
- Análise dos recursos estilísticos destes poemas, do estilo e da métrica, poñéndoo en relación coas características do autor.
- Audición do poema "*O maio*" cantado por Luís Emilio Batallán.
- Lectura e comentario de texto deste poema.
- Audición de "*Unha noite na eira do trigo*" interpretado por Rosa Cedrón e Cristina Pato.
- Lectura de varios textos de Curros Enríquez, clasificación segundo a súa temática (intimista, costumista, social) e análise dos aspectos máis significativos de cada un (recursos, métrica, estrutura, etc.)
- Lectura e comentario de texto do poema: "*Na chegada a Ourense da primeira locomotora*".
- Lectura dun fragmento de *Maxina ou a filla espúrea* de M. Valladares.
- Realización dun resumo do texto anterior e relaciónalo co seu contexto histórico-social.

3.3.8. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para a cualificación do alumnado en cada trimestre teranse en conta todos os criterios de avaliación, que se medirán a través das evidencias da aprendizaxe dos estándares e do desenvolvemento das competencias que se demostren nas distintas actividades e probas que se realicen. A seguir concretamos diferentes instrumentos de avaliación que utilizaremos ao longo do curso:

- **Para avaliar as actitudes e uso da lingua galega na aula:**
 - A participación activa en traballos colaborativos, nos intercambios comunicativos, etc.
 - O uso da lingua galega como instrumento de comunicación para interactuar cos seus compañeiros e co profesor, expresión fluída, respecto polos padróns fonéticos do galego, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión escrita:**
 - Tarefas e actividades escritas presentadas en soporte papel ou dixital.
 - Cadernos e/ou apuntamentos.
 - Probas como: ditados, resumos, redaccións, comentarios de texto, desenvolvemento de temas, etc.
 - Exames con preguntas tipo tema, pregunta curta, preguntas de resposta múltiple e de resposta aberta, comentarios, produción de textos, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión oral:**
 - Realización de lecturas expresivas na aula (diálogos, relatos, poemas...)
 - Traballos de exposición oral na aula.
 - Intervencións en debates, conversacións con compañeiros e profesor.
- **Para avaliar a comprensión lectora:**
 - Lectura de obras literarias e de textos académicos e dos medios de comunicación.
 - Resumos escritos e orais dos textos lidos.
 - Traballos escritos sobre aspectos determinados dunha obra presentados en soporte papel ou dixital.
 - Probas escritas que comprobán a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios.
- **Para avaliar a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios:**
 - Proba escrita que inclúe preguntas sobre o argumento, personaxes, narrador, espazo, tempo, etc.

En cada avaliación realizaranse polo menos **dúas probas escritas**, que suporán o **65% da cualificación**.

Nestas probas partírase dun modelo máis ou menos estandarizado con exercicios e/ou preguntas de ortografía, gramática, sociolingüística e literatura, correspondentes ás

unidades traballadas en cada avaliación. A ortografía e a gramática avaliaranse en exercicios prácticos, con preguntas de completar, relacionar, reflexionar, explicar, etc.; para a sociolingüística e a literatura utilizaranse preguntas de desenvolver un tema ou aspecto dun tema, análise de texto, etc. Indicarase en cada pregunta cal será a súa puntuación. A cualificación poderá facerse sobre 10 ou sobre o valor real que acadan estas probas na avaliación, é dicir, 6,5 (ao criterio do profesor), as preguntas de análise de texto obterán unha puntuación maior que poderá supoñer o dobre que cada unha das demais.

Unha proba do libro de lectura obrigatoria (oral ou escrita) que suporá o **15%** da cualificación e onde terán que demostrar a capacidade de comprensión global, de síntese, de interpretación e de reflexión sobre o contido da mesma. Ademais terase en conta a corrección morfolóxica, léxica e ortográfica aplicando os mesmos descontos que se sinalan para o resto das probas escritas.

Unha proba dos libros de lecturas voluntarias concebida cos mesmos parámetros que a obrigatoria e que poderá supoñer un incremento da nota global da avaliación de **0,5** por libro, como máximo, non podendo en ningún caso superar os **2p** e sempre e cando a nota global das demais probas non sexa inferior a 4 e teñan demostrado a lectura completa do libro de lectura obrigatoria correspondente.

O **20%** restante dependerá do traballo diario na aula, recollido no caderno do profesor, chamadas orais, tarefas realizadas ou non, progresión, observación e rexistro da actitude do alumnado na aula: atención, cumprimento das normas, respecto ao profesorado e aos compañeiros, participación, valoración e uso da lingua galega, respecto pola mesma, etc. Unha actitude negativa cara á lingua, non empregándoa de maneira sistemática, ou as faltas de respecto reiteradas na aula poderán supoñer unha diminución considerable da puntuación deste apartado.

Non é doado levar a cabo **probos orais** de maneira sistemática en cada avaliación, dado o tempo necesario tendo en conta o elevado número de alumnos por aula neste centro educativo. Contamos, por suposto, coa observación directa a través da intervención e participación do alumnado na aula; isto xunto coas posibles probas realizadas medirá a competencia oral en lingua galega. De incluírense algunhas específicas nalgunha avaliación o apartado anterior puntuaría o **10%** da cualificación final e estas supoñerían o **10%** restante.

Outras actividades de carácter voluntario. A realización de traballos de carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final, sempre que a

avaliación estea aprobada; o límite máximo será un punto, dependendo da calidade, implicación, etc. O profesorado indicará as pautas a seguir en cada caso concreto.

Estas actividades estarán organizadas polo propio Departamento de Lingua Galega e Literatura, ou en colaboración con outros coma o de Normalización.

En todas as probas, exames e traballos terase en conta a **presentación, ortografía, puntuación, gramática e léxico (dominio, desviacións da norma...)**; polo tanto penalizarase o alumnado no caso de cometer faltas nalgún deses apartados atendendo aos seguintes criterios:

Faltas leves (acentuación, desviacións da norma e ortografía coas que estean pouco familiarizados) **-0,05**.

Faltas graves (tiles diacríticos, ortografía e desviacións da norma de uso frecuente , gramática que afecte a temas pouco desenvolvidos...): **-0,10**

Faltas moi graves (ortografía e desviacións da norma de uso moi frecuente, gramática (tempos compostos, uso incorrecto dos pronomes persoais, conxugación verbal...): **-0,2**

En consonancia co regulamento das Probas de Acceso á Universidade.

En calquera caso devandita penalización nunca poderá exceder dos dous puntos.

Se un alumno/a non se presenta a un exame, oral ou escrito, sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, e esta actitude é manifestamente reiterativa, o profesor/a valorará a pertinencia de realizarlle unha proba individual nunha data que será fixada por el ou ela.

Se durante a realización dunha proba de avaliación un alumno/a é sorprendido/a copiando retiraráselle devandita proba e realizaráselle, a ser posible xa de forma inmediata, unha nova.

Criterios de recuperación: No mes de xuño realizarase un exame de recuperación para cada unha das avaliacións suspensas.

Proba extraordinaria de setembro: O alumnado que non acade unha cualificación positiva (5 ou máis de 5) en xuño terá que presentarse á proba de setembro para poder acadar a promoción da materia, para tal fin o Departamento elaborará unha proba baseada só no libro de texto oficial. Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

3.3.9. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os estudantes manifestan unha gran diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan un reforzo continuo e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

O deseño do libro de Lingua Galega e Literatura considera esa diversidade expoñendo a información de diferentes formas (textos explicativos, cadros-resumo, esquemas), utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha gran tipoloxía de actividades.

Ademais, propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles, a si mesmos.
- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, visionado de películas, etc.
- Usar o resumo da unidade como unha forma de autoavaliación

3.4. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO

3.4.1. OBXECTIVOS CONCRETOS DE SEGUNDO DE BACHARELATO

1. Comprender o contido global e particular, así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural; nomeadamente, dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.

2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.

3. Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.

4. Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura, así como recoñecer o seu tema e a organización da información.

5. Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

6. Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa axente social no seu ámbito, contribuíndo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua (de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional).

7. Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.

8. Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.

9. Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades, superar estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos, en especial os referidos ás mulleres, para evitalos.

10. Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.

11. Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como una condición para que a comunicación funcione de maneira óptima.

12. Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.

13. Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativas utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.

14. Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das diferentes épocas da literatura galega en tanto que expresión de determinadas circunstancias sociohistóricas.

15. Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

3.4.2. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar				
B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.	B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.	<p>LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.</p> <p>LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.</p> <p>LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.</p>	CCL CAA	Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.2. Comprensión interpretaci3n e valoraci3n de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do 3mbito educativo.	B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de car3cter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentaci3ns e videoconferencia).	LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentaci3n (charla ou conferencia sobre temas especializados do 3mbito educativo). LGB1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de organizaci3n do contido nunha exposici3n oral sobre un tema especializado propio do 3mbito educativo ou de divulgaci3n cient3fica e cultural. LGB1.2.3. escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intenci3n de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposici3n oral	CCL CAA	Comprender, interpretar e valorar textos orais de car3cter expositivo e argumentativo.
B1.3. Comprens3n interpretaci3n e valoraci3n de textos orais procedentes dos medios de comunicaci3n social (x3neros informativos e de opini3n, e da	B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornal3sticos e publicitarios.	LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intenci3n comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais. LGB1.3.2. Identifica as caracter3sticas propias dos principais x3neros	CCL CAA CSC	Comprender, interpretar e valorar textos orais xornal3sticos e publicitarios.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
publicidade).		<p>informativos e de opinión dos medios de comunicación social.</p> <p>LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias.</p> <p>LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios.</p>		
B1.4. Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	<p>LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.</p> <p>LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.</p> <p>LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal</p>	CCL CSC CAA CSIEE	Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía nas intervencións orais.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
		adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.		

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
<p>B1.5. Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.</p>	<p>B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.</p>	<p>LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.</p> <p>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga.</p> <p>LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como</p>	<p>CAA CCL CSC CSIEE CD</p>	<p>Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.</p>

		<p>o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.5.5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa.</p> <p>LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p> <p>LGB1.5.7. Tenta buscar a complicidade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio. LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p>		
--	--	--	--	--

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL	Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.7. Exposición oral de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural.	B1.7. Expor oralmente, con rigor e claridade, un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética. LGB1.7.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	CCL	Expoñer oralmente un tema do currículo con rigor e claridade.
B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	CCL CAA CSC	Participar activamente en debates na aula sobre un tema de actualidade.
B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.	B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.	LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	CCL CSC CSIEE	Participar en interaccións sobre temas diversos que esixan a utilización de distintos rexistros.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.	LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	CAA CCL	Recoñecer en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas e deseñar estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.
B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CCL CAA CSC	Recoñecer a emisión dunha prosodia galega correcta. Producir discursos orais que respecten as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. Rexeitar os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
B2.1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos.	B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións.	CCL CCA CD CAA	Sintetizar as ideas fundamentais de textos expositivos e argumentativos. Interpretar o sentido global e identificar a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos. Diferenciar as ideas principais e as secundarias deste tipo de textos.
B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados,	B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con	LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. LGB2.2.2. Produce textos propios de	CCL CSC	Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados.	coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.		
B2.3. Producción de traballos educativos individuais e en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural.	B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.	LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal. LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín. LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos.	CCL CSC	Desenvolver un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.4. Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.	CCL	Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos.
		LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta.		
B2.5. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas e dixitais e posterior organización e revisión das producións cos recursos que ofrecen as TIC.	B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final.	LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo. LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos.	CCL CD CAA	Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B2.6. Descrición das propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión.	B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.	LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos. LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.	CCL CAA	Descibir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
B3.1. Pronuncia correcta dos fonemas propios do galego e das transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada.	B3.1. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega. LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	CCL CAA CCEC	Definir e identificar os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega.
B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia.	B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a	LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural.	CCL CCEC	Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Coloñ de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
	diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.			
B3.3. Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación.	B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.	LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.	CCL CAA	Explicar os procedementos de formación de palabras.
				Recoñecer e explicar os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. Recoñecer, analizar e explicar a estrutura morfolóxica.
B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas.	B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.	LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.	CAA	Recoñecer as diferentes estruturas sintácticas, explicar as relacións que se establecen e empregar a terminoloxía axeitada.
B3.5. Reflexión e explicación das relacións e unidades semánticas.	B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.	LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas.	CCL CAA	Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.
B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia,	B3.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais	LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e	CCL CAA	Realizar recensión de libros ou películas, ou ambas as dúas en varias linguas.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CD	
B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA	Utilizar os coñecementos lingüísticos desenvolvidos no curso na lingua galega para traballar un texto en portugués, francés ou castelán.
Bloque 4. Lingua e sociedade				

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Coloñ de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
<p>B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.</p> <p>B4.2. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.</p>	<p>B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.</p>	<p>LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos.</p> <p>LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>	<p>Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determinar a súa repercusión nos usos.</p>
<p>B4.3. Construción da variante estándar da lingua galega.</p> <p>B4.4. Interferencias lingüísticas: castelanismos.</p>	<p>B4.3. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega.</p> <p>B4.4. Recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.</p>	<p>LGB4.3.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega.</p> <p>LGB4.4.1. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.</p>	<p>CCL</p> <p>CCEC</p>	<p>Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.</p>

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Colo	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B4.5. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.	B4.5. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos.	LGB4.5.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978). LGB4.5.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. LGB4.5.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. LGB4.5.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. LGB4.5.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios.	CCL CSC	Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos.
B4.6. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas.	B4.6. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha	LGB4.6.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). LGB4.6.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. LGB4.6.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no	CCL CSC	Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describindo o seu contexto e a situación legal.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
	lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.	desenvolvemento do galego. LGB4.6.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. LGB4.6.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade.		
B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	B4.7. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	LGB4.7.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	CCL	Elaborar un esquema que recolla as diferentes etapas da historia da lingua e as súas principais características
B4.8. A evolución da conciencia lingüística.	B4.8. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	LGB4.8.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	CCL CSC	Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.
Bloque 5. Educación literaria				

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Colo	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
<p>B5.1. Literatura galega de 1916 a 1936:</p> <p>Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.</p> <p>Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.</p> <p>Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.</p>	<p>B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936:</p> <p>Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.</p> <p>Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.</p> <p>Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.</p>	<p>LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.</p> <p>LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.</p> <p>LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.</p>	CCL	Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Colo	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975: Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.	B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975: Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace	LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os	CCL	Identificar, analizar e describir literatura galega entre 1936 e 1975.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
<p>Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.</p> <p>Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p>	<p>e a Xeración das Festas Minervais.</p> <p>Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.</p> <p>Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia</p>	<p>autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70.</p> <p>LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p>		
<p>B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que</p>	<p>B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que</p>	<p>LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p> <p>LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co</p>	<p>CCL</p>	<p>Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p>

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Colo	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
pertencen.	pertencen.	contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.		
<p>B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade:</p> <p>Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p>	<p>B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:</p> <p>Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Teatro: temas, xéneros</p>	<p>LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o</p>	CCL	Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
	e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	novo século.		
B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de	B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un	LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	CCL	Análise dun texto, como mínimo, de cada un dos períodos literarios estudados.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CURSO 18/19

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
cada un dos períodos literarios referidos.	dos períodos literarios referidos.			

3.4.3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

O proxecto de Lingua e Literatura de 2.º de Bacharelato pretende que os alumnos e as alumnas adquiran as habilidades necesarias para facer efectiva a comunicación no nivel persoal, académico, social e profesional. Para iso, ademais da comunicación lingüística, propia da materia e a conciencia e expresións culturais, relacionada especialmente coa literatura, en todas as unidades se desenvolven outras competencias inherentes á propia aprendizaxe como son aprender a aprender e sentida de iniciativa e espírito emprendedor, e a competencia dixital, relacionada coa busca de información.

A competencia fundamental que desenvolve é, polo tanto, a **comunicación lingüística**. A través dos contidos, lecturas e actividades propostas ao longo do libro búscase que o alumnado sexa competente; a) na comprensión oral e a comprensión escrita mediante a escoita e a lectura de textos de diversa índole e a escoita atenta das explicacións nas situacións comunicativas da aula e b) na expresión oral e a expresión escrita mediante a elaboración de textos propios orais ou escritos cun vocabulario e unhas estruturas lingüísticas precisos e de forma coherente e adecuada a cada situación comunicativa.

As **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** están presentes naquelas unidades nas que se traballan textos relacionados co medio e a ciencia.

A **competencia dixital** implica a utilización de medios dixitais que o alumnado de Lingua e Literatura precisará para solicitar información de dicionarios e enciclopedias e obter datos concretos sobre autores e obras, así como para ampliar os contidos ou traballar os medios de comunicación.

O carácter abstracto dunha gran parte dos contidos que se traballan en Lingua implican unha necesaria xestión dos estilos de aprendizaxe e os recursos e motivacións persoais, e un desenvolvemento das estratexias de comprensión por parte do alumnado. Así mesmo, os estudantes enfróntanse ao seguimento dunha aprendizaxe pautada e á reflexión creativa, crítica e emocional, especialmente nas análises e comentarios dos textos. Por último, a posibilidade de autoavaliar os obxectivos de aprendizaxe e de tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe están sempre presentes nas actividades de repaso e nos resumos das unidades. Todo iso fai que a competencia **aprender a aprender** se traballe en practicamente todos os apartados de cada unidade.

O alumnado adquire **competencias sociais e cívicas** a través do recoñecemento e o respecto da diversidade de ideas e opinións nos traballos de tipo colaborador de diálogo e debate e das vertidas, especialmente, nos ensaios e nos artigos de opinión. Por outra parte, os alumnos e as alumnas deberán establecer unha escala de valores desde a que emitir xuízos críticos e fundamentados sobre os textos. Traballarán tamén esta competencia ao valorar a riqueza cultural da realidade plurilingüe da Península Ibérica e ao establecer a relación da realidade histórica e a literatura.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** faise patente en todas as actividades do libro que requiren achega de ideas, análise sistemática, aplicación do aprendido para xerar novas

posibilidades, creación de textos, elección de recursos, etc. Así, o alumnado adquire esta competencia en especial participando nas actividades motivadoras do inicio da unidade, resolvendo cuestións lingüísticas, construíndo oracións, realizando as análises de texto pautadas, creando textos propios ou achegándose aos recursos diversos que se ofrecen na web.

A materia contribúe especialmente ao fomento da apreciación cultural e a educación do gusto que desenvolve a competencia **conciencia e expresións culturais**. Por un lado, o libro ofrece unha gran cantidade de textos de tipoloxía variada e de autores recoñecidos para traballar os contidos do curso, cuxa temática, ademais, se relaciona con temas que van desde o patrimonio natural ou científico ata a interculturalidade. Por outro, a Literatura invita ao alumnado a entrar en contacto directo con obras e autores de diversos xéneros e de valor universal sobre os que se dan as pautas e os contextos para a súa mellor comprensión, o que supón un estímulo para que os estudantes se acheguen con sensibilidade e agrado ao patrimonio literario.

3.4.4. LIBRO DE TEXTO

VARIOS AUTORES: *Lingua galega e literatura. Bacharelato 2*, Ed. Anaya.

3.4.5. TEMPORALIZACIÓN

Na 1ª avaliación explicarase o apartado do libro “Lingua” e o 1º tema de “Sociolingüística”.

Na 2ª avaliación, o resto de “Sociolingüística” e os tres primeiros temas de “Literatura”..

Na 3ª avaliación, o resto de “Literatura”.

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

Debido á distinta extensión e complexidade dos temas, non se pode establecer de antemán unha equiparación do número de sesións que se empregarán para o seu desenvolvemento, dependerá, polo tanto, destes factores sinalados, así como dos resultados de aprendizaxe que se vaian obtendo. En calquera caso non serán inferiores a dúas nin superiores a seis.

3.4.6. PLAN LECTOR

Atendendo por un lado ao obxectivo de lograr criterios persoais na selección de lecturas, e por outro ao peso que neste curso acada o horizonte da proba final da Reválida, non imporemos libros obrigatorios, mais o alumnado poderá ler voluntariamente algúns dos que figuran nesta lista para mellorar a súa cualificación en cada avaliación:

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase cun máximo de 0,5 puntos na avaliación correspondente, sen poder superar en ningún caso os 2 en total e sempre e cando o alumno teña polo menos unha cualificación de **catro** (4).

A súa lectura deberá ser probada ante o profesorado como mínimo unha semana antes da data da avaliación. Na última avaliación a data tope será o 30 de abril.

Relación de lecturas voluntarias: (cinco por trimestre)

Sempre en Galiza (antoloxía), Castelao

55 mentiras sobre a lingua galega, Xosé-Henrique Costas (coord.)

As humanas proporcións, Xesús Constenla

Merlín e familia, Álvaro Cunqueiro

Xente ao lonxe, E. Blanco Amor

O crepúsculo e as formigas, X.L. Méndez Ferrín

O lapis do carpinteiro, Manuel Rivas

Ruído, relatos de guerra, M.A. Murado

Po de estrelas, Xurxo Mariño

Reminiscencias de Bob Dylan, Xosé Antonio Moreno

Os elefantes de Sokurov, Antón Riveiro Coello

Comedia bífida, Manuel Núñez Singala

A morte das linguas, David Crystal

Peaxes, Santiago Lopo

Todo OK, Ameixeiras D. .

3.4.7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

No desenvolvemento das distintas unidades didácticas obteranse resultados de aprendizaxe vinculados aos estándares e ás competencias clave, que inclúe o currículo da materia, para avaliar eses resultados farase necesario planificar a realización e recollida de probas que mostren o seu nivel de consecución, así como a súa evolución ao longo do curso.

BLOQUE 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

- Indicación das ideas principais e secundarias de textos orais.
- Interpretación, realizando un xuízo crítico de determinados textos orais (textos de opinión radiofónicos p. ex., audiovisuais de blogs, vídeos, etc.)
- Identificación das ideas principais dunha conferencia.
- Produción de textos orais espontáneos coherentes e ben cohesionados.
- Produción dun texto oral planificado sobre linguas minorizadas de Europa cunha duración de tres minutos aproximadamente.
- Produción dun texto oral planificado sobre distintos organismos que traballan a prol da normalización da lingua galega (Queremos galego, Pro lingua, MNL, AS-PG, etc.)
- Produción dun texto oral planificado sobre a elaboración do Estatuto de Autonomía do 36 e o seu contido no relativo á lingua.
- Produción dun texto oral planificado sobre o nacemento e labor realizado pola editorial Galaxia durante a ditadura.

- Corrección de textos orais procurados na Rede, recoñecendo as incoherencias, repeticións, mal uso do rexistro, pobreza léxica, etc.

BLOQUE 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

- Realización dun resumo dun texto expositivo.
- Diferenciación das ideas principais e secundarias dun texto argumentativo.
- Planificación e produción de textos argumentativos.
- Planificación e produción de textos expositivos.
- Valoración crítica dun libro de lectura.
- Identificación nun texto dado das propiedades do texto e análise dos procedementos usados.
- Indicación nun texto dado dos recursos de cohesión gramatical e léxico-semánticos.
- Identificación do rexistro en que están escritos distintos textos e descrición das características de cada un a través das súas manifestacións lingüísticas.

BLOQUE 3. Funcionamento da lingua.

- Indicación do grao semiaberto ou semipechado das vogais de grao medio de varias palabras dadas.
- Definición dos trazos distintivos dunha listaxe de fonemas vocálicos e consonánticos.
- Transcrición de fonemas dos que se facilita a súa definición.
- Indicación dos trazos distintivos que opoñen varias parellas de fonemas.
- Distinción entre o n velar e o n alveolar en palabras dadas.
- Indicación das características xerais de cada bloque dialectal do galego.
- Identificación do bloque e a área lingüística á que pertencen varios textos dialectais, sinalando os rasgos que os definen.
- Escoita de etnotextos no AGO.
- Visita á páx.<http://www.culturagalega.org/pruebas/anosafala/>
- Formación de cinco verbos derivados de substantivos ou de adxectivos.
- Indicación do procedemento de formación de palabras que se utilizou en exemplos dados.
- Escribir palabras derivadas a partir de simples.
- Indicación do prefixo dunha listaxe de palabras e explicación do seu significado.
- Construción de palabras a partir de prefixos dados.
- Indicación dos sufixos dunha listaxe de palabras e explicación do seu valor.
- Explicación do significado do sufixo alterativo de palabras dadas.
- Construción de palabras que conteñan determinados sufixos.
- Explicación dos procedementos utilizados para a formación de determinadas palabras compostas.
- Formación das familias léxicas de palabras dadas e indicación de se son regulares ou irregulares.
- Utilización das formas de meu, de teu, de seu en oracións de elaboración propia.
- Utilización das formas do posesivo distributivo en oracións de elaboración propia.
- Introducción ou non do pronome SE en oracións dadas.

- Identificación dos valores de SE en oracións dadas.
- Modificacións da colocación do pronome átono dunha oración segundo os elementos que a introduzan.
- Localizar os pronomes átonos nun texto e xustificar a súa colocación.
- Análise morfolóxica de distintas formas verbais regulares e irregulares.
- Conxugación de distintos tempos do paradigma verbal de verbos regulares, semirregulares e irregulares.
- Utilización de infinitivos conxugados en oracións dadas, cando sexa posible.
- Análise da estrutura sintáctica de frases.
- Análise da estrutura sintáctica de oracións.
- Indicación de cal é o campo semántico ao que pertencen grupos de palabras dadas.
- Indicación do sema diferencial de determinadas parellas de palabras.
- Indicación do sema común de determinadas parellas de palabras.
- Enumeración de dez palabras que pertencen a cada un dos campos semánticos dadas.
- Construción de series de hipónimos.
- Indicación de hiperónimos, cohipónimos e hipónimos de palabras dadas.
- Emparellado de grupos de sinónimos.
- Indicación dos sinónimos dun grupo de palabras.
- Construción de oracións cos distintos significados de palabras polisémicas.
- Explicación do significado de cada membro da parella de palabras homónimas.
- Explicación do significado de cada membro da parella de palabras parónimas.
- Distinción, nunha listaxe de palabras, dos casos de polisemia e homonimia.
- Indicación dos termos complementarios de palabras dadas.
- Indicación dos termos inversos de palabras dadas.
- Indicación dos termos contrarios de palabras dadas.
- Clasificación de parellas de palabras como complementarias, antónimas ou recíprocas.
- Indicación do tipo de relación semántica que se establece en parellas de palabras dadas.
- Relación de tabús cos eufemismos correspondentes.
- Distinción nunha listaxe de oracións de casos de metáfora, metonimia e elipse.

BLOQUE 4. Lingua e sociedade.

- Búsqueda na Rede de información sobre os datos de uso do galego como lingua inicial e o grao de competencia lingüística.
- Lectura na Rede do artigo 3 da Constitución Española, o 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia e o Título I, II, III, IV, V e VI da Lei de Normalización lingüística do galego.
- Elaboración dun resumo sobre o esencial do apartado: A fixación da variedade estándar.
- Identificación e clasificación en oracións ou textos do tipo de castellanismos que aparecen.
- Identificación e clasificación en oracións ou textos do tipo de desviacións da norma que aparecen.
- Realización dun resumo sobre a situación da lingua galega no primeiro terzo do século XX.

- Realización dunha breve exposición oral sobre a situación da lingua galega durante a ditadura do xeneral Franco.
- Produción dun texto que teña como tema: O idioma como elemento fundamental da identidade nacional.
- Lectura dun fragmento dun texto de M. Murguía que foi un discurso que pronunciou nos Xogos Florais de Tui en 1897, no que fala do idioma galego. Elaboración dun esquema no que se recollan as ideas principais que sostén o autor sobre o idioma galego.
- Acceso á web da **Asociación dos medios en galego** e navegación polas diferentes propostas da prensa dixital en galego.
- Lectura do texto de Freixeiro Mato: A emerxencia da conciencia lingüística en Murguía e Castelao.
- Resposta á pregunta (que ten que ver co que se desprende da lectura do texto): Consideras que a defensa da lingua galega debe ser primordialmente responsabilidade do movemento nacionalista e galeguista? Razoamento da resposta.
- Produción dun texto no que se reflexione sobre o papel que a lingua galega debe ter no presente e no porvir.

BLOQUE 5. Educación literaria.

- Lectura e análise de varios textos de Noriega Varela (*Toda humilde beleza, As floriñas dos toxos, Nuns farrapos*) diferenciando a poesía costumista do lirismo da natureza e sinalando os recursos estilísticos, nomeadamente as metáforas e personificacións. Comparación do soneto de Noriega cun soneto de Teixeira de Pascoaes.
- Lectura e análise de varios textos de Cabanillas da súa poesía lírica e da súa poesía narrativa (*Himno de Acción Gallega, En pé, fragmento de Na noite estrelecida, Na taberna, Camiño longo*). Con cuestións como a indicación dos elementos modernistas, a simboloxía, a métrica, a temática, etc.
- Lectura do poema *Ao reverso da noite* de M. Antonio e indicación das imaxes sobre as que se sustenta.
- Comentario interpretativo sobre os poemas *Sos* e *Navy bar* de M. Antonio.
- Análise formal e estilística do texto: *Liridade noctámbula* de M. Antonio.
- Indicación dos elementos trovadorescos e modernos do texto: *Gándara* de Fermín Bouza Brey
- Indicación das características da poética de Amado Carballo no poema: *Solpor*
- Comparación e comentario das diferentes visións poéticas que se dan da lúa nos textos: *Inverno na miña vila* de Luís Pimentel e *Raid* de E. Blanco Amor.
- Lectura dun fragmento de *Nós, os inadaptados* de Vicente Risco e de *Dos nosos tempos* de Cuevillas e resumo das características esenciais da ideoloxía dos homes do *Cenáculo Ourenán* antes de converterse en galeguistas.
- Lectura e análise dun fragmento de *O porco de pé* de Vicente Risco: Punto de vista, características do personaxe de D. Celidonio, ton empregado e finalidade do autor, tipo de humor que aparece no texto.
- Lectura e análise dun fragmento de *Arredor de si* de Otero Pedrayo: interpretación do percorrido ideolóxico realizado polo protagonista, Adrian Solovio.

- Lectura e análise de *A Marquesiña* de Castelao.
- Lectura dun fragmento de *Sempre en Galiza* e resumo das ideas expostas nel.
- Produción dun texto de 30 liñas, aproximadamente, sobre o teatro na Época Nós.
- Elaboración dun esquema que conteña a información relativa aos grupos e tendencias poéticas máis salientables da literatura galega de posguerra.
- Indicación, nun texto redactado, das características máis importantes dos tres grupos xeracionais de poesía galega que coinciden no período de posguerra, sinalando as semellanzas e diferenzas.
- Lectura e análise do texto de Aquilino Iglesia Alvariño: *Anverso*.
- Comentario dos elementos neotrobadorescos de varios textos de Álvaro Cunqueiro.
- Análise dos elementos temáticos e formais máis salientables do poema de Cunqueiro: *“Ese alguén de meu que nunca volve”* de *Herba aquí e acolá*.
- Análise formal e de contido do poema: *O medo* de Celso Emilio Ferreiro
- Indicación das figuras literarias relacionadas co nivel fónico do texto: *Saudade* de Celso Emilio.
- Indicación do tema do texto de Luz Pozo Garza: *Far Blues*.
- Indicación da tendencia poética á que pertence o texto: *Eu* de Antón Tovar
- Comparación da visión de Galicia, indicando as diferenzas e as semellanzas, que se ofrece nos textos: *“Galicia, longa Praia”* e *“Terra de proseguir e non dar nada”* de *Voce na néboa* e *Poesía enteira* de *Heriberto Bens*, respectivamente, de Méndez Ferrín.
- Lectura en voz alta do texto: *“Atópome coa testa contra o muro”* de *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín. Reflexión sobre o que quere transmitir.
- O texto *“Acougo”* desenvolve o tópico literario do *“Beatus ille”* horaciano. Búsqueda de información sobre o poeta latino e o significado do tópico. Comparación do poema orixinal de Horacio co de Ferrín.
- Realización dunha paráfrase en prosa do texto anterior.
- Análise de forma e contido do poema *“Bando”* de Uxío Novoneyra.
- Indicación do tipo de narrador e análise da lingua dun fragmento de *Terra brava* de Ánxel Fole.
- Lectura do conto de Ánxel Fole: *“Os lobos”* e explicación de cómo consegue transmitir a atmosfera de medo e tensión.
- Procura dos elementos de fantasía e humor, característicos da narrativa de Cunqueiro, nun texto de *Os outros feirantes*.
- Indicación das características que crean sensación de oralidade en dous textos, un de Fole e outro de Cunqueiro.
- Lectura dun fragmento de *A esmorga* e indicación do emisor e do receptor da mensaxe e explicación da incidencia simbólica da climatoloxía ao longo desta obra e que se reflicte no texto.
- Lectura dun fragmento de *Memorias dun neno labrego* e explicación da visión que nos ofrece o personaxe do mundo rural galego.
- Produción dun texto sobre a literatura galega do exilio: características, autores e obras.
- Procura no texto *“Un chinche durme no teito”* de *O crepúsculo e as formigas* de Méndez Ferrín das características da Nova Narrativa Galega.

- Elaboración dun texto breve no que se explique de forma clara que se entende por: intimismo, culturalismo, esteticismo e experimentalismo.
- Análise da métrica e o ritmo do soneto: “*A nosa luz*” de Xabier Rodríguez Baixeras.
- Comentario de texto completo de poemas de Manuel Rivas (*Celta apocalipse*) e Ramiro Fonte (*Promesa*).
- Indicación do tema do poema “*A tarde cun can e un libro*” de Pilar Pallarés.
- Redacción dun texto breve sobre as tendencias actuais da lírica galega.
- Lectura e análise de varios textos de poetas actuais: Yolanda Castaño, Marta Dacosta, Miro Villar, Alfonso Pexegueiro, etc.
- Análise do sistema de recorrencias e da lingua do texto “*Monólogo*” de *Vento ferido* de Carlos Casares.
- Indicación do tema dun fragmento de *Breixo* de A. Conde.
- Análise da lingua e o estilo do texto de *Polaroid* de Suso de Toro: “*Nada pola mañá*”.
- Indicación do tipo de narrador e características dos personaxes que aparecen nun fragmento de “*A lingua das bolboretas*” de M. Rivas.
- Características do personaxe e da lingua empregada no texto *Lumefrío* de Ramón Caride.
- Redacción dun texto de trinta liñas aproximadamente sobre o teatro galego no século XX.
- Elaboración dun resumo sobre o ensaio en galego desde principios do XX.

3.4.8. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para a cualificación do alumnado en cada trimestre teranse en conta todos os criterios de avaliación, que se medirán a través das evidencias da aprendizaxe dos estándares e do desenvolvemento das competencias que se demostren nas distintas actividades e probas que se realicen. A seguir concretamos diferentes instrumentos de avaliación que utilizaremos ao longo do curso:

- **Para avaliar as actitudes e uso da lingua galega na aula:**
 - A participación activa en traballos colaborativos, nos intercambios comunicativos, etc.
 - O uso da lingua galega como instrumento de comunicación para interactuar cos seus compañeiros e co profesor, expresión fluída, respecto polos padróns fonéticos do galego, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión escrita:**
 - Tarefas e actividades escritas presentadas en soporte papel ou dixital.
 - Cadernos e/ou apuntamentos.
 - Probas como: ditados, resumos, producións de textos de distintas tipoloxías, comentarios de texto, desenvolvemento de temas, etc.
 - Exames con preguntas tipo tema, pregunta curta, preguntas de resposta múltiple e de resposta aberta, comentarios, produción de textos, etc.
- **Para avaliar a comprensión e expresión oral:**

- Realización de lecturas expresivas na aula (diálogos, relatos, poemas...)
- Traballos de exposición oral na aula.
- Intervencións en debates, conversacións con compañeiros e profesor.

- **Para avaliar a comprensión lectora:**

- Lectura de obras literarias e de textos académicos e dos medios de comunicación.
- Resumos escritos e orais dos textos lidos.
- Traballos escritos sobre aspectos determinados dunha obra presentados en soporte papel ou dixital.
- Probas escritas que comprobán a lectura dos libros voluntarios.

- **Para avaliar a lectura dos libros voluntarios:**

- Proba escrita que inclúe preguntas sobre o argumento, personaxes, narrador, espazo, tempo, etc.

En cada avaliación realizaranse polo menos **dúas probas escritas**, que suporán o **80% da cualificación**.

Nestas probas partírase dun modelo máis ou menos estandarizado con exercicios e/ou preguntas de fonética e fonoloxía, dialectoloxía, gramática, sociolingüística, historia da lingua e literatura, **correspondentes ás unidades traballadas en cada avaliación**. Nelas haberá exercicios prácticos, con preguntas de completar, relacionar, reflexionar, explicar, etc. correspondentes aos apartados de gramática, fonética e fonoloxía e dialectoloxía, aínda que este último apartado tamén poderá ser avaliado a través de preguntas tipo tema que completen as anteriores, ademais os apartados de sociolingüística, historia da lingua e literatura avaliaranse fundamentalmente por medio de preguntas nas que se pida o desenvolvemento dun tema ou aspecto dun tema e así mesmo a través da análise de textos. **As probas puntuaranse sobre 10, ou sobre 8 (ao criterio do profesor) indicando en cada pregunta cal será a súa puntuación. Cando se inclúa na proba unha análise de texto será avaliada cunha puntuación que equivalla, como mínimo, ao dobre das demais.**

Unha proba dos libros de lecturas voluntarias onde terán que demostrar a capacidade de comprensión global, de síntese, de interpretación e de reflexión sobre o contido das mesmas. Ademais terase en conta a corrección morfolóxica, léxica e ortográfica aplicando os mesmos descontos que se sinalan para o resto das probas escritas. Estas lecturas poderán supoñer un incremento da nota global da avaliación de **0,5** por libro, como máximo, non podendo en ningún caso superar os **2p** e sempre e cando a nota global das demais probas non sexa inferior a 4.

O **20%** restante dependerá do traballo diario na aula, recollido no caderno do profesor, chamadas orais, tarefas realizadas ou non, progresión, observación e rexistro da actitude do alumnado na aula: atención, cumprimento das normas, respecto ao profesorado e aos compañeiros, participación, valoración e uso da lingua galega, respecto pola mesma, etc. Unha actitude negativa cara á lingua, non empregándoa de maneira sistemática, ou as faltas de respecto reiteradas na aula poderán supoñer unha diminución considerable da puntuación deste apartado.

Non é doado levar a cabo **probos orais** de maneira sistemática en cada avaliación, dado o tempo necesario tendo en conta o elevado número de alumnos por aula. Contamos, por suposto, coa observación directa a través da intervención e participación do alumnado na aula; isto xunto coas posibles probas realizadas medirá a competencia oral en lingua galega. De incluírense algunhas específicas nalgunha avaliación ou en todas, o apartado anterior puntuará o **10%** da cualificación final e estas supoñerían o **10%** restante.

Outras actividades de carácter voluntario. A realización de traballos de carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final, sempre que a avaliación estea aprobada; o límite máximo será un punto, dependendo da calidade, implicación, etc. O profesorado indicará as pautas a seguir en cada caso concreto.

Estas actividades estarán organizadas polo propio Departamento de Lingua Galega e Literatura, ou en colaboración con outros coma o de Normalización.

En todas as probas, exames e traballos terase en conta a **presentación, ortografía, puntuación, gramática e léxico (dominio, desviacións da norma...)**; polo tanto penalizarase o alumnado no caso de cometer faltas nalgún deses apartados. Será discreción do profesor/a valorar o grao de penalización das devanditas faltas, en calquera caso nunca excederá os dous puntos. Descontarase seguindo as seguintes pautas consonte as marcadas nas ABAU:

Faltas leves (acentuación non diacrítica): **-0,05**.

Faltas graves (tiles diacríticos, ortografía e desviacións da norma de uso frecuente, gramática que afecte a temas pouco desenvolvidos...): **-0,10**

Faltas moi graves (ortografía e desviacións da norma de uso moi frecuente , gramática (tempos compostos, uso incorrecto dos pronomes persoais, conxugación verbal...): **-0,2**.

En calquera caso devandita penalización nunca poderá exceder os 3 puntos.

Se un alumno/a non se presenta a un exame, oral ou escrito, sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, e esta actitude é manifestamente reiterativa, o

profesor/a valorará a pertinencia de realizarlle unha proba individual nunha data que será fixada por el ou ela.

Se durante a realización dunha proba de avaliación un alumno/a é sorprendido/a copiando retiraráselle devandita proba e realizaráselle, a ser posible xa de forma inmediata, unha nova.

Criterios de recuperación: No mes de maio realizarase un exame de recuperación para cada unha das avaliacións suspensas.

Proba extraordinaria de xuño: O alumnado que non acade unha cualificación positiva (5 ou máis de 5) en maio terá que presentarse á proba de xuño para poder acadar a promoción da materia. Este será o primeiro curso escolar no que se introduce este cambio que afecta só a 2º de bacharelato, que pasarán a examinarse da avaliación extraordinaria a finais de xuño, manténdose as clases ata a realización da proba. O Departamento elaborará unha proba baseada só no libro de texto oficial e/ou calquera outro material didáctico proporcionado ao alumnado. Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

3.4.9. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os estudantes manifestan unha gran diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (resonden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan un reforzo continuo e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Para prestar atención a toda esta diversidade o libro de texto preséntase como un instrumento útil xa que expón a información de diferentes formas (textos explicativos, cadros-resumo, esquemas), utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha gran tipoloxía de actividades.

Ademais, propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles, a si mesmos.
- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, visionado de películas, etc.
- Usar o resumo da unidade como unha forma de autoavaliación.

4. EDUCACIÓN PARA ADULTOS

4.1. INTRODUCCIÓN

A educación e promoción das persoas adultas no ámbito do sistema educativo non universitario comprende o conxunto de accións de carácter educativo, cultural, social e profesional orientadas a tódolos cidadáns que superaron a idade de escolaridade obrigatoria que lles posibilite acadar os niveis educativos e profesionais e a súa formación persoal, así como a súa integración e promoción satisfactoria no mundo social e laboral. (Decreto 88/1999, do 11 de marzo).

A modalidade presencial caracterízase pola asistencia continuada dos alumnos ós centros, en horarios compatibles co traballo, para realizar as actividades previstas nos correspondentes programas.

No noso centro impártese bacharelato presencial para persoas adultas en dous cursos académicos, de acordo coa ordenación establecida con carácter xeral para o réxime ordinario no Decreto 126/2008 do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación do currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, na Orde de 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 5 de maio de 2011, DOG do 1 de xuño, pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa.

Á hora de programar a educación para adultos hai que valorar unha serie de cuestións que lle confiren a este tipo de ensinanza unhas características especiais.

- A procedencia do alumnado: Os grupos dos dous cursos de bacharelato están constituídos por alumnos e alumnas de procedencia moi diversa. Algúns proveñen dos estudos diúrnos incorporándose aos nocturnos de forma inmediata, outros son alumnos ou alumnas que proceden do mundo laboral e que, na maior parte dos casos, hai anos que abandonaron os estudos.

- A idade: Os grupos de idade son así mesmo moi diversos. Hai que ter en conta que a lei indica que deben ser maiores de 18 anos (ou de 16 no caso de ter un contrato de traballo en vigor, ou mesmo se se trata de deportistas de elite), pero a partir desa idade, e dependendo das circunstancias sinaladas, ábrese bastante o abano de posibilidades.

Estes factores provocan que o nivel de coñecementos do que se parte en cada grupo sexa, con frecuencia, moi desigual, así como as actitudes, motivación, proceso de aprendizaxe, etc.

Por outro lado, malia ser un tipo de ensino presencial, a inasistencia a clase é moi habitual entre este tipo de alumnado o que dificulta gravemente o adecuado desenvolvemento dos currículos.

Valorarase, polo tanto, moi positivamente a asistencia a clase e o traballo diario na aula, todo o cal terá un reflexo na cualificación final de cada avaliación.

4.2. PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO

Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, mínimos esixibles, actividades de aprendizaxe e procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación e promoción serán os mesmos que nos estudos diúrnos, coa mínima adaptación precisa ao contar cada sesión con cinco minutos menos, que ademais cremos compensada pola maior madurez do alumnado adulto e polo feito de seren os grupos, con frecuencia, menos numerosos, o que permite un seguimento máis individualizado e unha maior axilidade nas clases.

Con respecto ao **plan lector**, tendo en conta tamén a súa maior madurez, o que nos leva a presupor un criterio lector máis elaborado, e que ademais provén de diferentes centros, co que terán lido obras dispares, non imporemos ningún libro concreto como obrigatorio, mais deberán ler un en cada avaliación a escoller libremente da seguinte lista:

- *55 mentiras sobre a lingua galega*, Xosé-Henrique Costas (coord.)
- *A banda sen futuro*, Marilar Aleixandre
- *Erros e Tánatos*, Gonzalo Navaza (relatos)
- *Polaroid*, Suso de Toro (relatos moi fragmentarios)
- *Un tipo listo*, Xosé Monteagudo
- *Eu de maior quero ser*, Rosa Aneiros
- *O club da calceta*, Maria Reimóndez
- *Pepa a loba*, Carlos G. Reigosa
- *¿Que me queres amor?*, Manuel Rivas (relatos)
- *As cousas claras*, Xosé Neira Cruz
- *A miña planta de laranxa lima*, Moure de Vasconcelos
- *Os nomes do traidor*, Xurxo Sierra Veloso
- *Made in Galiza*, Séchu Sende (relatos)
- *Ollos de auga*, Domingo Villar
- *Non hai noite tan longa*, Agustín Fernández Paz
- *Os dous de sempre*, Castelao
- *Case perfecto*, Marina Mayoral
- *Quen matou a Inmaculada Silva?*, Marina Mayoral
- *A ciencia no punto de Mira*, Jorge Mira (artigos de divulgación científica)
- *O descenso do derradeiro ocaso*, Ángel de la Cruz
- *A cabeza de Medusa*, Marilar Aleixandre
- *Noite de voraces sombras*, Agustín Fernández Paz

Ademais, cada obra da mesma lista lida voluntariamente cualificarase cun máximo de 0,5 puntos na avaliación correspondente, sen poder superar os 2 p. totais e sempre e cando a nota de avaliación non sexa inferior a un 4.

A súa lectura deberá ser probada ante o profesorado como mínimo unha semana antes da data da avaliación. Na última avaliación a data tope será o 30 de maio.

Atendendo ao obxectivo citado de lograr criterios persoais na selección de lecturas, o profesorado poderá ter en conta en cada avaliación outras lecturas voluntarias que efectúese o

alumno, sempre que fose baixo a dirección do profesor e demostrando logo a comprensión e lectura da/a obra/s.

Utilizarase o seguinte **libro de texto**:

VARIOS AUTORES: *Lingua galega e literatura. Bacharelato 1*, Ed. Anaya.

Na 1ª avaliación verase o apartado “Lingua e texto” (agás a parte de comentario de textos).

Na 2ª avaliación, “Sociolingüística” mais a parte de comentario de textos.

Na 3ª avaliación, “Literatura”.

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

O tratamento de cada unidade ocupará un total aproximado de seis sesións, aínda que dependendo da dificultade das mesmas e dos procesos de asimilación e aprendizaxe poderá verse levemente aumentado ou diminuído.

Á hora da **calificación** procurarase ser máis flexíbeis que nos estudos diúrnos dándolle un maior valor, como xa quedou sinalado, ao traballo da aula (ata un **50%**) sempre que beneficie o alumno.

4.3.SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO

Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, mínimos esixibles, actividades de aprendizaxe, procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación e promoción serán os mesmos que nos estudos diúrnos, coa mínima adaptación precisa ao contar cada sesión con cinco minutos menos, que ademais cremos compensada pola maior madurez do alumnado adulto e polo feito de seren os grupos, con frecuencia, menos numerosos, o que permite un seguimento máis individualizado e unha maior axilidade nas clases.

Con respecto ao **plan lector**, neste curso non imporemos lecturas obrigatorias, mais o alumnado poderá ler voluntariamente algúns dos que figuran nesta lista para mellorar a súa cualificación en cada avaliación:

Sempre en Galiza (antoloxía), Castelao

55 mentiras sobre a lingua galega, Xosé-Henrique Costas (coord.)

As humanas proporcións, Xesús Constenla

Merlín e familia, Álvaro Cunqueiro

Xente ao lonxe, E. Blanco Amor

O crepúsculo e as formigas, X.L. Méndez Ferrín

O lapis do carpinteiro, Manuel Rivas

Ruído, relatos de guerra, M.A. Murado

Po de estrelas, Xurxo Mariño

Reminiscencias de Bob Dylan, Xosé Antonio Moreno

Os elefantes de Sokurov, Antón Riveiro Coello

Comedia bífida, Manuel Núñez Singala

A morte das linguas, David Crystal

Peaxes, Santiago Lopo

Todo OK, Ameixeiras D. .

A súa lectura deberá ser probada ante o profesorado como mínimo unha semana antes da data da avaliación. Na última avaliación a data tope será o 30 de abril.

Atendendo ao obxectivo citado de lograr criterios persoais na selección de lecturas, o profesorado poderá ter en conta en cada avaliación outras lecturas voluntarias que efectúese o alumno, sempre que fose baixo a dirección do profesor e demostrando logo a comprensión e lectura da/a obra/s.

Utilizarase o seguinte **libro de texto**:

VARIOS AUTORES: *Lingua galega e literatura. Bacharelato 2*, Ed. Anaya.

Na 1ª avaliación explicarase o apartado do libro “Lingua” e o 1º tema de “Sociolingüística”.

Na 2ª avaliación, o resto de “Sociolingüística” e os tres primeiros temas de “Literatura”.

Na 3ª avaliación, o resto de “Literatura”.

Non obstante, o profesorado poderá alterar esta orde se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

Debido á distinta extensión e complexidade dos temas, non se pode establecer de antemán unha equiparación do número de sesións que se empregarán para o seu desenvolvemento, dependerá, polo tanto, destes factores sinalados, así como dos resultados de aprendizaxe que se vaian obtendo. En calquera caso non serán inferiores a dúas nin superiores a seis.

Á hora da **calificación** procurarase ser máis flexíbeis que nos estudos diúrnos dándolle un maior valor ao traballo da aula, como xa quedou sinalado, (ata un **50%**) sempre que beneficie ao alumno.

5. ALUMNADO COA MATERIA DO CURSO ANTERIOR PENDENTE

Aqueles profesores do Departamento que teñan nas súas aulas alumnos ou alumnas coa materia do curso anterior pendente realizarán un seguimento dos mesmos que consistirá na indicación da realización de distintas tarefas que teñan como obxectivo a avaliación do alumno ou alumna que, de presentar unha progresión satisfactoria, logrará dese xeito superar a materia pendente. No caso de non ser así terá que presentarse a dúas probas escritas:

- A primeira en xaneiro.
- A segunda en marzo. No día e hora sinalado pola Xefatura de Estudos.

Para acadar o aprobado terá que obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das probas (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4), de non ser así poderá presentarse a un exame final que se celebrará:

- Para alumnado da ESO en maio.
- Para alumnado de BACHARELATO en abril, pendente da concreción do día e hora por parte da Xefatura de Estudos.

Os contidos de cada proba serán os seguintes:

1ª PROBA:

1º ESO: Libro de texto, unidade 1 a 6

2º ESO: Libro de texto, unidade 1 a 6

3º ESO: Libro de texto, unidade 1 a 6

1º BACHARELATO: Libro de texto, unidade 1 a 9

2ª PROBA:

1º ESO: Libro de texto, unidade 7 a 12

2º ESO: Libro de texto, unidade 7 a 12

3º ESO: Libro de texto, unidade 7 a 12

1º BACHARELATO: Libro de texto, unidade 10 a 15

Os contidos, criterios de avaliación e mínimos esixidos son os correspondentes a cada curso.

Todos aqueles alumnos que non acaden a cualificación mínima de 5 (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4) nas correspondentes probas parciais deberán realizar a proba final (así mesmo marcada pola Xefatura de Estudos) que se celebrará no mes

de maio, no caso de ESO, e no mes de abril, no caso de BACHARELATO, e na que se examinarán de toda a materia do curso.

Así mesmo en setembro poderán recuperar a materia realizando o mesmo exame que o alumnado do curso correspondente.

Debido ás especiais características dos **estudos nocturnos**, nos que só se imparten 1º e 2º de bacharelato, unicamente podemos atoparnos con alumnado de 2º coa materia pendente de 1º. De ser así ese alumnado será avaliado polo profesor ou profesora que lles imparta a materia do curso actual, para o cal realizará un seguimento do alumno ou alumna que consistirá na indicación da realización de distintas tarefas ou, de ser necesario, probas escritas no día e hora sinalado pola Xefatura de Estudos:

- **A primeira** realizarase en febreiro cos seguintes contidos: unidades 1 a 9 do LIBRO DE TEXTO.
- **A segunda** en abril cos contidos das unidades 10 a 15 do LIBRO DE TEXTO.

Para acadar o aprobado terá que obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das probas (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4), de non ser así poderá presentarse a unha **proba final** que se realizará en maio e na que se examinará de todas as unidades (1 a 15)

De non superar esta proba final, en **SETEMBRO** poderá recuperar a materia realizando o mesmo exame que o alumnado do curso correspondente.

Os CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN e MÍNIMOS ESIXIDOS son os correspondentes a cada curso.

6.ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- Asistencia a distintas representacións teatrais, segundo a oferta recibida e a dispoñibilidade dos cursos, grupos, etc.
- Posible participación na XX edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. O curso implicado será 1º ESO pois consideramos que dadas as características desta actividade é o máis indicado para acadar unha maior implicación e rendemento.
- Participación no espazo radiofónico de ONDA CERO “Dálle á lingua”.
- Encontros con escritores. Aínda por determinar cales e cando.
- Celebración do día de Rosalía con recitais e dramatizacións dalgúns dos seus poemas.
- Realización dalgunha outra actividade ofertada polo Concello ou por algún outro organismo ao longo do curso escolar.
- Outras posibles actividades en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística e que neste momento aínda non podemos concretar.
- Celebración en colaboración coa Biblioteca do Centro e o Equipo de Dinamización Lingüística do Día das Letras Galegas.
- Visita ao Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campo Lameiro no terceiro trimestre con alumnado de 3º de ESO durante unha mañá completa. Actividade que realizamos en relación coa lectura obrigatoria do libro: *O centro do labirinto*, que len neste curso e en cuxo argumento ten un papel destacado este lugar.

7.CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Para tratar de mellorar o proceso educativo, corrixindo os posibles fallos que se cometan na previsión do desenvolvemento dos contidos, competencias clave e consecución dos estándares así como na súa execución, é necesario revisar a Programación a final de curso. Pero xa, tras a realización de cada unha das avaliacións, reunirse o Departamento para abordar o desenvolvemento e cumprimento do programado, así como as necesidades de axuste, corrección e mellora, tendo en conta os resultados obtidos.

En cumprimento do establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, DOG do 29 de xuño e outras disposicións relacionadas, ao remate do curso académico incluírase na reunión final de curso un punto relativo á avaliación, revisión, modificación -se é o caso- e establecemento de propostas de mellora que deberán ser recollidas na programación do curso seguinte; toda esta información é vertida na Memoria anual do curso.

Así pois, nesa reunión os membros do Departamento cubrirán o grao de consecución dos seguintes indicadores:

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala	1	2	3	4
1. Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.					
2. Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.					
3. Conseguir a participación activa de todo o alumnado.					
4. Contar co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.					
5. Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.					
6. Atender axeitadamente á diversidade do alumnado.					
7. Utilizar distintos instrumentos de avaliación.					
8. Valorar realmente a observación do traballo na aula.					
9. Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado					

Indicadores de logro da práctica docente

1. Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado.

2. Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise.
3. Elaborar actividades atendendo á diversidade.
4. Utilizar distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
5. Combinar o traballo individual co traballo en equipo.
6. Potenciar estratexias de animación á lectura.
7. Potenciar estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.
8. Incorporar as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.
9. Prestar atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
10. Corrixir as probas e traballos sen demorarse en exceso.
11. Posibilitar que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros.
12. Implicarse nas funcións de titoría e orientación.
13. Adecuar os apoios e reforzos aos estándares de aprendizaxe.
14. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación .

Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da necesidade de realizar modificacións nela

1. Respetar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas.
2. Respetar o grao mínimo de consecución fixado para os estándares.
3. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.
4. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.
5. Utilizar o libro de texto como material didáctico fundamental.
6. Respetar o plan de avaliación inicial fixado.
7. Respetar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.
8. Respetar os criterios establecidos para as recuperacións.
9. Respetar os criterios establecidos para a avaliación final.
10. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
11. Respetar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.
12. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias

13. Informar ao titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.
14. Adecuar os exames aos estándares establecidos.
15. Realizar as actividades complementarias previstas.
16. Informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
17. Informar ás familias sobre os criterios de promoción.
18. Contribuír desde a materia ao plan de lectura do centro.
19. Lograr que as lecturas propostas obteñan un bo grao de aceptación.
20. Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.
21. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación

CLAVES:

1 indica desenvolvemento mínimo ou inexistente.

2 desenvolvemento deficiente.

3 desenvolvemento aceptable.

4 desenvolvemento esperado e desexado.